



**XUNTA
DE GALICIA**

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Colexio de Educación Infantil e Primaria de Arzúa
Rúa Baltasar Pardal s/n 15810 Arzúa (A Coruña) Tfno - Fax 981 500 291
www.edu.xunta.es/centros/ceipdearzua ceip.arzua@edu.xunta.es

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

Curso 2020/2021



ÍNDICE

1.	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, MEDIDAS E RECURSOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2018/19.....	3-5
2.	CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO. MODIFICACIÓNS.....	5-7
3.	CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA.....	7-14
4.	PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS.....	14-16
5.	PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO.....	16-17
6.	HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.....	17
7.	XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO.....	18
8.	QUENDAS DE VIXILANCIA DOS RECREOS.....	18-19
9.	PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.....	19
10.	PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.....	20
	10.1. PLAN ANUAL DE CICLO/NIVEIS.....	20-22
	10.2. PLAN ANUAL DE ACTUACIÓN DA CCP.....	22-23
	10.3. PLAN ANUAL DO EDLG. Addenda ao Proxecto Lingüístico.....	23-38
	10.4. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES. Saídas programadas.....	38-46
	10.5. PLAN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.....	46-62
	➤ PLAN AL.....	63-70
	➤ PLAN PT.....	70-80
	➤ PLAN AL/PT.....	81-89
11.	PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA	89-90
	11.1 . Plan Proxecta:	91-99
	a) ALIMÉNTATE BEN.....	91-96
	b) PAISAXE E SUSTENTABILIDADE.....	96-100
	11.2 . PFPP (2 liñas de traballo: Introducción ao Eva E-Dixgal e Robótica.....	100
	➤ Ampliación do proxecto de Robótica.....	100-107
	11.3 . Seccións Bilingües.....	107-117
	11.4 . Contratos-programa (ARCO e IGUÁLA-T).....	117-120
	➤ ARCO.....	117-119
	➤ IGUÁLA-T.....	119-120
12.	LIBROS DE TEXTO E OUTROS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO.....	120-124
13.	PLAN DE AUTOPROTECCIÓN/MODIFICACIÓNS.....	124-126
14.	PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE.....	126
15.	PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA.....	127-128
16.	PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR.....	128
17.	REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR.....	128-129
18.	PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.....	129-130
19.	PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA.....	130
20.	PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO.....	130
21.	PLAN ANUAL DE LECTURA.....	131-138
22.	PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC.....	139-149
	ANEXO: CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	150-161

1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, MEDIDAS E RECURSOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2020-2021

Ao rematar o alumnado a escolaridade no C.E.I.P. de Arzúa deberanse acadar os seguintes fins presentes na LOMCE e propostos nos documentos e programas que a desenvolven no Centro:

- a) O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades dos alumnos.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
- c) A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.
- d) A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
- e) A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e o ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sustentable.
- f) O desenvolvemento da capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- g) A formación no respecto e recoñecemento de Galicia e da súa lingua, así como da pluralidade lingüística e cultural de España e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- h) A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
- i) A capacitación para o estudo de cara o exercicio de futuras actividades profesionais.
- k) A capacitación para a comunicación na lingua galega, española, e inglés ou francés.
- l) A preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

OBXECTIVOS	MEDIDAS	RECURSOS
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática. 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Traballar as novas NOFC (debido á situación COVID-19). ✓ Coordinación de actuacións conxuntas en relación co plan de Acollida e o Plan de Adaptación. ✓ Propoñer calquera outras medidas que se consideren oportunas cara a mellora da convivencia escolar. ✓ Participar na dinamización do plan de convivencia do centro e na mediación escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Plan de Acollida. ✓ Plan de Adaptación á situación COVID-19. ✓ Enquisas. ✓ Material gráfico e videográfico.
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en sí mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe. ✓ Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona. ✓ Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura, competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás. 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Participar tanto en actividades de aula como individuais. ✓ Celebración do día da Paz e da non Violencia. ✓ Desenvolver a través das distintas materias a competencia social e cidadá. ✓ Coordinar o equipo de biblioteca escolar. Presentar ao equipo na CCP. ✓ Actividades de animación á lectura. ✓ Medidas de apoio e reforzo para o correcto uso lingüístico, escolar e educativo. ✓ Encontros virtuais con autores e outras actividades motivadoras. ✓ Propostas de inmersión lingüística en EI e EP. 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Todos os do centro. ✓ Todos os do centro. ✓ Currículum de competencia social e cidadá (entrega ao profesorado). ✓ PAT (entrega ao profesorado). ✓ Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos. ✓ Plan anual de Lectura. ✓ Hora de Ler. ✓ Voluntariado de lectura (sempre que sexa posible). ✓ Inscripción periódico "Papagaio" ✓ Biblioteca, ordenadores, programa Meiga. ✓ Todos os posibles cos que conte o centro: técnicos, humanos.
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicalos a situacións da súa vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ A través do desenvolvemento curricular das distintas áreas: Matemáticas, Educación Artística,... 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ A totalidade dos existentes no centro: humanos, técnicos, bibliográficos.
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Realización de saídas ao contorno próximo do centro. ✓ Realización de saídas a lugares de interese cultural. ✓ Proxectos que fomentan o coidado do contorno, Plan Proxecta... 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Humanos, técnicos e bibliográficos. ✓ Espazos municipais e naturais do Concello. ✓ Eixe central da BE: "Medio ambiente e saúde"

<p>galegas.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora. 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Mantemento e actualización da páxina web do centro. ✓ Emprego da Aula Virtual do colexio. ✓ Establecer un responsable TIC con dedicación horaria. ✓ Coordinar as actividades na aula de informática co profesorado. ✓ Publicación da revista Rular en formato dixital (sempre que sexa posible). ✓ Adquisición de máis medios TIC. 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Programa: Paisaxe e Sustentabilidade. ✓ Recursos TIC do centro e humanos.
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais. ✓ Coidar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social. 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Elaborar murais relacionados co centro de interese do centro, en equipos ✓ Elaborar a postal de felicitación do Nadal por cursos. ✓ Fomentar as actividades plásticas a través das diversas materias. ✓ Plan Proxecta (Programa Alimentate Ben). ✓ Distribución de froitas e leite fresco aos centros escolares polo FOGGA. ✓ Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión. 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Todos os do centro. ✓ TICs ✓ Humanos e bibliográficos ✓ Espazos naturais e municipais habilitados. ✓ Todos os do centro. ✓ Plan de Acollida.
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia. ✓ Desenvolver as súas capacidades afectivas en tódolos ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas. ✓ Favorecer a consecución dos obxectivos propostos. 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado. ✓ Plan Proxecta (Paisaxe e Sustentabilidade). ✓ Colaborar con organismos como ONG's, fundacións,...que traballen en aspectos relacionados con distintos valores. ✓ Realizar tarefas escolares no ámbito educativo e familiar. 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Recursos naturais do contorno. ✓ Materiais didácticos ✓ Recursos persoais (charlas, vídeos, ONG) ✓ Materiais audiovisuais ✓ Materiais didácticos

2. CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO. MODIFICACIÓNS.

O CEIP de Arzúa está ubicado nesta vila, na zona escolar, anexa ao centro I.E.S. e conta cun edificio inaugurado no curso 1992/1993, un anexo con varias aulas e un ximnasio, así como outro edificio destinado a comedor escolar.

Os alumnos pertencen na súa meirande parte (80%) á zona rural, utilizando, polo tanto, transporte e comedor escolar, sendo o 20% restante da propia vila, con nivel socioeconómico medio igual que o nivel cultural.

A meirande parte das familias viven da agricultura e gandaría, con distribución económica bastante irregular.

Predomina o uso do galego por parte dos pais e avós entre sí e tamén cos seus fillos, agás unha pequena parte dos que residen na vila que utilizan preferentemente o castelán como lingua habitual de relación.

Plans e programas do centro

Resolución conxunta de data 22 de setembro de 2020, das Consellerías de Cultura, Educación, Universidade e de Sanidade pola que se aproba a actualización do “Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021”, así como os Protocolos de “prevención da transmisión da covid-19 no alumnado con necesidades educativas especiais para o ámbito educativo” e o de “prevención da transmisión da covid-19 nos comedores dos centros educativos non universitarios.

En canto ás MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO, no que respecta á organización e documentos do centro, houbo que elaborar un “Plan de Adaptación á situación COVID-19 no curso 2020/2021” de conformidade co modelo que se xunta como Anexo V no protocolo e un “Plan de Continxencia” segundo o Anexo VI do protocolo, no que se establecen as medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

Instrucións do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

No que respecta ás liñas xerais para o curso 2020/2021 e co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectiva presencial durante o curso 2019/2020, foi preciso elaborar un “Programa de Acollida” para desenvolver nas dúas primeiras semanas do curso.

Estes Plans e Programa foron enviados a todos os membros do Claustro e do Consello Escolar para posteriormente ser pendurados na páxina web do CEIP de Arzúa.

NOFC

Referente ás NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA, é preciso incluír aspectos do protocolo, concretamente:

2A.5. Para os efectos do protocolo para a prevención e control do absentismo escolar e do número máximo de faltas de asistencia permitidas, as ausencias comunicadas derivadas da aplicación das anteriores medidas consideraranse sempre xustificadas, non sendo preciso o xustificante do facultativo para a súa acreditación.

3.10. Para os efectos do previsto no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar entenderanse incluídas nos supostos do artigo 42 letras a), b) e d) coa consideración de condutas leves contrarias á convivencia os supostos de incumprimento polo alumnado do uso da máscara nos tempos e lugares que sexan obrigatorios e o incumprimento das instrucións do profesorado en aplicación do protocolo, Polo que respecta ao profesorado e persoal non docente estarase ao previsto na súa normativa.

3. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

CEIP DE ARZÚA		
Enderezo		C.P.
RÚA BALTASAR PARDAL S/N		15810
Localidade	Concello	Provincia
ARZÚA	ARZÚA	A CORUÑA
Tfno. fixo	Tfno. Móbil	Correo electrónico
981 500 291	698146536	ceip.arzua@edu.xunta.es
Páxina web	http://centros.edu.xunta.es/ceipdearzua	

Consta o Centro de 12 unidades catalogadas, con 20 postos de traballo, incluíndo E. Infantil e E. Primaria (*Orde do 16 de xullo de 2018 pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial*). Estas unidades e postos de traballo non foron modificados pola *Orde do 3 de agosto de 2020 pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial*.

No presente curso funcionan doce aulas, do seguinte xeito:

- 5 aulas - E.Infantil.
- 2 aulas - 1º curso de Primaria
- 1 aula - 2º curso de Primaria.
- 1 aula - 3º curso de Primaria
- 1 aula - 4º curso de Primaria.
- 1 aula - 5º curso de Primaria
- 2 aulas - 6º curso de Primaria

No relativo ás necesidades específicas de apoio educativo, o centro conta cunha mestra de Audición e Linguaxe, unha de Pedagogía Terapéutica e outra mestra de AL con perfil de PT a tempo completo (cubre as horas de PT da directora). Igualmente funciona o Departamento de Orientación.

Os alumnos con necesidades específicas de apoio educativo, intégranse nos diferentes niveis e grupos de acordo á súa idade aproximada, sendo atendidos a tempo parcial polos mestres/as especialistas, de acordo coas súas necesidades e que tamén prestan apoio aos mesmos na propia aula, coordinando xunto co mestre-titor as actuacións con estes alumnos, seguindo os criterios do Plan de Orientación.

A matrícula do Centro é de 219 alumnos, sendo a súa distribución por cursos a seguinte:

- Educación Infantil 75
 - 4º de EI: 12
 - 5º de EI: 32
 - 6º de EI: 31
- 1º curso de Primaria 36
- 2º curso de Primaria 22
- 3º curso de Primaria 24
- 4º curso de Primaria 20
- 5º curso de Primaria 23
- 6º curso de Primaria 19

Agrúpanse nos diferentes niveis por orde alfabética, agás en tres supostos: alumnos que non superaron o ciclo/curso, alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (atendendo aos criterios psicopedagóxicos e/ou clínicos) e alumnado desprazado.

Nos niveis onde se imparte unha lingua estranxeira, o alumnado optou na súa totalidade polo Inglés, tendo tamén ofertado o Francés.

Conta o Centro con 22 mestres/as, dos que corresponden:

- 6 a Educación Primaria
- 6 a Educación Infantil
- 2 a Lingua Extranxeira: Inglés
- 1 a Lingua Extranxeira: Francés
- 1 a Educación Física
- 1 a Educación Musical
- 1 a Pedagogía Terapéutica.
- 2 a Audición e Linguaxe (un deles con afín PT).
- 1 Coordinadora do Departamento de Orientación.
- 1 mestra de Relixión

A adxudicación de curso realizouse tendo en conta a adscrición funcional aos postos de traballo, respectando o dereito do alumnado a manter o mesmo titor/a durante dous cursos consecutivos; o Proxecto Abalar (en 6º curso de Primaria), o Proxecto E-Dixgal (en 5º curso de Primaria), as Seccións Bilingües e a antigüidade no Centro e no Corpo.

ALAMANCOS COUSO, JOSÉ LUIS	Música en EI e EP Matemáticas, CCNN e CCSS 2º de Primaria
BLANCO RODRÍGUEZ, MIRIAM	Orientación
BÓVEDA SUÁREZ, JOSÉ LUIS	Inglés en Infantil, 1º e 2º Apoio 5 anos A, 1º A, 1º B
CAJADE RODRÍGUEZ ROSA Mª	3º EP
CASAL NEIRA ALICIA	5º A EI
CASAL TATO Mª CARMEN	Educación Física Primaria Apoio 3º EP
DÍAZ MARTÍNEZ, TERESA	Inglés 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria Plástica-Seccións Bilingües 6º A e Apoio 6º A
LEIVA BALBOA MARÍA CRUZ	PT
LÓPEZ CASAL Mª DOLORES	6ºB EI
LÓPEZ CEA MAR	5ºA EP
LÓPEZ VÁZQUEZ VERÓNICA	AL
PEDROSA FERNÁNDEZ REMEDIOS	Relixión
PÉREZ RODRÍGUEZ, Mª MANUELA	1º B EP
PETEIRO REY IRIA	5º B EI
PRIETO BARRO JAVIER	2º A EP
ROEL FELPETO, LAURA	AL/PT
SANMARTÍN SOUTO JOSEFA	Apoio EI
VÁZQUEZ REY NOELIA	6ºA EP
VÁZQUEZ RIAL Mª DEL CARMEN	4º EI A

VILA LAMA M ^a JESÚS	6º A EI
VILAR CHENTO YOLANDA	4º A EP
VILLAR BASCOY MARÍA	1º A EP

Cada mestre/a exerce labor de tutoría a nivel de alumnado de forma permanente e a nivel de pais/nais/titores/as legais, sempre que sexa preciso.

O horario establecido para entrevistas cos pais/nais ou representantes do alumnado, fíxao cada titor, ademais dunha hora semanal establecida con carácter xeral polo Claustro de Mestres, para os luns unha vez rematadas as clases lectivas (unha hora).

Á Programación Xeral Anual adxúntanse os correspondentes horarios.

As horas do profesorado están distribuídas tendo en conta as necesidades do Centro, de carácter xeral ou xurdidas no momento, pero tendo en conta a obrigatoriedade de cubrir a totalidade das 25 horas adicadas á docencia directa e de 30 de permanencia no centro, segundo o disposto na Orde de 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Ademais das gardas de substitucións en ausencia dalgún mestre-a, dase preferencia aos apoios especialmente con grupos de alumnos con necesidades educativas, dinamización das TIC, Biblioteca e a organización e funcionamento dos servizos básicos.

Os coordinadores de Equipos que dispoñen de horario libre, utilizarán o mesmo para as conseguíntes coordinacións, a tenor do disposto na Orde do 22 - Xullo - 97, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento dos CEIP.

A Xefa de Estudos leva o control das substitucións, dentro dun horario semanal de gardas contemplado para cada un dos mestres/as con horas dispoñibles.

Os diversos **niveis e ciclo durante este curso**, son os seguintes:

1.-Educación Infantil, integrado polas seis mestras deste nivel, José Luis Bóveda Suárez e sendo a coordinadora Josefa Sanmartín Souto.

2.-Primeiro curso de Primaria, integrado polas dúas titoras deste nivel (María Villar Bascoy-1º A e M^a Manuela Pérez Rodríguez-1º B) e a mestra de AL/PT Laura Roel Felpeto, sendo responsable de nivel María Villar Bascoy.

3.-Segundo curso de Primaria, integrado polo titor do devandito curso (Javier Prieto Barro) e polo especialista de Educación Musical José Luis Alamancos Couso, sendo responsable de nivel este último.

4.-Terceiro curso de Primaria, composto pola titora (Rosa M^a Cajade Rodríguez) e a mestra de Educación Física M^a del Carmen Casal Tato, sendo a responsable de nivel Rosa M^a Cajade Rodríguez.

5.-Cuarto curso de Primaria, integrado pola titora (Yolanda Vilar Chento), a mestra de AL Verónica López Vázquez e a mestra de PT M^a Cruz Leiva Balboa, sendo a responsable de nivel Yolanda Vilar Chento.

6.-Quinto curso de Educación Primaria, integrado pola titora (Mar López Cea) e a mestra de Relixión Remedios Pedrosa Fernández, sendo a responsable de nivel Mar López Cea.

7.-Sexto curso de Educación primaria, formado pola titora (Noelia Vázquez Rey), a mestra de Inglés Teresa Díaz Martínez e a xefa do Departamento de Orientación Miriam Blanco Rodríguez, sendo responsable de nivel Noelia Vázquez Rey.

A coordinación e reunións destes equipos realizarase mensualmente os luns lectivos terceiros de mes, así como nas sesións de avaliación.

Cada equipo elabora a programación correspondente, incorporando as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, así como unha transición posible ao ensino non presencial, se esta fose necesaria e contemplando os posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.

Para un correcto inicio e desenvolvemento do curso 2020/2021, os equipos docentes elaborarán plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior.

Outra das súas competencias é a de escolmar e decidir o material a utilizar en cada nivel e ciclo, así como fixar as actividades complementarias e extraescolares dos mesmos, xunto coa coordinadora de ditas actividades.

Está constituído o Equipo de Normalización Lingüística, acordándose a súa celebración da reunión con carácter mensual os segundos luns lectivos de cada mes.

Nel están integrados mestres/as dos distintos niveis, figurando como coordinadora do mesmo M^a del Mar López Cea.

Como profesores integrantes deste equipo figuran:

1. Josefa Sanmartín Souto.
2. María Villar Bascoy.
3. José Luis Alamancos Couso.
4. Rosa M^a Cajade Rodríguez.

5. Yolanda Vilar Chento.
6. Mar López Cea
7. Noelia Vázquez Rey.
8. Remedios Pedrosa Fernández.
9. M^a Manuela Pérez Rodríguez.

O **Equipo de Actividades Extraescolares** está coordinado por Noelia Vázquez Rey. Reunirase mensualmente para programar as actividades complementarias e extraescolares que se inclúen na Programación Xeral Anual.

O **Equipo das Tecnoloxías da Información e da Comunicación-Abalar e E-dixgal** coordinado por Verónica López Vázquez.

O **Equipo da Biblioteca Escolar** coordinado por Remedios Pedrosa Fernández.

A **Comisión de Coordinación Pedagóxica** está formada polos membros que contempla o Decreto 374/1.996 de 17 de Outubro. A saber:

- Directora
- Xefa de estudos
- Coordinadora de ciclo EI
- Responsables de nivel EP
- Profesores de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
- Coordinadora de Dinamización Lingüística.
- Xefa do Departamento de Orientación.

Tamén forma parte del a encargada da Biblioteca Escolar, a coordinadora de actividades complementarias e extraescolares, a coordinadora das Seccións Bilingües e a mestra de Relixión.

Reunirase os primeiros luns lectivos de cada mes.

Continúa tamén o **Departamento de Orientación**, sendo coordinadora e xefa de departamento Miriam Blanco Rodríguez.

A xornada lectiva, con xornada mixta, realízase en sesións de mañá e tarde, os luns e martes, e sesións de mañá o resto da semana, con recreos separados, de 30 minutos, para Infantil e Primaria.

Todas as tardes dos mércores, xoves e venres haberá dous mestres ou mestras de garda na Biblioteca de 15:30 a 16:30.

HORARIOS DAS DISTINTAS TITORÍAS E DAS ESPECIALIDADES DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DO CEIP DE ARZÚA PARA O CURSO ACADÉMICO 2018-2019.

	Infantil					Primaria				Primaria				Primaria			
	2º Ciclo																
	3	4	4	5	5	1	1	2		3	4		5	6			
	A	A	B	A	B	A	B	A		A	A		A	A			
LUNS																	
1ª						EF		I									
2ª							M			R							
3ª											M						
4ª			I	R												EF	
5ª										I				EF			
MARTES																	
1ª	M			R	I			EF								I	
2ª										I				R			
3ª						I					I					M	
4ª							R				EF			I			
5ª								I		M							
MÉRCORES																	
1ª														I			
2ª					R	EF	I							M		I	
3ª																PL	
4ª			M					R		EF	I						
5ª							EF	M									
XOVES																	

1ª	R		I											EF	
2ª							R	EF			I				
3ª							M						R		
4ª			M						R					EF	I
5ª												I			
VENRES															
1ª						I								EF	
2ª						M	I		EF						
3ª								I							
4ª					M								EF	I	R
5ª	I		R												
I/PL							Lingua Inglesa/Plástica (Sección Bilingüe)								
M							Educación Musical								
EF							Educación Física								
R							Relixión								
EI							Educación Infantil (Finita)								
Inglés:															
Lois					Teresa										
Infantil, 1º e 2º					3º, 4º, 5º e 6º (PL)										
Música: José Luis															
Educación Física: M ^a del Carmen															
Relixión: Remedios															
Educación Infantil: Josefa															

4. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

→ Claustro de mestres

Formado por 22 mestres/as, reúnese trimestralmente con carácter ordinario e extraordinariamente cada vez que sexa preciso, solicitado polos seus membros ou convocado pola dirección. As tarefas xa previstas do claustro serán facer propostas para a PXA, seguimento do estado de contas, poñer en común as necesidades do

centro, planificación das actividades complementarias, contribuír á elaboración da memoria final de curso...

→ **Consello Escolar**

Constituído polos membros regulamentarios:

- Presidenta: M^a Cruz Leiva Balboa.
- Secretario: Javier Prieto Barro.
- Xefa de estudos: Miriam Blanco Rodríguez.
- Representantes do sector de mestres:
 - M^a del Mar López Cea.
 - M^a Dolores López Casal.
 - Josefa Sanmartín Souto.
 - Remedios Pedrosa Fernández.
 - Rosa M^a Cajade Rodríguez.
- Representantes do sector de pais/nais:
 - M^a del Carmen Vázquez Rial.
 - Marlene Damas Reis.
- Representante da ANPA: María González Barco.
- Representante do Persoal non docente: Alberto Cao Gigirín.
- Representante do Concello: Miguel Vallo Camba.

Reúnese coa frecuencia establecida pola lei con carácter ordinario e, extraordinariamente, sempre que o requiran asuntos da súa competencia. No presente curso académico entran a formar parte deste órgano as nais Marlene Damas Reis e Ana Quintás Fernández, esta última causou baixa no centro. O Concello ten proposto como membro do Consello Escolar do CEIP de Arzúa a Miguel Vallo Camba. Nas reunións deste órgano avaliarase a Programación Xeral Anual, balance económico, orzamento e a memoria de final de curso, trataranse tamén as necesidades do centro así como outros temas de interese que poidan xurdir ao longo do curso. No seo do Consello Escolar nace a **xunta económica** integrada pola Dirección M^a Cruz Leiva Balboa, a Xefa de Estudos Miriam Blanco Rodríguez, o secretario Javier Prieto Barro e a representante dos pais, nais ou titores legais, María González Barco. Leva as contas do presuposto anual do Centro, informando ao Consello das mesmas, nas reunións a celebrar. Tamén nace a **Comisión da Biblioteca**, integrada por:

1. Membros do Consello Escolar:

- Un mestre/a: M^a Dolores López Casal.
 - Un pai/nai: M^a del Carmen Vázquez Rial.
 - Un representante do Concello: Miguel Vallo Camba.
 - Un representante da Dirección: M^a Cruz Leiva Balboa.
1. Un representante da ANPA: María González Barco.
 2. O responsable da biblioteca pública: Ramón Torreiro González.
 3. Responsable da biblioteca escolar: Remedios Pedrosa Fernández, que actuará como Secretaria.

Xorde polo D 8/2015, do 8 de xaneiro, dentro deste órgano colexiado a **Comisión de Convivencia** formada por: M^a Cruz Leiva Balboa (Presidenta), Yolanda Vilar Chento, Josefa Sanmartín Souto, Rosa M^a Cajade Rodríguez, Remedios Pedrosa Fernández, María González Barco, Marlene Damas Reis, M^a del Carmen Vázquez Rial, Alberto Cao Gigirín e Miriam Blanco Rodríguez, que actuará de Secretaria.

As porcentaxes a aplicar en tanto o Consello Escolar, tralo estudio pertinente, non decida outras, quedan deste xeito:

- Subministracións: 80% (50% aulas e 30% actividades docentes)
- Reparacións: 10%
- Comunicacións: 5%
- Varios: 5%

5. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO

Durante o presente curso académico o Equipo Directivo está integrado por:

- Dirección: M^a Cruz Leiva Balboa.
- Xefatura de Estudos: Miriam Blanco Rodríguez.
- Secretario: Javier Prieto Barro.

Reunirase sistemáticamente para planificar as súas tarefas. O plan de traballo irá encamiñado a:

- ✓ Elaborar a proposta da PXA.
- ✓ Facer propostas de modificacións dos documentos oficiais do centro a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica e os coordinadores de ciclo/responsables de nivel.
- ✓ Revisar o PE polo Claustro e o Consello Escolar.
- ✓ Ter en conta os criterios de promoción e avaliación fixados no PE e facelos extensivos á totalidade do profesorado.
- ✓ Promover, animar e velar polo cumprimento dos obxectivos xerais do Centro.

- ✓ Organizar e xestionar os recursos humanos e materiais.
- ✓ Animar e coordinar a participación dos distintos sectores da Comunidade Escolar e procurar os medios precisos para a máis eficaz execución das súas competencias.
- ✓ Informar a toda a Comunidade Educativa de todos aqueles aspectos que lles interesen.
- ✓ Promover e impulsar as relacións do Centro coas institucións do contorno.
- ✓ Promover e motivar a implicación e participación do alumnado nas actividades do Centro.
- ✓ Fomentar e favorecer a formación do profesorado.
- ✓ Coordinar a avaliación nos distintos ámbitos.
- ✓ Todas aquelas outras que lle son propias a cada un dos membros do equipo segundo a lexislación vixente.

O Equipo Directivo terá o seguinte **HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO**.

6. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

HORARIO EQUIPO DIRECTIVO Curso 2020-2021					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª HORA 9:40-10:40* 9:50-10:50** 9:50-10:40***	MIRIAM-XE	JAVIER-S MIRIAM-XE	JAVIER-S	JAVIER-S CRUZ-D MIRIAM-XE	CRUZ-D JAVIER-S MIRIAM-XE
2ª HORA 10:40-11:40* 10:50-11:50** 10:40-11:30***	CRUZ-D	JAVIER-S CRUZ-D	CRUZ-D	CRUZ-D	CRUZ-D JAVIER-S MIRIAM-XE
3ª HORA 11:40-12:30* 12:20-13:20** 11:30-12:20***		CRUZ-D			
4ª HORA 13:00-13:50* 13:20-14:20** 12:50-13:40***					
5ª HORA 13:50-14:40* 16:00-17:00** 13:40-14:30***	CRUZ-D	JAVIER-S			

7. XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO

A xornada escolar será continuada en horario de mañá os meses de xuño e setembro, e xornada mixta (horario partido de mañá e tarde os luns e martes e pola mañá mércores, xoves e venres), os restantes meses do curso académico.

O alumnado de 4º curso de El incorporouse progresivamente no mes de setembro segundo o programado no Período de Adaptación para estes alumnos e seguindo o disposto na Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar.

HORARIO DE SETEMBRO E XUÑO	XORNADA MIXTA: luns e martes	XORNADA MIXTA:mércores,xoves e venres
1ª Sesión:09:40-10:40	1ª Sesión: 9:50-10:50	1ª Sesión: 9:50-10:40
2ª Sesión:10:40-11:40	2ª Sesión: 10:50-11:50	2ª Sesión: 10:40-11:30
3ª Sesión:11:40-12:30	Recreo: 11:50-12:20	3ª Sesión: 11:30-12:20
Recreo: 12:30-13:00	3ª Sesión: 12:20-13:20	Recreo: 12:20-12:50
4ª Sesión: 13:00-13:50	4ª Sesión: 13:20-14:20	4ª Sesión: 12:50-13:40
5ª Sesión: 13:50-14:40	5ª Sesión: 16:00-17:00	5ª Sesión: 13:40-14:30
COMEDOR ESCOLAR de 14:40 a 15:40 horas	COMEDOR ESCOLAR de 14:20 a 16:00	COMEDOR ESCOLAR de 14:30 a 15:30

O profesorado atenderá ao alumnado transportado dez minutos antes do comezo da primeira sesión da mañá e cinco minutos despois da derradeira sesión.

8. QUENDAS DE VIXILANCIA DOS RECREOS

A organización dos recreos está establecida en dúas quendas diferenciadas para cada etapa educativa: Educación Infantil e Educación Primaria. Estas quendas rexeranse polos seguintes horarios:

	EDUCACIÓN INFANTIL		EDUCACIÓN PRIMARIA	
SETEMBRO E XUÑO	11:45 – 12:15 HORAS		12:30 – 13:00 HORAS	
OUTUBRO-MAIO	LUNS E MARTES	11:10 – 11:40 HORAS	LUNS E MARTES	11:50 – 12:20 HORAS
	MÉRCORES, XOVES E VENRES	11:30 – 12:00 HORAS	MÉRCORES, XOVES E VENRES	12:20 – 12:50 HORAS

ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Cada un dos grupos de alumnado desta etapa contará cun espazo asignado que será o mesmo ao longo de todo o curso, respectando os grupos estables de convivencia.

Quedará a elección do profesorado a posibilidade de que o alumnado quede na aula nos días en que non sexa posible o uso das zonas descubertas. Neste suposto intensificaranse as labores de ventilación.

ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Cada un dos grupos de alumnado contará cun espazo asignado para os días en que as condicións meteorolóxicas permitan a saída ao exterior, que será o mesmo para todo o curso, respectando os grupos estables de convivencia.

Naqueles días en que por mor das condicións meteorolóxicas non sexa posible o uso dos espazos descubertos e, ante a imposibilidade de que todos os grupos estables de convivencia fagan uso dos espazos cubertos na quenda de recreo, un dos cursos da etapa de Educación Primaria ocupará a aula de audiovisuais en quendas rotatorias pola seguinte orde: 1º A, 1º B, 2ºA, 3ºA, 4ºA, 5º A e 6º A.

Quedarán a elección do profesorado a posibilidade de que o alumnado quede na aula nos días en que non sexa posible o uso das zonas descubertas. Neste suposto intensificaranse as labores de ventilación.

As zonas asignadas a cada grupo poden ser consultadas nos planos anexos do Plan de Adaptación do centro.

Para levar a cabo os labores de vixilancia durante os recreos respectando os grupos de convivencia estable, a cada grupo de alumnos seralle asignado únicamente profesorado de vixilancia que imparta docencia nese nivel, agás cando, por motivos de forza maior, as necesidades organizativas do centro o impidan.

Prohibirase o uso de elementos comúns de xogo ou a utilización de obxectos e xoguetes que poidan ser compartidos. Neste sentido queda prohibido que o alumnado acuda ao centro con xoguetes propios, quedando o profesorado encargado do seu requisamento como medida de salubridade.

O profesorado de garda será o encargado de controlar a interacción entre alumnado de distintos grupos estables de convivencia, coidando que o alumnado permaneza na súa zona de patio.

9. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Os órganos colexiados de goberno (claustro e consello escolar) reuniranse, como mínimo, trimestralmente, e extraordinariamente sempre que o requiran asuntos da súa competencia. Os órganos de goberno unipersoais (equipo directivo) reuniranse semanalmente para planificar o seu traballo velando polo cumprimento dos obxectivos que se marcan nesta Programación, introducindo, se é preciso, novas estratexias para poder acadalos plenamente. O plan de actuación destes órganos quedou descrito no correspondente apartado da presente Programación Xeral Anual.

10. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

As reunións dos distintos ciclos/niveis, equipos e departamentos realizaranse os luns de 18 a 19 horas segundo o seguinte calendario:

COORDINACIÓN DOCENTE

Comisión de Coordinación Pedagóxica Departamento de Orientación	1º Luns lectivo de mes
Equipo de Dinamización da Lingua Galega Biblioteca	2º Luns lectivo de mes
Equipo de Act. Compl. e Extraescolares	2º Luns lectivo de mes
2º Ciclo de E. Infantil Niveis de E. Primaria	3º Luns lectivo de mes
Equipo TIC	Reunión mensual a determinar polo coord.

A distribución dos membros dos diferentes niveis e ciclo, equipos e departamentos queda xa recollido no Cadro de Organización Pedagóxica da presente Programación. Os luns despois da actividade lectiva haberá unha hora para atención a pais/nais/titores legais.

10.1. PLAN ANUAL DE CICLO/NIVEIS

O Plan anual de ciclo ou nivel recóllese nas respectivas Programacións Didácticas, cítanse nesta Programación Xeral os obxectivos xerais de cada un deles:

- **OBXECTIVOS XERAIS PARA O PLAN ANUAL DE EDUCACIÓN INFANTIL**
- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.

- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo.
- Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

- **OBXECTIVOS XERAIS PARA O PLAN ANUAL DE PRIMARIA**

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

10.2. PLAN ANUAL DE ACTUACIÓN DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica está integrada por:

- Directora
- Xefa de estudos
- Coordinadora de ciclo/Responsables de nivel
- Mestras de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
- Coordinadora de Dinamización Lingüística.
- Xefa do Departamento de Orientación

Tamén forma parte dela a encargada da Biblioteca Escolar, a coordinadora de actividades complementarias e extraescolares, a coordinadora das seccións bilingües e a mestra de Relixión.

Reunirase os primeiros luns lectivos de cada mes.

As súas competencias veñen marcadas no Decreto 374/1996 de 17 de Outubro, entre elas destacamos:

- × Revisión anual das NOFC e do PE
- × Traballar naqueles asuntos de carácter pedagóxico que poidan xurdir ao longo do curso.
- × Velar para que a elaboración do PE e os Plans de Acción Titorial se realicen segundo os criterios establecidos polo Claustro.
- × Favorecer a Formación Continuada do profesorado.

10.3. PLAN ANUAL DO EDLG. Addenda ao Proxecto Lingüístico

Baseámonos na normativa vixente e temos como principais referentes legais os que seguen:

- **Lei 3/1983, do 15 de xuño**, de Normalización Lingüística.
- **Decreto 330/2009, do 4 de xuño**, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia .
- **Decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. No curso 2015/2016 deixa de estar en vigor o D. 130/2007.
- **Instrución** para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.

A asociación “A Mesa pola Normalización Lingüística” interpuxo un recurso contra este último Decreto 79/2010 e segundo se reflicte na Sentenza N°1286/2012 da Sala do Contencioso Administrativo (Sección 1ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 21 de novembro de 2012, quedan anulados os artigos 5.2 e 12.3 do citado Decreto. O alumnado, polo tanto, deberá empregar en cada materia a lingua utilizada polo profesor/a segundo o reparto establecido a continuación. Non é preceptiva a consulta aos pais/nais antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna. Segundo establece o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado.

LINGUA QUE SE EMPREGARÁ NO CENTRO PARA IMPARTIR AS DIFERENTES ÁREAS

EDUCACIÓN INFANTIL

A lingua materna predominante, no noso caso, é o galego. Procurará o profesorado que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites desta etapa. Como primeira aproximación á lingua inglesa, os discentes teñen unha hora semanal de inglés, distribuída en dúas clases de media hora.

Lingua materna predominante que se utiliza na aula

Lingua Galega

EDUCACIÓN PRIMARIA

Segundo dita o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario:

As materias de lingua impartiranse na lingua de referencia.

Impartirase en galego a materia de Ciencias Naturais e Ciencias Sociais. Impartirase en castelán a materia de Matemáticas.

O resto das materias distribuiranse do seguinte xeito:

CADRO DO REPARTO DE HORAS EN CASTELÁN E GALEGO-PRIMARIA

MATERIAS	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua galega e literatura	4 G	4 G	4 G	4 G	4 G	3 G
Lingua castelá e literatura	4 C	4 C	4 C	4 C	4 C	3 C
Matemáticas	5 C	5 C	4 C	4 C	5 C	5 C
Ciencias sociais	3 G	2 G	3 G	2 G	2 G	3 G
Ciencias da natureza	2 G	2 G	2 G	2 G	2 G	2 G
Lingua estranxeira	2 I	2 I	3 I	3 I	3 I	3 I
Educación plástica	1 C	1 C	1 G	1 C	1 C	1 I/C
Educación musical	1 C	1 C	1 C	1 C	1 C	1 C
Educación física	2 G	2 G	2 C	2 G	2 G	2 G
Relixión/Val.cívicos-soc.	1 G	2 G	1 G	1 G	1 G	1 G
Libre configuración				1 C		1 C
TOTAIS	12G/11C	12G/11C	11G/11C	11G/11C	11G/11C	11G/11C

*Adoptamos o G para o galego, o C para o castelán, o I para o inglés.

Os/as alumnos/as deberán coñecer en igualdade o galego e o castelán, nos niveis orais e escritos, ao remate da etapa educativa.

*Compre salientar que este curso, por cuarto ano consecutivo, continuarase impartindo a materia de Educación Plástica de 6º E.P en Inglés, dado que o centro ten concedida unha sección bilingüe para esta área.

COMPOSICIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O EDLG do noso centro está integrado este curso 2020-21 polos seguintes membros:

Coordinadora: M^a del Mar López Cea (Mestra de 5º nivel de E. Primaria)

Profesorado:

Josefa Sanmantín Souto	(Coordinadora de E. Infantil)
María Villar Bascoy	(Coordinadora de 1º E.P)
José Luis Alamancos Couso	(Coordinador de 2º E.P)
Rosa M ^a Cajade Rodríguez	(Coordinadora de 3º E.P)
Yolanda Vilar Chento	(Coordinadora de 4º E.P)
M ^a del Mar López Cea	(Coordinadora de 5º E.P)
Noelia Vázquez Rey	(Coordinadora de 6º E.P)
Remedios Pedrosa Fernández	(Coordinadora de Biblioteca)
M ^a Manuela Pérez Rodríguez	(Mestra de 1º E.P)

VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES LEVADAS A CABO NO CURSO ANTERIOR (2019-2020)

1. CELEBRACIÓN DO DÍA DAS BIBLIOTECAS.

Houbo unha sesión de contacontos a cargo de Erica González, que converteu a nosa biblioteca durante unha mañá nunha selva na que soñou e imaxinou que ocorrían moitas historias. Aos máis maiores do colexio, Erica explicoulles o importante que é abrir as nosas mentes á imaxinación nun mundo tan dixitalizado e sobreinformado. Púxose en marcha o mural “E ti por que razón les?”, no que participou todo o alumnado do centro.

O EDLG e o Equipo de biblioteca actualizaron a ppt que se fixo o curso pasado, para axudarlle ao alumnado a comprender mellor os cambios introducidos na biblioteca (referidos sobre todo ás novas teselas, a distribución de libros nos andeis, a participación do alumnado de 5º e 6º E.P como voluntarios...) e o funcionamento da mesma.

2. CELEBRACIÓN DO SAMAÍN

Considerando que o grao de participación acadado o curso anterior foi alto e a implicación do alumnado, profesorado e as familias nesta celebración foron moi importantes, tanto na decoración das cabazas, vasoiras e colares con castañas cocidas, coma nas exposicións realizadas, decidimos a conveniencia de continuar con esta celebración.

Proxectáronse curtametraxes de medo adaptados ás diferentes idades do noso alumnado e ata unha bruxa visitou aos máis pequenos e pequenas do cole.

Elaboráronse PowerPoints por parte do alumnado de 6º E.P. para resumir o máis importante desta festa celta. Na páxina web do centro colgouse unha delas.

3. CELEBRACIÓN DO MAGOSTO

Parécenos que toda a comunidade educativa debe poñer os medios para axudar a manter unha tradición tan arraigada en Galicia. Ademais é unha xornada de convivencia e relación entre o alumnado e o profesorado.

Non puidemos gozar este ano dos xogos tradicionais que sempre facemos por esta data, porque o tempo non o permitiu. Decoráronse os corredores.

O EDLG enviou unidades didácticas por correo electrónico a todo o profesorado para traballar o Magosto nas súas clases.

4. CELEBRACIÓN DO DÍA DA INFANCIA

O curso pasado participou todo o colexio nas actividades organizadas polo Concello de Arzúa na Casa da cultura. Tráballose unha unidade didáctica nas titorías e colocouse un mural na entrada do centro para concienciar a toda a comunidade educativa dos dereitos dos nenos e nenas.

5. DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER.

O alumnado de 5º E.P participou nun taller pola igualdade. Escolléronse lecturas en galego para traballar a igualdade de xénero nas titorías e confeccionáronse murais para poñer nos corredores, coas conclusións que se foron sacando. Tamén se proxectaron películas propostas polas coordinadoras dos equipos de Dinamización, Extraescolares e Biblioteca.

Estamos convencidos de que o esforzo valeu a pena e tamén de que é moi importante continuar con esta labor de concienciación.

6. O NADAL

Consideramos que a celebración das actividades que xiran arredor desta data gozan de boa acollida entre os pais e nais do noso alumnado, posto que responderon moi ben á invitación que se lles fixo ao FESTIVAL DE NADAL organizado polo profesorado. Tamén se fixeron as POSTAIS en 4º E.P. e escolleuse despois unha para enviar á imprenta, co obxectivo de utilizala para desexarlle felices festas a toda a comunidade educativa. Na páxina web colgouse un modelo de carta en galego para convidar ao alumnado a escribir aos Reis Magos no noso idioma.

Ademais o EDLG, xunto co Equipo de biblioteca, elaborou un tríptico de lecturas recomendadas que se repartiu ás familias.

7. DÍA DA PAZ

O curso pasado xuntouse a todo o alumnado no salón de actos do centro para conmemorar esta data, despois de traballar a nivel de aula coas unidades didácticas reenviadas polo EDLG e Biblioteca a todo o profesorado, a través de correo electrónico. Alí deuse lectura ao Manifesto pola paz que se fixo entre todas as titorías do colexio e rematouse coa canción de Mamá Cabra “O mundo é grande”.

Un grupo de nenas e nenos colaboradores voluntarios da Biblioteca escolar, con motivo da celebración da Xornada escolar pola Paz, quixeron preparar a representación e narración do conto “O Sr. Guerra e a señora Paz” para representalo ao alumnado de E. Infantil.

O EDLG e o Equipo de Biblioteca fixeron unha selección de libros pola paz que se puxeron á disposición de todo o profesorado e alumnado na biblioteca do centro. Entre os títulos en galego había: “O carteiro de Bagdag”, “O país dos mandóns”, “A casa grande”, “A manchas ou a raias?”... Con estes libros traballouse nas aulas ao longo do mes de xaneiro.

8. DÍA DE ROSALÍA

Sacamos os poemas de Rosalía á rúa. A actividade realizada en colaboración co concello de Arzúa e na que tamén participou o alumnado de FP Básica do IES de Arzúa, materializouse cando colocamos os paneis cos versos de Rosalía nos xardíns da vila. Cada titoría de E. Primaria preparou un panel cun poema da escritora.

O alumnado fixo caricaturas de Rosalía de Castro para poñer nos corredores.

Sumándonos á iniciativa da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), propúxose ao alumnado buscar fotos, debuxos, gravados... que versasen sobre o tema das migracións e colocar como pé de foto versos de Rosalía que tratasen as migracións en todos os seus aspectos. Para esta actividade, o EDLG repartiu ao profesorado unha escolma de poemas da escritora.

Pensamos que non podemos esquecer a figura desta muller que tanto fixo polo noso idioma. Seguiremos dando a coñecer o seu traballo entre o noso alumnado.

9. ENTROIDO

O curso pasado participou todo o alumnado e profesorado elaborando comparsas que gardaban relación coa temática escollida, “A volta ao cine en 275 días”. Como a temática deste curso xirou arredor do cinema, todas as comparsas tiñan que ver con algunha película e as coreografías que se amosaron, formaban parte das bandas sonoras da historia do cine. Convidouse a todas as familias para que compartisen connosco o día do festival de Entroido. Tamén se traballou a nivel de titoría con unidades didácticas. O resultado foi satisfactorio, polo que seguirase a traballar nesta liña.

10. DÍA DA MULLER TRABALLADORA

Na entrada do centro colocouse un mural realizado polo alumnado de 1º EP que reivindicaba o papel da muller na nosa sociedade.

Decoráronse os corredores e as portas das aulas con mulleres que destacaron no mundo do cine.

Na nosa biblioteca tamén se preparou un recuncho de lecturas co obxectivo de brindar ao alumnado a oportunidade de medrar en igualdade.

A implicación de alumnado e profesorado foi moi boa e seguiremos traballando para visibilizar o labor das mulleres.

11.A SEMANA DA PRENSA

Neste mes de marzo tamén celebramos a Semana da prensa. Pedíronse á “La Voz de Galicia” 50 exemplares e decidiuse continuar traballando o tema do cine; os xornais servíronnos de plataforma para elaborar noticias relativas ao mundo do cinema. Das actividades que se fixeron, algunhas puideron colocarse nos corredores e outras subíronse á páxina web e colgáronse no apartado correspondente aos distintos niveis, debido a que xa estabamos confinados por mor da Covid-19.

12.DÍA DO LIBRO

Todas as actividades relacionadas con esta conmemoración dinamizáronse a través da páxina web do colexio porque xa estaban os centros pechados.

O alumnado máis pequeno fixo un debuxo recomendando o seu libro favorito.

Os maiores graváronse facendo a reseña dun libro.

Con todos os traballos que foron chegando á conta de correo electrónico habilitada para tal fin, fíxose un artigo que se subiu á páxina web do colexio.

Ao longo do curso concertáronse encontros con escritores e escritoras galegos (Paula Carballeira, Gloria Sánchez, Marica Campo...) e potenciouse a lectura de libros en galego.

Seguiremos conmemorando esta data porque nos parece importante enxalzar a importancia dos libros.

13. AS LETRAS GALEGAS

Esta conmemoración segue a ter unha grande importancia no centro grazas á implicación de todo o profesorado que durante o terceiro trimestre fai moitas actividades arredor do escritor/a homenaxeado/a.

O EDLG comprobou os avances do alumnado na utilización da lingua galega por medio dos traballos realizados nos corredores do centro. Constatamos que todo o alumnado se implicou dun xeito ou doutro.

Este curso, por motivo da pandemia, o EDLG tivo que dinamizar todas as actividades a través da páxina web do centro, onde aparecen:

- Enlaces a información e actividades para todos os niveis con material específico para alumnado con neae.
- Pdf de libros para achegarnos á figura de Carvalho Calero.

- Proposta de actividades para animar ao noso alumnado a participar na semana das Letras Galegas, elaborando un marcapáxinas, un vídeo ou un debuxo do autor homenaxeado.
- Reportaxe na páxina web do colexio con todas as achegas que nos fixo o alumnado dos distintos niveis: vídeos, fotos dos marcapáxinas, composicións plásticas,...

A Compañía “Galeatro” de Carballo non puido vir representar a súa obra de teatro para achegarnos á figura de Carvalho Calero e esta actividade, que xa estaba contratada desde principios de curso, queda adiada para o mes de setembro.

14. REVISTA ESCOLAR “Rular”

O curso pasado non se puido elaborar a revista escolar Rular porque a confección da mesma comezaba sempre en primavera e foi xusto por esas datas cando se produciu o confinamento tan longo que todos e todas sufrimos. Por outro lado, o custo económico da revista fainos repensar esta actividade, dado que a maioría das reportaxes e fotografías que nela aparecen xa están subidas ao longo do curso á páxina web do colexio e calquera membro da comunidade educativa pode visualizalas na mesma.

AVALIACIÓN DO TRABALLO REALIZADO NO CURSO 2019-20 SOBRE O EIXE TEMÁTICO: “A VOLTA AO CINE EN 275 DÍAS”

O pasado curso o EDLG colaborou estreitamente co Equipo de biblioteca para traballar este eixe temático.

A implicación de toda a comunidade educativa foi moi alta e satisfactoria. O alumnado realizou un gran número de traballos sobre este tema. Os equipos de EDLG e Biblioteca seleccionaron libros para a Biblioteca que gardaban relación coa temática escollida. O resultado final foi a exposición de todos os traballos nun mural grande que se colocou no fondo das aulas de moitas titorías do centro ou en distintos corredores do colexio.

Esta actividade, pormenorizada, foi recollida na MEMORIA FINAL, en xuño de 2020, e tamén “colgada” na páxina web do centro, no apartado habilitado para o EDLG e no blog que se creou a tal efecto.

ACTIVIDADES PREVISTAS PARA O CURSO 2020-21

1. DÍA DAS BIBLIOTECAS

TEMPORALIZACIÓN: 24 de outubro. Escolleranse varios días próximos a esta data.

PERMANENCIA: Realízase todos os anos.

DESTINATARIOS: Todo o alumnado do centro.

OBXECTIVO: Conseguir que o galego estea presente nas actividades realizadas na Biblioteca durante esta semana. Gozar escoitando un conto en galego na biblioteca do centro.

ACTIVIDADES:

Este curso estase valorando a posibilidade de facer unha videochamada para realizar unha sesión de animación á lectura. Non podemos xuntar diferentes grupos na biblioteca do centro, como viñamos facendo outros anos por mor da Covid-19.

Tamén se vai a actualizar o power point que explica o funcionamento da Biblioteca do centro, incorporando as novas deste curso. A explicación é en galego.

O EDLG vaise encargar da catalogación dos libros escritos en galego. Este curso centrarémonos na catalogación dos libros de 5º e 6º E.P, incorporando a orde alfabética nestes andeis.

2. O SAMAÍN

TEMPORALIZACIÓN: Semana anterior á celebración do Magosto.

PERMANENCIA: A celebración do Samaín xa se remonta no noso centro moitos anos atrás. Pretende que o alumnado coñeza a súa orixe ancestral e agraria relacionada coas colleitas.

DESTINATARIOS: Todo o alumnado do centro.

OBXECTIVOS: Recuperar e valorar esta celebración ancestral da nosa cultura. Ampliar o vocabulario en galego relacionado con esta unidade. Valorar a creación artística e plástica dos produtos das exposicións.

ACTIVIDADES:

- Colgaranse na web do centro as imaxes das cabzas que eles decoren nas súas casas para evitar a manipulación das mesmas.
- Un “bruxiño” ou “bruxiña” iralle contar contos de medo aos nenos e nenas de Educación Infantil.
- Pasaranse unidades didácticas para que o profesorado poida traballar distintos aspectos do Samaín na súa aula.

3. O MAGOSTO

TEMPORALIZACIÓN: principios de novembro.

PERMANENCIA: Realízase todos os anos.

DESTINATARIOS: Alumnado e profesorado.

OBXECTIVO: Gozar dos costumes do magosto coñecendo os froitos típicos da época, con especial referencia ao castiñeiro e as castañas.

ACTIVIDADES:

- Só se colocará un mural na entrada do colexio cos traballos que se lles propoñan ás distintas titorías. Gardaranse as medidas hixiénicas á hora de recollelos e deixaranse en corentena ata que se poida montar o mural.

- **Importancia dos castiñeiros na zona onde vivimos. Investigar se a toponimia dalgúns lugares do concello ten que ver con isto. Exemplo: Castañeda.**
- **Degustación de castañas asadas. Valorarase este curso se é posible facela mantendo os grupos estables de convivencia.**
- **Traballo desde a materia de Educación Física cos peóns para incluír este xogo popular na festa do Magosto. Cada neno/a deberá traer o seu peón porque non se poden compartir.**
- **Decoración de cucuruchos para participar no Magosto do colexio.**
- **Traballo con distintas unidades didácticas do Magosto.**

4. CELEBRACIÓN DO DÍA DA INFANCIA.

TEMPORALIZACIÓN: 20 de novembro.

PERMANENCIA: Realízase todos os anos.

DESTINATARIO: Todo o alumnado.

OBXECTIVO: Conseguir que o galego estea presente en todas as actividades que xiren arredor deste día.

ACTIVIDADES:

- **Acudir á Casa da cultura de Arzúa para ver distintas representacións teatrais e musicais relacionadas con esta conmemoración os días 18, 19 e 20 de novembro. Estamos pendentes de saber como se vai organizar este curso a actividade.**
- **Descubrir o modo de vida dos nenos e nenas no concello de Arzúa na época dos nosos avós e avoas.**
- **Valorar o esforzo, o traballo ben feito e a constancia como medio para conseguir as cousas.**
- **Elaborar traballos a nivel de aula sobre esta temática poñendo debaixo os dereitos dos nenos e nenas, que se resumen nestes tres: dereito á saúde, dereito á educación e dereito á protección, independentemente do lugar do mundo onde un nacera.**

5. DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER.

TEMPORALIZACIÓN: 25 de novembro.

PERMANENCIA: Realízase todos os anos.

DESTINATARIO: Todo o alumnado.

OBXECTIVO: Conseguir que o galego estea presente en todas as actividades que xiren arredor deste día.

ACTIVIDADES:

- Traballo nas aulas a partir de unidades didácticas repartidas polas coordinadoras de Biblioteca e Dinamización Lingüística.
- Realización dun mural na entrada do colexio sobre esta temática.
- Divulgación dos traballos realizados a través da páxina web do mesmo.
- Proxección de película ou documental relacionado con esta temática.

6. CELEBRACIÓN DO NADAL

TEMPORALIZACIÓN: Mes de decembro.

PERMANENCIA: Realízase todos os anos.

DESTINATARIOS: O 100% da comunidade educativa.

OBXECTIVO: Conseguir que o galego estea presente nestas datas tan sinaladas a través dos escritos e das panxoliñas.

Posibilitar a integración lingüística e cultural do alumnado estranxeiro, en base ao coñecemento das nosas tradicións.

ACTIVIDADES:

- Traballos e preparación das cantigas de Nadal, panxoliñas... a nivel de aula.
- Elaboración dun modelo de carta para os Reis Magos en galego.
- Visita dos paxes dos Reis Magos. Valorarase como se pode facer esta actividade sen xuntar distintos grupos no salón de actos do centro.
- Elaboración dun díptico ou tríptico, en colaboración co Equipo da biblioteca, con lecturas recomendadas clasificadas por idades.
- Recollida de alimentos non perecedoiros e xoguetes durante a derradeira semana do trimestre, para logo entregar á Cruz Vermella de Arzúa.
- Este curso se a situación epidemiolóxica non cambia, non poderá realizarse o festival de Nadal que viña facéndose todos os anos e ao que asistían as familias do noso alumnado.

7. O DÍA DA PAZ

TEMPORALIZACIÓN: Mes de xaneiro.

PERMANENCIA: Realízase todos os anos.

DESTINATARIOS: O 100% do alumnado e do profesorado.

OBXECTIVO: Fomentar actitudes de repulsión a través da oralidade sobre a guerra, violencia, o racismo, a xenofobia...

ACTIVIDADES:

- Traballo nas aulas sobre unidades didácticas sobre a paz, a non violencia, non a xenofobia...

- Elaboración dun mural conxunto onde se resalte o dereito á educación, entendendo esta como un medio para promover a paz. Aprender e cantar unha canción relacionada coa paz.
- Buscarase a colaboración unha vez máis de todas as titorías para elaborar o manifesto pola paz deste ano. Buscarase a forma de poder lelo no patio para que o escoiten todos os nenos/as. Se non fose posible daráselle difusión a través da páxina web do centro.
- Visionado da película “A tumba dos vagalumes” que nos amosa os horrores vividos nunha guerra e a falta de humanidade que carrega a mesma. Valorarase a que niveis se pode proxectar

8. ENTROIDO

TEMPORALIZACIÓN: Derradeira semana de febreiro.

PERMANENCIA: Realízase todos os anos.

DESTINATARIOS: O 100% da comunidade educativa.

OBXECTIVO: Achegar ao alumnado unha tradición moi arraigada na nosa cultura dende hai moitos anos. Manter os costumes da celebración do Entroido na nosa zona. Coñecer os costumes doutras vilas como Verín , Xinzo de Limia e Laza, onde o Entroido é moi popular.

ACTIVIDADES:

- Elaboración dun mural onde se recolla a tradición do Entroido na zona.
- Se este ano non puidese celebrarse o festival de Entroido, valorarase no mes de febreiro como podemos festexalo.
- Confección de máscaras nas clases de E. Plástica.

9. DÍA DE ROSALÍA

TEMPORALIZACIÓN: Semana do 24 de febreiro.

PERMANENCIA: Realízase todos os anos.

DESTINATARIOS: Todo o alumnado e profesorado.

OBXECTIVO: Dar a coñecer a figura de Rosalía de Castro entre o noso alumnado.

ACTIVIDADES:

- Preparación por parte de cada nivel dun poema de Rosalía de Castro que se lerá o día escollido para esta conmemoración no patio do centro. O EDLG repartirá os que máis se axusten este curso á proposta da AELG.
- Elaboración dun panel para a entrada do centro, alusivo á figura da nosa escritora.
- Traballos a nivel de aula coa poesía.

- Visita á Radio-Arzúa para amosar as actividades que se están facendo no centro a todos os oíntes, se é posible.
- Estaremos pendentes das propostas da AELG para escoller as que máis se axusten ás nosas inquiredanzas.

10. DÍA DA MULLER TRABALLADORA

TEMPORALIZACIÓN: 8 de marzo.

PERMANENCIA: Realízase todos os anos.

DESTINATARIOS: Todo o alumnado e profesorado do centro.

OBXECTIVO: Conseguir que o galego estea presente en todas as actividades organizadas arredor desta conmemoración.

ACTIVIDADES:

- Traballo a nivel de aula con unidades didácticas que se pasarán a todo o profesorado. Solicitaremos a colaboración do Departamento de Orientación para axudarnos na escolma de materiais relacionados con esta temática.
- Proxección ao alumnado de 5º e 6º E.P dalgunha película que traballe esta temática (pendente de escoller) e posterior realización da unidade didáctica correspondente.

11. SEMANA DA PRENSA

TEMPORALIZACIÓN: Do 6 ao 10 de marzo.

PERMANENCIA: Realízase todos os anos.

DESTINATARIOS: Todo o alumnado e profesorado do centro.

OBXECTIVO: Potenciar o uso do galego a través da elaboración de distintas actividades que xiran arredor do xornal.

ACTIVIDADES:

- Traballo a nivel de aula con xornais para coñecer as seccións do mesmo, relación entre título, subtítulo e fotografía dunha noticia, como elaborar unha noticia...
- Elaboración de noticias relacionadas co medio ambiente e a saúde.
- Exposicións no mural da biblioteca dos traballos realizados polo alumnado en relación coa temática deste ano.

12. CELEBRACIÓN DOS MAIOS

TEMPORALIZACIÓN: Primeira quincena do mes de maio.

PERMANENCIA: Comezouse a celebrar no curso 2016-17. Este curso valorarase se convén continuar con esta celebración ou substituíla por outra máis arraigada na contorna.

DESTINATARIOS: Todo o alumnado e profesorado do centro.

OBXECTIVOS: Afondar no coñecemento desta festa popular galega que conmemora a chegada da primavera e a “morte” do inverno. Respetar e valorar esta manifestación cultural. Participar na elaboración dos maios. Inventar cancións para interpretar arredor do maio.

ACTIVIDADES:

- Decorar o maio que hai no centro.
- Inventar e memorizar cantigas coa temática dos maios.
- Expor nos corredores os traballos plásticos realizados polos nenos e nenas e, se non é posible por mor da situación epidemiolóxica, na páxina web do centro.

13. AS LETRAS GALEGAS

TEMPORALIZACIÓN: Mes de maio.

PERMANENCIA: Realízase todos os anos.

DESTINATARIOS: O 100% do alumnado e do profesorado.

OBXECTIVO: Coñecer autores ilustres da nosa época, a súa vida e obra e a repercusión que tiveron na historia de Galicia. Facer especial fincapé na figura de Carballo Calero.

ACTIVIDADES:

- Recollida de información sobre a persoa homenaxeada este ano. Traballos sobre esa persoa e estudo da súa obra.
- Realización de carteis con frases alusivas ao uso do galego.
- Traballos na clase a partir de unidades didácticas elaboradas ou recollidas para esta ocasión polo EDLG en colaboración co Equipo de Biblioteca.
- Exposición dos traballos de todos os cursos nun gran mural que represente o autor homenaxeado.
- Charla-relatorio con algún escritor ou personaxe vinculado co mundo da cultura. Se non se pode facer de maneira presencial, valorarase facelo a través de videochamada.

TRABALLO A DESENVOLVER NO CURSO 2020- 2021

“MEDIO AMBIENTE E SAÚDE”

COORDINAN:

Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CEIP de ARZÚA, Equipo de Biblioteca e Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

COLABORAN:

Alumnado e profesorado de todo o colexio, familias...

DESCRIPCIÓN DO PROXECTO

Ao longo de todo o curso abordarase este tema tocando, entre outros, os seguintes puntos:

- A contaminación ambiental: a auga, o solo e o aire.
- Xestión de residuos: residuos domésticos, residuos municipais (restos de podas ou xardinería, madeiras, restos da construción de obras menores), residuos municipais voluminosos (electrodomésticos, chatarra electrónica...) e residuos municipais especiais (lámpadas, baterías, disolventes, pinturas, aceites usados, pilas, pneumáticos e electrodomésticos que conteñan substancias perigosas).
- Tipos de contedores do lixo.
- Hábitos de consumo: redución, reutilización, reciclaxe e recuperación.
- As fontes de enerxía renovables.
- O cambio climático.
- O efecto invernadoiro.
- A destrución da capa de ozono.
- Espazos protexidos.
- O desenvolvemento sostible.

O profesorado ten total liberdade para escoller que aspectos relacionados co eixe vertebrador quere traballar e poderá engadir aqueles puntos que considere interesantes para completar o proxecto.

XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO:

Parécenos importante abordar esta temática porque nos vai permitir involucrar ao nosos alumnos e alumnas e facelos parte activa do coidado do medio ambiente.

OBXECTIVO XERAL:

- Concienciar ao noso alumnado da importancia que teñen as nosas accións sobre o medio e a súa repercusión na nosa saúde.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Promover entre os alumnos, profesores e demais membros da comunidade educativa un cambio de actitude ante os problemas do noso planeta, baseado no coñecemento dos mesmos e a reflexión.
- Integrar e desenvolver contidos sobre a educación ambiental en todas as áreas e cursos, co fin de converter ao centro en axente que propicie o cambio de actitudes para un futuro viable do noso planeta.
- Concienciar ao alumnado sobre a repercusión e influencia do seu comportamento no medio ambiente, así como da necesidade de resposta activa e responsable na resolución de problemas ambientais.
- Profundar no coñecemento do desenvolvemento sostible e como pode levarse a cabo.

- Educar nos valores de respecto cara os seres vivos e medio ambiente.
- Favorecer unha actitude responsable ante a satisfacción das necesidades humanas, que debe permitir unha xestión racional de residuos e unha protección e conservación do medio.
- Contribuír no desenvolvemento da personalidade e as capacidades do alumnado, sabendo que serán as persoas do futuro e que, por tanto, deberán manter unha relación respectuosa co medio ambiente.
- Fomentar no alumnado un sentimento real de responsabilidade individual e colectiva sobre os problemas do medio ambiente.

WEBS DE REFERENCIA:

- <https://www.ecoembes.com/es/ciudadanos/envases-y-proceso-reciclaje/beneficios-reciclaje>
- <http://www.sogama.gal/gl>
- <https://www.cienciasambientales.org.es/>
- <https://www.concienciaeco.com/>
- <https://www.energias-renovables.com/>

TEMPORALIZACION: Ao longo do curso 2020-2021.

AVALIACIÓN:

O alumnado do centro implicarase no proxecto de distintas maneiras segundo o nivel ao que pertenza. O EDLG e o Equipo de Biblioteca encargaranse mensualmente de facer un seguimento do traballo que se vai facer nas titorías.

Os criterios de avaliación serán:

1. Capacidade de traballar en equipo e integrar a todo o alumnado.
2. Capacidade de descubrir a través do medio ambiente os problemas que lle afectan e indirectamente inflúen sobre a nosa saúde.
3. Participación activa do alumnado na realización do proxecto.
4. Capacidade de compartir na páxina web do colexio os procesos de traballo.

Naqueles cursos en que a idade do alumno/a o permita, farase traballo de busca, selección, recollida e procesamento da información relativa a cuestións vinculadas ao proxecto, facendo uso de recursos TIC.

Tamén se repartirá o traballo correspondente ao mural que preside a entrada do centro para que todas as titorías participen na confección do mesmo. Este mural irase cambiando con cada celebración: Magosto, Día Internacional contra a violencia de xénero, Día Internacional da Educación, Día de Rosalía, Día Internacional da Muller, Día Mundial da Saúde, Letras Galegas, Día Mundial do Medio Ambiente... e levándoo sempre que sexa posible á temática escollida este curso.

Os membros do EDLG valorarán os traballos do alumnado, a implicación e motivación do grupo e os resultados finais das exposicións.

Arzúa, 25 de setembro de 2020

A coordinadora do EDLG

Asdo.: M^a del Mar López Cea

10.4. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

INTRODUCCIÓN

O presente documento baséase nas Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato. Para elaborar este documento tamén se tivo en conta as Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública (d.o.g nº 174 bis do 28-08-2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao Protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021, Version 31-08-2020.

A importancia das actividades complementarias e extraescolares parte dunha educación de calidade, aquela que responde ás novas demandas sociais de modo eficaz e proporciona no só un incremento da calidade de vida, senón tamén igualdade, xustiza e oportunidades para todos. Neste contexto é no que se recoñece a contribución das actividades complementarias e extraescolares para lograr unha formación plena dos alumnos/as.

Por outra parte, este tipo de actividades permite unha maior participación da comunidade educativa na xestión, organización e realización das actividades, desenvolvendo valores relacionados coa socialización, a participación e a cooperación. Este tipo de actividades promoven no alumnado un sentimento de pertenza ao centro e ao grupo, axudan a conseguir que adquiren unha maior autonomía e responsabilidade na organización do seu tempo libre, favorecendo a autoestima nunha serie de alumnos e alumnas e aos que as actividades extraescolares dalles a oportunidade de destacar respecto aos seus compañeiros e compañeras de maneira positiva.

Hoxe en día é fundamental mellorar as relacións entre alumnos e alumnas e axudarlles a adquirir habilidades sociais e de comunicación. Para conseguir este obxectivo as actividades extraescolares e complementarias son unha forma distinta á formal da clase de conxunto e promovelo. Cada vez máis é necesario promover un tipo de actividades que favorezan a sensibilidade, a curiosidade, a creatividade así como as actividades culturais e deportivas para que os nosos alumnos e alumnas amplíen o seu horizonte cultural, sobre todo estando ubicado o noso centro nunha zona rural onde a oferta de actividades culturais axenas ao centro son moi limitadas. É a nosa prioridade ampliar o horizonte cultural dos nosos alumnos e alumnas. Por iso, estas actividades deben ter lugar dentro do Centro educativo, integrándose adecuadamente no conxunto das actividades educativas e facilitando a participación dos distintos sectores da comunidade educativa na elección, organización, desenvolvemento e avaliación das actividades complementarias e extraescolares.

- **Actividades complementarias:** Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espacio ou recursos que utilizan. Así cabe considerar visitas, traballos de campo, viaxes de estudio, conmemoracións e outras semellantes sempre e cando se cumpran coas medidas hixiénico sanitarias recomendadas.
- **Actividades extraescolares:** Teñen carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo consello escolar, se realizan fóra de horario lectivo. A participación nelas será voluntaria.

COMPOSICIÓN DO EQUIPO

No equipo de actividades complementarias e extraescolares participan:

-O Claustro de mestres

-De xeito puntual, outros membros da Comunidade Educativa.

Obxectivos do equipo

Ao longo do curso escolar o equipo pretende, principalmente:

- Propoñer e informar aos equipos de ciclo, familias e alumnado acerca das actividades complementarias e extraescolares que se ofertan e se poden levar a cabo ao longo do curso.
- Promover as actividades culturais, deportivas e pedagógico-didácticas, organizando e concretando as actividades (lugar, data, responsables,...)
- Favorecer un ambiente coordinado e participativo entre os membros da comunidade educativa, sobre todo, cas familias do alumnado.

- Traballar de xeito colaborativo cos demais equipos do centro (biblioteca,...)
- Organizar as actividades conmemorativas que se desenvolverán no centro, tendo como fío argumental a temática global para este curso: *“Medioambiente e saúde”*.

PROXECTO COMÚN

O CEIP de Arzúa presenta dende inicio de curso un centro de interés ou proxecto en torno ao cal xirarán a maioría das celebracións e actividades.

Este ano levarase ao cabo o proxecto: ***“Medioambiente e saúde”***.

As actividades complementarias son consensuadas e levadas a cabo por todos os membros do equipo (claustro de mestres/as).

ACTIVIDADES CONMEMORATIVAS

Obxectivos

Os obxectivos que se pretende acadar nas diferentes actividades son, de xeito global:

-Xerar no alumnado actitudes de solidariedade, traballo en equipo, participación, creatividade, espírito crítico, respecto...

-Favorecer a interacción e colaboración entre todos os membros da comunidade educativa perseguindo un fin común.

-Coñecer e participar nas costumes e tradicións propias do entorno.

-Descubrir e recoñecer as orixes e significado dos signos e sinais de identidade de Galicia.

-Familiarizar ao alumnado coas normas, dereitos e deberes da vida en sociedade, facendo fincapé na Constitución e no Estatuto de Autonomía.

-Fomentar o interese por coñecer outras culturas e tradicións.

-Promover hábitos de hixiene, saúde e benestar persoal.

-Concienciar sobre a importancia do coidado diario do medio, salientando a importancia da redución, reutilización e a reciclaxe de residuos.

-Aproveitar o xogo como fonte de aprendizaxe e medio de integración dos nenos e das nenas na sociedade.

-Fomentar a adquisición dunha visión positiva e activa da educación para a paz.

-Coñecer e empregar diferentes medios para a comunicación e expresión de feitos, ideas e sentimentos.

-Favorecer un desenvolvemento integral da persoa no grupo e no medio en que convive.

Actividades

Durante o curso escolar realizaranse determinadas actividades conmemorativas partindo das fixadas na Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/2021, nos centros docentes sostidos con fondos públicos. Asemade levaremos a cabo outras festas de interese cultural e tradicional.

CONMEMORACIÓNS DO CURSO 2020-2021	
31 de Outubro de 2020	Samaín e Halloween
Novembro de 2020	Magosto
20 de Novembro de 2020	Día da Infancia
25 de Novembro de 2020	Día Internacional Contra a Violencia de Xénero
3 de decembro de 2020	Día Internacional das Persoas con Discapacidade
Do 30 de novembro ao 7 de Decembro de 2020	Constitución e Estatuto de Autonomía
10 de Decembro de 2020	Día da declaración Universal dos Dereitos Humanos

Programación Xeral Anual CEIP de Arzúa-Curso 2020/2021

<i>Decembro de 2020</i>	<i>Nadal</i>
<i>24 de Xaneiro de 2021</i>	Día Internacional da Educación
<i>30 de Xaneiro de 2021</i>	<i>Día da Paz</i>
<i>21 de Febreiro de 2021</i>	<i>Entroido</i>
8 de Marzo de 2021	Día Internacional da Muller Traballadora
15 de Marzo de 2021	Día Mundial dos Dereitos do consumidor
Do 8 ao 12 de marzo de 2021	Semana da prensa
7 de Abril de 2021	Día Mundial da Saúde
Do 19 ao 23 de Abril de 2021	Semana do Libro
2 de Maio de 2021	Día Internacional contra o Acoso Escolar
9 de Maio de 2021	Día de Europa
Do 10 ao 14 de Maio de 2021	Semana das Letras Galegas

5 de Xuño de 2021	Día Mundial do Medio Ambiente
-------------------	-------------------------------

Dada a situación de excepcionalidade na que nos atopamos, desde o Equipo de EA-CE, Biblioteca e Dinamización da Lingua Galega faremos unha selección das conmemoracións das que propoñeremos diferentes actividades ás distintas titorías. Seleccionarase unha conmemoración mensual. As demais conmemoracións traballaranse a nivel aula e a criterio de cada titoría.

OUTUBRO	MAGOSTO
NOVEMBRO, 25	DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO
DECEMBRO, 10	DÍA DA DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS
XANEIRO, 24	DÍA INTERNACIONAL DA EDUCACIÓN
FEBREIRO, 24	DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO
MARZO, 8	DÍA DA MULLER TRABALLADORA
ABRIL, 7	DÍA MUNDIAL DA SAÚDE
MAIO, 10-14	SEMANA DAS LETRAS GALEGAS
XUÑO, 5	DÍA DO MEDIOAMBIENTE

Deseñaranse e implementaranse actividades de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte á COVID-19, para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade educativa. Así mesmo, estas actividades débense incluír de maneira transversal nos programas e actividades de educación e promoción da saúde que xa viñan desenvolvéndose no centro educativo, de maneira que se poida traballar a saúde de forma integral.

Atendendo á situación sanitaria e social derivada da pandemia provocada pola COVID19, e salvo unha mellora notable na situación epidemolóxica que esixa modificacións nos Protocolos vixentes, durante o curso 2020-2021, evitarase a celebración de actividades que supoñan a mestura do alumnado de diferentes grupos de convivencia, así como as que esixan unha especial proximidade.

Corresponde aos diferentes equipos docentes a programación e organización da celebración das conmemoracións recollidas na ORDE do 25 de xullo de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para este curso e outras actividades didácticas, respectando o establecemento dos grupos de convivencia estable e atendendo ás seguintes premisas:

- Evitarase mesturar alumnado de diferente nivel.
- As actividades realizaranse preferiblemente ao aire libre.
- Cumprirase coas labores de limpeza e desinfección requiridas.
- Respetaranse as limitacións de aforo e as normas hixiénico-sanitarias.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Ao longo do curso o centro participará nas actividades que programe a Concellería de Cultura de Arzúa para os distintos ciclos cumprindo coas medidas hixiénico sanitarias recomendadas.

Asemade, poderanse realizar visitas de interese pedagóxico, sen prexuízo doutras que poidan xurdir durante o curso.

As saídas previstas pretenden cumprir os seguintes obxectivos:

- Complementar o currículo e a formación do alumnado.
- Fomentar hábitos de convivencia e respecto polos demais.
- Favorecer o interese e respecto polo contorno e pola aprendizaxe.
- Achegar ao alumnado a diferentes lugares da xeografía galega, acadando o maior coñecemento da mesma e das súas características.
- Achegar ao alumnado ao coñecemento da historia do mundo e o seu desenvolvemento .
- Desenvolver no alumnado o interese por coñecer e investigar os cambios que se produciron no mundo ao longo da historia.

SAÍDAS.

As saídas didácticas levaranse a cabo, preferiblemente, dentro da propia localidade e ao aire libre, rendabilizando e pondo en valor os recursos e o patrimonio cultural e natural do Concello de Arzúa.

As saídas poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, en canto a transporte, aforos, etc.

Educación Infantil:

- Saídas didácticas de temática interesante e motivadora para o alumnado.
- Saídas e actividades propostas polo Concello de Arzúa e outras entidades da contorna.

- Saídas didácticas dentro da propia localidade e ao aire libre.

Primeiro Nivel:

- Saídas didácticas de temática interesante e motivadora para o alumnado.
- Saídas e actividades propostas polo Concello de Arzúa e outras entidades da contorna.
- Saídas didácticas dentro da propia localidade e ao aire libre.

Segundo Nivel:

- Saídas didácticas de temática interesante e motivadora para o alumnado.
- Saídas e actividades propostas polo Concello de Arzúa e outras entidades da contorna.
- Saídas didácticas dentro da propia localidade e ao aire libre.

Terceiro Nivel:

- Saídas didácticas de temática interesante e motivadora para o alumnado.
- Saídas e actividades propostas polo Concello de Arzúa e outras entidades da contorna.
- Saídas didácticas dentro da propia localidade e ao aire libre.
- Realizarase polo menos unha saída por trimestre pero deixando aberta a posibilidade de máis se así o requiren outros proxectos nos que participemos.
- Actividades complementarias referentes ao eixe vertebrador deste ano “Medioambiente e saúde”.
- Celebraranse actividades con carácter mensual propostas polo Equipo de Biblioteca, EACE e Dinamización, así como outras que se traballarán a nivel de aula como o Día da Poesía, Día do Bico, Día da Felicidade, Día da Auga, Día dos Bosques...

Cuarto Nivel:

- Saídas didácticas de temática interesante e motivadora para o alumnado.
- Saídas e actividades propostas polo Concello de Arzúa e outras entidades da contorna.
- Saídas didácticas dentro da propia localidade e ao aire libre.

Quinto Nivel:

- Saídas didácticas de temática interesante e motivadora para o alumnado.
- Saídas e actividades propostas polo Concello de Arzúa e outras entidades da contorna.
- Saídas didácticas dentro da propia localidade e ao aire libre.

Sexto Nivel:

- Saídas didácticas de temática interesante e motivadora para o alumnado.
- Saídas e actividades propostas polo Concello de Arzúa e outras entidades da contorna.
- Saídas didácticas dentro da propia localidade e ao aire libre.
- Saída de fin de curso.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Actividades extraescolares fóra da xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor.

O CEIP de Arzúa ofrece a posibilidade de que o alumnado faga uso da biblioteca todos os mércores, xoves e venres en horario de 15:30 a 16:30. Este servizo é xestionado polo profesorado do centro. O espazo designado para este fin é a biblioteca escolar e as medidas de hixiene, distancia social e desinfección serán as mesmas establecidas para a actividade lectiva.

Está pendente a organización de posibles actividades organizadas polas ANPAS e o Concello en función das propostas que puidesen achegar.

As actividades extraescolares terán carácter voluntario para todo o alumnado do centro docente e, en ningún caso, formarán parte do proceso de avaliación do alumnado para a superación das distintas áreas ou materias que integran os currículos.

En Arzúa, a 25 de setembro de 2020

Asdo.: A coordinadora Noelia Vázquez Rey

10.5. PLAN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Contexto legal

A lexislación educativa máis recente outórgalle a función orientadora un papel relevante, considerándoa un pilar básico e decisivo na calidade do sistema educativo.

Tal e como recolle a Orde do 24 de xuño de 1998, pola que se establece a organización dos Departamentos de Orientación en Galicia: *a orientación enténdese coma un*

proceso que abrangue a toda a comunidade educativa, que debe garantirse desde as primeiras idades do alumnado permitindo así a prevención e detección temperá das súas dificultades tanto no desenvolvemento persoal ou da aprendizaxe como profesional.

Neste senso, queremos para o noso centro unha orientación que incida sobre a comunidade educativa no seu conxunto (alumnos, profesores e familias), que atenda aos problemas e dificultades de aprendizaxe e preste apoio e asesoramento ante a diversidade de retos aos que se enfronta a escola, animando e impulsando a súa acción, as relacións entre os seus elementos e co contorno, contribuíndo, en definitiva, á mellora da calidade dos procesos que se desenrolan nela e, conseguintemente, da acción educativa.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula á atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación define a atención a diversidade como *“o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado”*.

Polo tanto debemos entender a orientación educativa como un proceso de axuda continua e sistemática, que forma parte do proceso educativo e está dirixido a todos os membros da comunidade educativa, poñéndose unha especial atención na prevención das dificultades e na posta en práctica de mecanismos e reforzo, así como no desenvolvemento integral do alumnado.

O Plan de Orientación, é o instrumento pedagóxico e didáctico que articula, a medio e longo prazo, as actuacións relacionadas coa orientación e a acción titorial. Esta planificación, polo tanto, non debe facerse de xeito illado, esta debe formar parte da organización pedagóxico-educativa do centro e debe unirse coa actividade e estrutura xeral deste.

LEXISLACIÓN DE REFERENCIA:

- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos Centros de Educación Primaria.
- Orde do 22 de xullo de 1997, que desenvolve o Decreto anterior.
- Decreto 120/1998, polo que se regula a Orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da Orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos Centros docentes da C.A. de Galicia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Orde do 27 de decembro de 2002, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en Centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con NEE.
- Orde do 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións curriculares nas ensinanzas de réxime xeral.
- Orde do 28 de outubro de 1996, pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos e alumnas con NEE asociadas a condicións de sobredotación intelectual.
- Orde do 31 de outubro de 1996, pola que se regula a avaliación psicopedagóxica do alumnado con NEE, que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.
- Orde do 20 de febreiro de 2004, pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.
- Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de edu-

cación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Circular nº 17/2003 da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa e da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional do ensino non universitario da Comunidade Autónoma no curso 2003-2004.
- Circular nº 20/2005 da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa e da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia para o curso 2005-2006.
- Circular nº 17/2006 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia para o curso 2006-2007.
- Circular nº 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.
- Circular nº 10/2010 da Dirección Xeral de educación, formación do profesorado e innovación educativa, pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na C.A. de Galicia.

1.2. Contexto do Centro

O CEIP de Arzúa é un centro de 12 unidades repartidas do seguinte xeito:

- 5 unidades en Educación Infantil.
- 7 unidades en Educación Primaria.

En canto a infraestruturas o centro conta con 3 plantas nas que se reparten as distintas localizacións do centro:

Planta baixa:

- 5 aulas de educación infantil (4º, 5º e 6ºA de Educación Infantil e aula de apoio)
- Aseos para os nenos/as.

Primeiro andar:

- 1 aula de educación infantil (6ºB de Educación Infantil)
- 5 aulas de educación primaria (1º a 4º de Educación Primaria)
- 1 aula de inglés.
- 1 aula de música.
- Aseos para o alumnado,
- Xefatura de estudos e secretaria.
- Dirección.
- Sala de mestres.
- Biblioteca.
- Aseos para o profesorado.

Segundo andar:

- 2 aulas de educación primaria (5º e 6º de Educación Primaria).
- 1 aula de inglés.
- 1 aula de relixión.
- 2 aulas de pedagogía terapéutica.
- 1 aula de audición e linguaxe.
- Departamento de orientación.
- Aula de informática.
- Aseos para o alumnado.
- Aseos para o profesorado.

- Aula de recursos.

O salón de actos e o ximnasio atópanse nun edificio anexo ao centro, ao igual que o comedor.

Actualmente no centro atópanse matriculados 221 alumnos/as matriculados repartidos do seguinte xeito:

ETAPA	CURSO		ALUMNADO
EDUCACIÓN INFANTIL	4º Ed. Infantil	A	12
	5º Ed. Infantil	A	16
		B	16
	6º Ed. Infantil	A	17
		B	16
	EDUCACIÓN PRIMARIA	1º Ed. Primaria	A
B			19
2º Ed. Primaria		22	
3º Ed. Primaria		24	
4º Ed. Primaria		20	
5º Ed. Primaria		23	
6º Ed. Primaria		19	
TOTAL			221

Tendo en conta os datos do curso anterior, do total do alumnado, 36 alumnos e alumnas presentan Necesidades Específicas de Apoio Educativo que o *Decreto 105/2014 polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia* define como:

“O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo é aquel que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa.”

Destes 36, 3 alumnos/as presentan Necesidades Educativas Especiais, entendidas estas como *“aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ao longo de*

toda ela, determinados apoios e atencións educativas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conducta”.

O alumnado con NEAE serán obxecto de medidas de atención a diversidade, a fin de dar resposta as súas características individuais; comezando sempre polas de carácter ordinario e continuando polas extraordinarias, que se aplicarán unha vez esgotadas as anteriores ou por resultar estas insuficientes, tal e como se recolle no Decreto 229/2011 no que se regula a atención a diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso do alumnado con NEE, estes terán atención preferente por parte do profesorado especialista en PT e AL, xunto co alumnado obxecto dunha adaptación curricular, partindo para a elaboración e distribución do horario da previsión realizada a final do curso anterior polo Departamento de Orientación, así como as novas necesidades que poidan xurdir no presente ano académico.

Respecto aos recursos humanos, cóntase con 22 mestres/as das seguintes especialidades:

- 5 mestras de Educación Infantil.
- 8 mestres/as de Educación Primaria.
- 1 mestre de Música.
- 1 mestra de Educación Física.
- 2 mestres de Lingua Estranxeira: Inglés.
- 1 mestra de Relixión.
- 1 mestra de Pedagogía Terapéutica.
- 1 mestra de Audición e Linguaxe.
- 1 mestra de Audición e Linguaxe afín Pedagogía Terapéutica.
- 1 Orientadora.

O horario do centro é xornada mixta tendo clase dúas tardes (luns e martes). En canto a servizos complementarios conta con transporte escolar e comedor.

1.3. Composición do Departamento de Orientación

A composición do Departamento de Orientación queda establecida no Artigo 4 do Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Atendendo a esta normativa, o Departamento de Orientación do CEIP de Arzúa para o curso 2020-2021 conta cos seguintes membros:

Xefa do Departamento de Orientación	Miriam Blanco Rodríguez
Mestra de Pedagogía Terapéutica	M ^a Cruz Leiva Balboa
Mestra de Audición e Linguaxe afín PT	Laura Roel Felpeto
Mestra de Audición e Linguaxe	Verónica López Vázquez
Coordinadora de Educación Infantil	Josefa Sanmartín Souto
Responsable de 1º nivel	María Villar Bascoy
Responsable de 2º nivel	José Luís Alamancos Couso
Responsable de 3º nivel	Rosa M ^a Cajade Rodríguez
Responsable 4º nivel	Yolanda Vilar Chento
Responsable 5º nivel	M ^a Mar López Cea
Responsable de 6º nivel	Noelia Vázquez Rey

2. OBXECTIVOS

2.1. Obxectivos xerais:

- Participar na elaboración, seguimento e avaliación do PE e demais documentos de centro, incidindo nos criterios organizativos, metodolóxicos e curriculares con carácter inclusivo para a atención á diversidade do conxunto de alumnado e asesorando en todo o relativo á potenciación das áreas instrumentais, avaliación, recuperación, promoción, etc.

- Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade que melloren a atención educativa do alumnado de Educación Infantil e Primaria que presenten NEAE.
- Contribuír a deseñar medidas para a detección temperá das necesidades.
- Favorecer a inclusión plena de todo o alumnado en xeral e daqueles que presenten NEAE en particular.
- Apoiar os procesos de ensino-aprendizaxe nos ámbitos de atención a toda a diversidade e do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE).
- Colaborar no desenvolvemento do Plan de Convivencia do centro implicando a todos os membros da comunidade educativa.
- Promover a comunicación, colaboración e coordinación coas familias, potenciando a súa implicación en todo o que ten que ver o proceso educativo dos seus fillos/as.
- Establecer canles de comunicación e coordinar actuación cos diferentes servizos e institucións.
- Facilitar aos membros da comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesario para favorecer o desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e axudarlles a afrontar adecuadamente os momentos escolares decisivos ou de maior dificultade.
- Proporcionar apoio psicopedagóxico ao alumnado, deseñando e desenvolvendo programas específicos de intervención.
- Continuar coa dotación de materiais tanto de avaliación como de intervención ao Departamento de Orientación (incluíndo as aulas de PT e de AL); de xeito que faciliten levar a cabo da mellor forma posible as tarefas de educación educativa.

2.2. Obxectivos específicos:

A. En relación ao alumnado:

Desenvolvemento persoal e social:

- Favorecer e orientar a adaptación do alumnado ao contexto escolar e a integración no grupo clase.
- Axudar a tomar conciencia dos propios sentimentos e emocións, desenvolvendo habilidades de control e autorregulación dos mesmos e logrando un desenvolvemento emocional axeitado que facilite a integración do alumnado no grupo.

- Orientar a potenciación do desenvolvemento de hábitos básicos de autonomía persoal e social en colaboración coas familias.
- Facilitar a inclusión educativa e a integración escolar e social do alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (NEAE).
- Axudar a desenvolver no alumnado un adecuado coñecemento e valoración de si mesmo, facilitando a progresiva toma de conciencia sobre as súas propias capacidades, posibilidades e intereses.

Atención a diversidade e apoio aos procesos de ensinanza e aprendizaxe.

- Identificar, en colaboración cos/coas titores/as, aquelas necesidades educativas ocasionadas pola situación da pandemia da COVID-19.
- Diseñar programas de reforzo para aquel alumnado que poida presentar necesidades educativas derivadas da pandemia.
- Prestar especial atención ao benestar emocional do alumnado, fomentando a autoestima e o recoñecemento das emocións.
- Asesorar no desenvolvemento de estratexias e elaboración de instrumentos para o coñecemento das características persoais, familiares, sociais e escolares do alumnado.
- Contribuír a mellorar a atención educativa proporcionada ao alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (NEAE).
- Axudar a reforzar a equidade na educación, mellorando a inclusión e a calidade da resposta educativa proporcionada ao alumnado en situación de desvantaxe.
- Promover a busca de estratexias que favorezan a adquisición de aprendizaxes instrumentais, competencias básicas, estratexias de aprendizaxe e técnicas de traballo intelectual.
- Potenciar e asesorar na posta en marcha, seguimento e avaliación de adaptacións curriculares, medidas de reforzo educativo e calquera actuación destinada á mellora da aprendizaxe.
- Participar nas sesións de avaliación e reunións do equipo docente.

Orientación académica.

- Potenciar a adquisición de competencias relevantes no ámbito educativo tales como a responsabilidade, a perseveranza, a toma de decisións, o traballo en equipo, a experimentación e a creatividade.

Convivencia.

- Contribuír a socialización do alumnado promovendo una formación en valores conectada coa realidade social e comprometida con principios universais propios dunha sociedade democrática: cooperación, convivencia, respecto e solidariedade, etc concibindo o diálogo como ferramenta fundamental para a resolución pacífica de conflitos.
- Potenciar a posta en marcha de medidas preventivas para mellorar o clima de traballo e convivencia.
- Impulsar actividades destinadas a adquirir as habilidades sociais necesarias para relacionarse, expresar os propios sentimentos e ideas.

Transición e coordinación entre etapas educativas.

- Orientar adecuadamente o proceso de acollida ao alumnado de novo ingreso no centro, prestando singular atención ao inicio da Educación Infantil e o alumnado inmigrante.
- Apoiar o proceso de transición entre etapas educativas, poñendo en marcha as medidas organizativas e curriculares necesarias para facilitar dito proceso.

B. En relación ás familias:

- Asesorar ás familia para afrontar as dificultades que se presenten na educación dos seus fillos/as.
- Asesorar ás familias orientándoas aos servizos que lles proporcionan a asistencia e apoio que poidan precisar por estar en situación de desvantaxe socioeducativa, pola súa condición de emigrante, por pertencer a minorías étnicas ou por estar a vivir situación complexas ou problemáticas.
- Asesorar e colaborar na procura de axudas asistencia para alumado con Necesidade Específicas de Apoio Educativo.

- Fomentar a participación, colaboración e formación das familias a través de charlas, coloquios, conferencias...que aporten información para a mellor educación dos seus fillos/as.

C. En relación ao profesorado:

- Asesorar na elaboración dos documentos de centro.
- Apoiar e asesorar no desenvolvemento da acción educativa e das actuacións que forman parte do desempeño da función docente: programación, avaliación, etc.
- Recadar a colaboración do profesorado nos procesos de avaliación psicopedagóxica e na organización da atención á diversidade do alumnado.
- Establecer relacións estables de coordinación entre profesorado titor/a, profesorado especialista, profesorado de apoio e a orientadora de cara a dar resposta ás NEAE do alumnado.
- Asesorar no deseño, posta en marcha e avaliación dos distintos plans e/ou programas que se elaboren.
- Colaborar na Avaliación Individualizada de 3º de primaria, proposta pola LOMCE.
- Promover a coordinación, o traballo compartido e a innovación educativa.
- Asesorar na elaboración, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade.
- Colaborar no deseño dos distintos documentos que forman parte do expediente do alumno/a.
- Asesorar para axustar a practica educativa telemática na atención á diversidade.

D. Con relación a outras institucións e órganos externos:

- Colaborar con servizos de orientación: Equipo de Orientación Específico, Departamento de Orientación do IES e Departamentos de Orientación doutros centros de Educación Primaria.
- Coordinar actuacións cos servizos e axentes externos: saúde, Servizos Sociais, Concello, etc. Aproveitando os recursos socioeducativos que estas institucións podan ofrecer.

3. RECURSOS

a) Humanos

- Profesorado titor/a.
- Profesorado das distintas especialidades.
- Profesorado de apoio.
- Equipo Directivo
- Xefa do Departamento
- Auxiliares Técnico Educativas.
- Inspección Educativa.
- Equipo de Orientación Específica (EOE)
- Organismos e entidades externas: médicos, psicólogos, asistentes sociais...

b) Materiais

- Material de reprografía
- Ordenadores con conexión a internet.
- Material bibliográfico e curricular das aulas de Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL)
- Distintos manuais de orientación e tutoría.
- Recursos existentes no centro que están ao servizo de todo o profesorado: folios, encadernadora, plastificadora.
- Ordenador.
- Arquivador con carpetas colgantes
- Probas estandarizadas para avaliación psicopedagóxica.
- Materiais para as tutorías.
- Materiais para as actividades de apoio e reforzo.

É importante destacar dentro deste apartado, que non existe unha dotación específica por parte da Consellería de Educación para o Departamento de Orientación, polo que as compras necesarias para o mesmo cárganse o orzamento xeral do centro. Este feito moitas veces dificulta a compra de material para o mesmo, xa que estamos a falar de probas caras, e que precisan dunha renovación continua.

4. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN:

A determinación de liñas prioritarias de actuación é un paso fundamental e necesario nunha planificación de acción realista e efectiva.

Cumpre neste momento analizar a Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, formación profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, que define as liñas prioritarias de actuación que deben ser tamén referente da acción orientadora.

O desenvolvemento dalgunhas delas precisará da continuidade do seu tratamento ao longo de varios anos e, ao ter que responder de xeito prioritario fundamentalmente ás demandas de atención ás necesidades específicas de apoio educativo que puideran presentarse ao longo do presente curso, é posible tamén que sexa necesario pospoñer o desenvolvemento doutras a vindeiros anos.

Destacamos as seguintes:

- Asesorar e colaborar na elaboración e revisión dos documentos que integran o Proxecto Educativo de Centro.
- Asesorar e colaborar nos procesos de elaboración e desenvolvemento dos aspectos curriculares, especialmente no relativo á promoción da convivencia e atención á diversidade e ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE).
- Asesorar e colaborar no desenvolvemento das actuacións titoriais e das medidas contempladas no PAT.
- Diseñar e colaborar en actuacións que teñan como obxecto a promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.
- Expor propostas para mellorar os canles de coordinación co orientador/a do centro de secundaria ao que estamos adscrito, facilitando así o tránsito do alumnado entre estas etapas educativas.

- Asesorar á Comunidade Educativa en relación ás actuacións relacionadas co axuste, mellora e desenvolvemento xeral dos diferentes aspectos do proceso educativo.
- Promover a reflexión e a coordinación entre os distintos servizos que interveñen cun mesmo alumno/a.
- Manter actualizado o Plan de Orientación, concretando cada curso as actuacións previstas.

5. ACTUACIÓNS E TEMPORALIZACIÓN

ACTUACIÓNS		TEMPORALIZACIÓN
1.	Dar a coñecer a todo o alumnado aos membros do Departamento de Orientación	Primeiro Trimestre
2.	Identificación, en colaboración co profesorado titor/a, daquel alumnado que presente necesidades educativas ocasionadas pola pandemia da COVID-19	Primeiro Trimestre
3.	Deseño e búsqueda daquelas medidas de atención á diversidade que dean resposta ás necesidades educativas que poida presentar o alumnado derivadas da pandemia.	Primeiro Trimestre
4.	Proposta e organización dos apoios ao alumnado con NEAE	Primeiro Trimestre
5.	Elaboración/revisión dos horarios das mestras especialistas en PT e AL	Primeiro Trimestre e ao longo de todo o curso
6.	Constitución do Departamento de Orientación	Primeiro Trimestre
7.	Colaborar na solicitude das becas para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo do MEC.	Primeiro Trimestre
8.	Elaborar informes das becas para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo	Primeiro Trimestre
9.	Elaboración e aprobación do Plan Anual de Actividades do DO	Primeiro Trimestre
10.	Elaboración e concreción do PO, PAT e PXAD para a PXA	Primeiro Trimestre
11.	Revisión do Plan de Orientación	Primeiro Trimestre
12.	Revisión do Plan de Acción Titorial	Primeiro Trimestre
13.	Revisión do Plan Xeral de Atención á Diversidade	Primeiro Trimestre
14.	Revisión do Plan de Convivencia	Primeiro Trimestre
15.	Proporcionar a todo o profesorado (titores e titoras) que o demanden información sobre o alumnado de nova incorporación.	Primeiro Trimestre
16.	Atender individualmente as demandas realizadas polo profesorado	Todo o curso.
17.	Actualización dos arquivos e informes do Departamento de Orientación	Primeiro Trimestre
18.	Realización de avaliación e informes psicopedagóxicos	Todo o curso
19.	Avaliación do Plan Anual de Actividades do DO	Terceiro Trimestre
20.	Avaliación do Plan de Orientación	Terceiro Trimestre
21.	Memoria do Departamento de Orientación-Plan de Orientación	Terceiro Trimestre
22.	Elaboración dos informes do alumnado que remata a educación primaria e foi obxecto dalgunha medida de atención a diversidade	Terceiro Trimestre
23.	Participación nas sesións de avaliación dos grupos de alumnado.	Ao remate de cada trimestre
24.	Atención e seguimento dos grupos de risco.	Todo o curso.
25.	Reunións do Departamento de Orientación	Semanais e mensuais
26.	Asistir as reunións propostas polo Departamento de Orientación do IES de Arzúa ao que estamos adscritos.	Todo o curso
27.	Colaborar, xunto coa titora e equipo directivo e o IES de Arzúa, na transi-	Terceiro Trimestre

	ción de primaria a secundaria	
28.	Asesoramento á comunidade educativa	Todo o curso
29.	Proposta de adquisición de material para o DO.	Todo o curso
30.	Asesoramento e/ou participación na realización e seguimento das AC	Todo o curso
31.	Asesoramento xeral na acción titorial	Todo o curso.
32.	Colaborar coas titorías na resolución de conflitos que así o requiran	Todo o curso.
33.	Asesoramento e colaboración na elaboración e/ou revisión dos documentos de centro	Todo o curso
34.	Actuacións que axuden a promoción da convivencia	Todo o curso
35.	Realizar o D,RDorienta, DRDadi e DRDespe	Todo o curso (nos períodos establecidos)

6. HORARIO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

O horario dos membros do Departamento de Orientación son fixados ao inicio do curso escolar, tendo presente que estes poden variar ao longo do curso en función da atención das necesidades do alumnado e do resto da comunidade educativa, así como para atender novas necesidades que poidan xurdir.

O horario de atención as familias será sempre con **cita previa**, en horario de 17:00 a 18:00 horas os luns.

Debido a situación orixinada pola pandemia da COVID-19, daranse prioridade aos **medios telemáticos**.

Segundo se acordou no claustro do inicio de curso, as reunións do Departamento de Orientación serán o 1º luns de cada mes en horario de 18:00 a 19:00 horas.

8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN:

A avaliación constitúe un elemento fundamental para a mellora de calquera actividade. Só dende unha reflexión crítica sobre o desenvolvemento das actuacións emprendidas, poden poñer en marcha procesos de mellora fundamentados no ámbito educativo.

Os criterios que nos van permitir facer un seguimento e/ou avaliación do Plan de Orientación relaciónanse directamente cos obxectivos expostos nel e veñen determinados por:

- a) A resposta ás demandas da comunidade educativa.
- b) A satisfacción das necesidades de orientación do centro.
- c) O grado de axuste á realidade do noso centro.
- d) Á resposta a diversidade.

- e) O apoio á comunidade educativa no desenvolvemento das accións de mellora da intervención educativa.
- f) A promoción das relacións dos distintos sectores da comunidade educativa e a participación na vida do centro.
- g) A relación cos axentes externos.
- h) O apoio ao alumnado para favorecer o seu desenvolvemento integral.
- i) A promoción e apoio á convivencia.

Segundo o establecido no Decreto 120/1998 a avaliación do plan de orientación someterase a un proceso continuo de avaliación formativa, que culmina coa elaboración da memoria segundo a orde do 24 de xullo de 1998.

A memoria será entregada ao equipo directivo para a súa inclusión na memoria final do centro.

En Arzúa o 25 de setembro de 2020

A Orientadora

Asdo: Miriam Blanco Rodríguez

PLAN XERAL ANUAL – AUDICIÓN E LINGUAXE

CURSO 2020/2021

1. INTRODUCCIÓN

A Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, (LOMCE), modificou a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, (LOE) coa finalidade de desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

Tendo en conta que a educación inicial é cada vez máis determinante, é necesario establecer as condicións que permitan cambios metodolóxicos que fagan posible acadar os obxectivos propostos. En consecuencia, o establecemento de medidas para actuar sobre o currículo son imprescindibles para a mellora. A LOMCE modificou o artigo 6 da LOE para definir o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas.

A atención á diversidade é unha realidade social e educativa, regulada na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación e no actual Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE.

Neste decreto recóllese a intervención do especialista de audición e linguaxe (AL) como unha medida de atención educativa extraordinaria, precisando da aprobación por parte da dirección do centro educativo, do servizo de inspección, da xefatura territorial ou da Dirección xeral.

A Ley 27/07, 23 de Outubro pola que se recoñecen as LSE define no seu art. 4 ó **mestre de A.L.** como o profesional especializado en sistemas alternativos e/ou aumentativos de apoio á comunicación oral, que estimulan e facilitan o desenvolvemento da mesma.

As súas **funcións** aparecen reguladas no Decreto 374/96 de 17 de outubro que regula o regulamento orgánico dos CEIPs, CEPs e EEI (son as mesmas que as reguladas no Decreto 7/99 de 7 de xaneiro que regula e implanta os CPIs):

- Atención a alumnos/as con n.e.e.
- Coordinar en colaboración co xefe de estudos as cuestións relacionadas coa educación e a estancia no centro dos alumnos/as con n.e.e.

- Colaborar coa CCP na elaboración do plan de actuación respecto do alumno/a con n.e.e.
- Orientar ao profesorado que imparta docencia aos alumnos/as con n.e.e. así como a eles mesmos e aos pais sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.
- Colaborar co profesor titor e co resto do profesorado na elaboración das Adaptacións curriculares e o seguimento e avaliación das mesmas.
- Outras que se lle puideran asignar no ámbito de apoio.

A Orde do 24 de xullo de 1998 que regula aspectos organizativos da orientación educativa e profesional en CAG e desenvolve o Decreto 120/98 do 28 de abril recolle as seguintes funcións dos **mestres de AL nos IES e os CPIs**:

- Asistir ás reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Participar na avaliación inicial e naquelas sesións de avaliación que afecten a alumnos/as con n.e.e.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das MAD.
- Prestar atención directa docente ao alumno con n.e.e.

Como membros do D.O. asumense tamén as funcións do mesmo, como exemplo:

- Valorar as necesidades educativas para deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos.
- Diseñar accións encamiñadas á atención temprana, prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou aprendizaxe.
- Participar na avaliación psicopedagóxica.
- Facilitar ao alumno o apoio e asesoramento necesarios para adquirir habilidades básicas da vida e afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a transición á vida profesional e á resolución de conflitos de relación interpersoal.

Polo tanto vistas as funcións do mestre de AL quero resaltar que ademais das anteriormente descritas pode realizar calquera tarefa que se lle reclame desde o equipo directivo ou o departamento de orientación.

A miña labor educativa desenvólvese no CEIP de Arzúa. Un centro cuxo entorno é de predomino rural con poboación dispersa, polo que é necesario dispor de servizo de autobuses e de comedor para practicamente a totalidade do alumnado.

No centro impártese o 2º ciclo de Educación Infantil (EI), e a etapa de Educación Primaria (EP).

O Colexio conta cunha mestra de AL, que presta atención docente directa a un total de 15 alumnos/as con necesidade específica de apoio educativo (NEAE) en Educación Infantil e Primaria.

2. OBXECTIVOS

2.1. XERAIS

- Proporcionar estratexias de intervención que permitan unha optimización dos recursos existentes no centro.
- Asesorar ao profesorado, familias e alumnado deseñando accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades no campo da audición e da linguaxe.
- Proporcionar apoio á totalidade do alumnado, especialmente aos alumnos con NEAE.
- Asesorar nas decisións relativas á potenciación das áreas instrumentais, á avaliación, aos criterios de promoción...
- Proporcionar unha adecuada resposta educativa ao alumnado con NEAE asociadas a dificultades no proceso de adquisición e desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, tanto na súa vertente oral coma escrita.
- Participar na elaboración dun banco de recursos.
- Colaborar e coordinar accións cos titores na atención educativa aos alumnos con NEAE asociadas a dificultades no ámbito comunicativo- lingüístico.
- Proporcionar aos pais/nais orientacións e axuda directa, así como recursos materiais que poidan utilizar na casa cos seus fillos.
- Coordinar as actuacións da mestra de audición e linguaxe coas levadas a cabo por outros servizos internos e externos ao centro
- Participar nas diversas actividades levadas a cabo no centro.

2.2. ESPECÍFICOS

- Rehabilitar as alteracións fonoarticulatorias e respiratorias dos alumnos/as.
- Favorecer a aprendizaxe de estratexias para a lectoescritura.
- Favorecer a comprensión lectora.
- Realizar seguimentos periódicos mediante exploracións cara á mellora do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Asesorar e colaborar na elaboración de rexistros de observación e avaliación sistemáticos.
- Promover a colaboración cas familias e orientalas no relativo as alteracións na audición e na linguaxe.
- Involucrar as familias no proceso de ensinanza e aprendizaxe dos seus fillos/as.
- Facilitar o asesoramento ao profesorado respecto ás estratexias de intervención co alumnado con NEAE.

- Promover a coordinación e o traballo compartido entre o profesorado, así como a innovación educativa.
- En relación o centro , establecer, xunto coa especialista de Pedagogía Terapéutica, o calendario de reunións periódicas coa xefa de departamento de orientación, así coma os horarios dos alumnos que asisten a aula de audición e linguaxe.

3. PLANIFICACIÓN XERAL/ ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

As accións previstas nacen con vocación de continuidade das actuacións realizadas en cursos anteriores . A miña intervención será de atención directa, personalizada e individualizada ao alumnado con NEAE.

O horario organizarase de acordo coa previsión de necesidades, baixo a supervisión da xefa de departamento.

A labor docente continuarase centrando no deseño, implementación e avaliación dos distintos programas de intervención para cadanseu alumno, a partir das correspondentes avaliacións iniciais, as orientacións aportadas polo xefe do departamento de orientación, e os acordos acadados entre o departamento de orientación e as distintas titorías.

Neste sentido, co alumnado que continúan asistindo a aula de AL continuarase traballando sobre os programas existentes; e que, de ser o caso, serán modificados convenientemente co fin de que se axusten mellor ás características do alumno/a.

No que respecta ás novas incorporacións, aínda pendentes de valoración, procederase da seguinte maneira: realizarase unha avaliación inicial, chegarase a acordos coas titorías, e procederase á elaboración de futura posta en práctica do programa de intervención.

Ao fin de cada trimestre, para as respectivas sesións de avaliación, poñerase a disposición do xefe de departamento e do titor/-a un informe, co fin de facilitarlles o seguimento do alumnado. De xeito paralelo, terán lugar as correspondentes altas e baixas de alumnos no servizo.

Ao fin de curso, realizarase unha memoria das actuacións da mestra de audición e linguaxe, na que se tratará de reflexar en que medida e con que calidade se puxo en práctica o presente plan.

Destacar tamén que o horario de atención a pais será os luns de 17.00 a 18.00, sempre con cita previa e mediante videoconferencia, correo electrónico ou o teléfono do centro.

En canto ás reunións con servizos externos ó centro serán sempre no horario de apoio do alumno en concreto nunca se interrumpirán os apoios dos demais alumnos. Favorecerase que estas reunións se realicen mediante videoconferencia.

4. METODOLOXÍA

O traballo da mestra de audición e linguaxe cos alumnos atenderá a unha unha serie de estratexias metodolóxicas:

- Ter presente o momento evolutivo do alumnado.
- Partir dos coñecementos previos, facendo de eles o punto de referencia para a intervención.
- Adaptar o nivel de esixencia ás posibilidades do alumnado.
- Plantexar as actividades nun nivel crecente de dificultade.
- Propoñer actividades que motiven e esperten o interese do alumnado.
- Desenvolver as actividades nun contexto lúdico.
- Levar a cabo as actividades nun clima de confianza e afecto.
- Diseñar actividades que permitan a xeneralización das aprendizaxes.
- Valorar os progresos e minimizar os fracasos.
- Manter a motivación positiva no alumnado para que este teña unha actitude positiva cara a aprendizaxe.
- Estimular a espontaneidade.
- Utilizar distintas canles sensoriais.
- Facer uso de distintas estratexias de instrución coma o modelado, o moldeamento, ou a instrución directa, entre outras.

5. RECURSOS MATERIAIS, PERSOAIS E ORGANIZATIVO

- **Recursos materiais.** Destacan especialmente os ubicados na aula de apoio. Cóntase con espello, material estéril, materiais de sopro, materiais de discriminación auditiva, ordenador, xogos e diverso material estruturado, así como recursos bibliográficos relacionados coa atención educativa ás necesidades educativas especiais asociadas a dificultades no ámbito comunicativo-lingüístico. A estes recursos engádense outros presentes no centro e postos a disposición da mestra de audición e linguaxe coma ordenadores e fondo de biblioteca.
- **Recursos persoais.** A posta en práctica deste plan anual de audición e linguaxe ten coma primeiro responsable a mestra de audición e linguaxe, se ben é certo que participan nel, de maneira indirecta a xefa do departamento de orientación, a mestra de pedagogía terapéutica, os titores, os pais dos alumnos e alumnas, así coma outros servizos externos aos centros cos que se manterá a correspondente coordinación.
- **Recursos organizativos.** Dende o punto de vista espacial, as distintas actuacións terán lugar preferentemente na aula de apoio, se ben se poderán utilizar outras instalacións coma a aula de informática ou as aulas de referencia do alumnado, coma é o caso do programa de estimulación lingüística.

A nivel temporal, organizarase o horario tendo en conta as necesidades do alumnado, e os horarios dos distintos grupos de alumnos.

6. ESTRATEXIAS DE AVALIACIÓN

Realízase unha **avaliación inicial** mediante a cal valóranse as necesidades do centro, dos alumnos, e os recursos cos que se conta de cara a realizar o presente plan, unha **avaliación continua** co fin de analizar a súa marcha, e establecer os cambios oportunos e unha **avaliación final**, de comprobación de resultados, que realízase ao final de curso. Terá coma referentes inmediatos os obxectivos realizados, e permitirá establecer, se é o caso, as correspondentes propostas de mellora.

Respecto ás **técnicas e instrumentos de avaliación**, procurarase que o uso dos mesmos se faga de maneira sistemática. Apóstase pola utilización de estratexias que combinen aspectos cuantitativos e cualitativos, entre as que destaca especialmente a observación (libre e sistemática).

Sinálanse algunhas estratexias a seguir para a recollida de información: revisión de documentos do centro, realización de cuestionarios ou enquisas con mestres e familias, revisión de traballos dos alumnos, realización dun diario de clase,...etc.

7. ALUMNADO QUE VAI SER ATENDIDO NA AULA DE AUDIÇÃO E LINGUAXE NO CURSO 2020-2021

7.1. EDUCACIÓN INFANTIL

• 4 ANOS:

- ALUMNA 1: alumna que presenta dificultades articulatorias.
- ALUMNO 2: alumno que presenta dificultades articulatorias.

• 5 ANOS:

- ALUMNA 3: alumna que presenta dificultades articulatorias.
- ALUMNO 4: alumno que presenta dificultades articulatorias.
- ALUMNO 5: alumno que presenta dificultades articulatorias.
- ALUMNO 6: alumno que presenta dificultades articulatorias.
- ALUMNO 7: alumno que presenta dificultades na comunicación e a linguaxe.

7.2. EDUCACIÓN PRIMARIA

• 1º NIVEL

- ALUMNA 8: alumna que presenta dificultades na comunicación e a linguaxe.

• 2º NIVEL

- ALUMNA 9: alumna que presenta dificultades articulatorias.
- ALUMNA 10: alumna que presenta dificultades articulatorias.
- ALUMNO 11: alumno que presenta dificultades articulatorias.

• **3º NIVEL**

- ALUMNO 12: alumno que necesita reforzo educativo.
- ALUMNO 13: alumno que precisa reforzo educativo.

• **4º NIVEL**

- ALUMNO 14: que presenta dificultades a nivel pragmático.
- ALUMNO 15: alumno que precisa reforzo educativo

8. HORARIO DA AULA DE AUDICIÓN E LINGUAXE

Horario de Setembro e Xuño

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:40-10:40	Alumnos 14 e 15	COORDINACIÓN TIC	COORDINACIÓN TIC	COORDINACIÓN TIC	Alumnos 9, 10 e 11
10:40-11:40	Alumnos 1 e 2	Alumno 7	Alumnos 5 e 6	Alumno 7	Alumnos 14 e 15
11:40-12:30	Alumna 8	Alumnos 12 e 13	Alumna 8	Alumnos 12 e 13	Alumna 8
13:00-13:50	RECREO(12:30-13:00)				
	Alumno 7	Alumna 8	Alumno 7	Alumnos 3 e 4	Alumno 7
13:50-14:40	COORDINACIÓN TIC	EQUIPO	Alumnos 14 e 15	Alumna 8	LD

Horario de outubro a maio

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:40-10:40	Alumnos 1 e 2	Alumnos 12 e 13	COORDINACIÓN TIC	COORDINACIÓN TIC	Alumnos 14 e 15
10:40-11:40	Alumna 8	Alumna 8	Alumnos 5 e 6	Alumno 7	Alumnos 3 e 4
11:40-12:30	Alumna 7	Alumno 7	Alumna 8	Alumnos 9, 10 E 11	Alumna 8
13:00-13:50	RECREO(12:30-13:00)				
	Alumnos 14 e 15	COORDINACIÓN	Alumno 7	Alumna 8	Alumno

		TIC			7
13:50-14:40	COORDINACIÓN TIC	EQUIPO	Alumnos 14 e 15	Alumnos 12 e 13	LD

En Arzúa, a 25 de setembro de 2020.

Asdo: Verónica López Vázquez

PROGRAMACIÓN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA CURSO 2020-2021

1.INTRODUCCIÓN

A diversidade é unha realidade social e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo.

No noso sistema educativo, a atención á diversidade do alumnado e a individualidade de cada un deles, conforma a base do quefacer docente na nosa práctica educativa. Coa entrada da **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de MAIO, da Educación (LOE)**, considérase a atención á diversidade como un dos principios fundamentais da Educación Primaria, na que se poñerá especial énfase, así como na atención individualizada, na prevención de dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan axiña como se detecten estas dificultades. Principio que se reitera coa aprobación da **Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)**.

Seguindo o **Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado**, no seu artigo 3, *enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado*.

Actualmente, existe nas nosas aulas alumnado moi heteroxéneo, e como docentes debemos atender as características e necesidades propias de cada discente coa finalidade de que desenvolva ao máximo as súas capacidades.

Seguindo a **LOE**, no seu Título II, capítulo I: faise referencia aos alumnos que precisan

dunha acción educativa diferente á ordinaria, por presentar algunha Necesidade Específica de Apoio Educativo (NEAE) e establécense cales son os recursos que se precisan para acometer a tarefa e lograr a súa plena inclusión no sistema educativo español. Baixo esta denominación (NEAE) englobáanse: "Alumnos con Necesidades Educativas Especiais", "Alumnos con Altas Capacidades Intelectuais", "Alumnos con Integración Tardía ao Sistema Educativo Español" e "Alumnos con dificultades específicas de aprendizaxe" (incluídos estes últimos na Sección cuarta segundo a **LOMCE**).

O **Decreto 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, no seu artigo 32 di: "Enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Considero necesario citar o que actualmente entendemos por NEE, a **LOE** no seu artículo 73 establece: "*se entiende por alumnado con Necesidades Educativas Especiales, aquel que requiera, por un período de tiempo de su escolarización o a lo largo de toda ella, determinados apoyos y atenciones educativas específicas derivadas de discapacidad o trastornos graves de conducta*".

A educación supón unha abordaxe integral á diversidade de persoas e situacións que dende o centro, coa colaboración de todo o conxunto de profesorado, trataremos como unha labor compartida e de esforzo común, para conseguir unha escola inclusiva que se adapte á realidade e individualidade do alumnado.

2. BASE LEGISLATIVA QUE SUSTENTA O PLAN DE APOIO

- ✦ Constitución Española, de 27 de decembro de 1978.
- ✦ Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✦ Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (BOE do 03/12/2003).

- ✦ Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento, desenvolvemento e execución da Lei 8/1997 do 20 de agosto.
- ✦ Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✦ Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✦ Decreto 374/1996, do 17 de outubro polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.
- ✦ Decreto 69/1998, do 26 de febreiro, polo que se regula a atención temperá a discapacitados na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✦ Decreto 120/1998 do 23 de abril, polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✦ Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✦ Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato.
- ✦ Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativo en materia de convivencia escolar.
- ✦ Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- ✦ Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ✦ Orde do 4 de outubro de 1995, pola que se regulan as actividades alternativas ó ensino relixioso.

- ✦ Orde do 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- ✦ Orde do 28 de outubro de 1996, pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obligatoria dos alumnos con nee, asociadas a sobredotación.
- ✦ Orde do 31 de outubro de 1996, pola que se regula a avaliación psicopedagógica dos alumnos/as con n.e.e. que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización.
- ✦ Orde de 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- ✦ Orde de 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✦ Orde do Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ✦ Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ✦ Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✦ Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✦ Orde do 10 de febreiro de 2014, pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísimo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.
- ✦ 27 de decembro do 2002, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con n.e.e.

✧ Orde do 20 de febreiro do 2004, pola que se establecen as medidas da atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro.

✧ Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato reguladas na

✧ Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.

✧ Circular 10/2010 da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.

3. ASPECTOS ORGANIZATIVOS E FUNCIONAIS DO MESTRE/A DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA:

Para explicar o papel do mestre de PT no centro hai que comezar indicando que se trata dun profesional que presta atención ao alumnado con NEAE, xa sexa dentro da aula ordinaria ou na aula de apoio. Trátase dun profesional que desenvolve actividades básicas á función docente, que ademais da atención directa que lle corresponda prestar aos alumnos e alumnas en función das súas necesidades, o mestre de PT segundo o Decreto 374/1996 (art. 84º) desenvolverá as seguintes funcións:

- Coordinar en colaboración co xefe de estudos, as cuestións relacionadas coa educación e a estancia no centro dos alumnos con algún tipo de minusvalía física, psíquica ou sensorial.
- Colaborar coa comisión de coordinación pedagóxica na elaboración do plan de actuación respecto ao alumnado con necesidades educativas específicas.
- Orientar ao profesorado que imparta docencia a este alumnado, así como a eles mesmos e aos seus pais sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.

- Colaborar co profesor titor e co resto de profesorado na elaboración de adaptacións curriculares e no desenvolvemento e avaliación das mesmas (Orde do 6 de Outubro de 1995).

Ademais do mencionado anteriormente, o mestre de PT presenta as seguintes estruturas de participación:

- Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Departamento de Orientación.
- Claustro de Mestres.
- Equipos de Nivel.

4.NECESIDADES DO ALUMNADO ESCOLARIZADO NO CURSO 2020-2021

Con respecto aos alumnos escolarizados no centro para este curso escolar e de acordo coas avaliacións iniciais realizadas por parte dos titores así como das avaliacións psicopedagóxicas realizadas (Orde do 31 de outubro de 1996), detectáronse as seguintes necesidades nos nosos alumnos:

<u>NOME</u>	<u>ESCOLARIZACIÓN</u>	<u>NECESIDADES</u>	<u>PROGRAMACIÓN</u>
1	2º nivel de EP	Dificultades de aprendizaxe.	3 sesións de apoio.
2	2º nivel de EP	Dificultades de aprendizaxe.	3 sesións de apoio.
3	3º nivel de EP	Dificultades de aprendizaxe.	4 sesións de apoio
4	3º nivel Ed. Primaria	Dificultades de aprendizaxe.	4 sesións de apoio
5	3º nivel Ed. Primaria	Dificultades de aprendizaxe.	2 sesións de apoio
7	4º nivel Ed. Primaria	Dificultades de aprendizaxe.	3 sesións de apoio

		aprendizaxe.	
8	<u>ESCOLARIZACIÓN</u> 5º nivel Ed. Primaria	<u>NECESIDADES</u> Dificultades de aprendizaxe.	<u>PROGRAMACIÓN</u> de 2 sesións de apoio

5. OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE APOIO

Respecto ao centro:

- Dinamizar o proceso de integración do alumnado con NEAE .
- Propoñer medidas de atención á diversidade nos documentos que rexen a vida do centro.
- Asesorar aos profesores que imparten docencia aos alumnos/as con NEAE nas súas programacións de aula sobre metodoloxía, adaptación do material de apoio, selección de actividades , obxectivos e avaliación de ditos alumnos, favorecendo así o clima da aula e a dinámica educativa cando os/as alumnos/as estean integrados nas súas aulas.
- Coordinar co resto de profesionais do Departamento de Orientación, as actuacións levadas a cabo co alumnado con NEAE.
- Colaborar coa orientadora do centro na prevención, detección e valoración das dificultades de aprendizaxe do alumnado do centro e en especial dos alumnos/as con NEAE.
- Proporcionar o reforzo pedagóxico que os alumnos/as precisen.
- Elaborar os materiais didácticos para o traballo diario cos alumnos/as.
- Observar e avaliar o progreso dos alumnos/as e propoñer as medidas oportunas.
- Conseguir que o alumnado con NEAE adquira a formación e capacitación necesarias para que alcance a autonomía e independencia suficientes como para integrarse na dinámica do centro e o entorno social no que se desenvolverá de maneira máis harmónica, positiva e normalizada posible.
 - Fomentar as actitudes positivas para a convivencia.
 - Concienciar á comunidade educativa do que supón a atención á diversidade.

- Adaptar o centro, eliminando barreiras arquitectónicas, dacordo coa lei 8/1997 do 29 de agosto e o Decreto 35/2000.

Respecto ás familias:

- Concienciar ás familias da importancia de implicarse na educación dos seus fillos.
- Intercambiar información entre familia e docentes para promover unha educación en valores.
- Establecer cauces de diálogo, colaboración e coordinación con outros centros ou organismos de carácter social, educativo e cultural.

Respecto ao alumnado:

- Adquirir a axeitada autonomía persoal.
- Mellorar as habilidades comunicativas lingüísticas e non lingüísticas.
- Mellorar o desenvolvemento dos procesos cognitivos básicos.
- Adquirir habilidades socio-emocionais.
- Mellorar a competencia lectoescritora a todos os niveis.
- Favorecer o desenvolvemento de aspectos psicomotrices.
- Iniciar ou reforzar as técnicas instrumentais básicas.
- Mellorar o dominio do cálculo, operacións aritméticas básicas, resolución e comprensión de problemas.
- Fomentar a responsabilidade, entendida como a capacidade de comprometerse libremente na realización de condutas ou actividades que cada quen impoña.
- Potenciar a autoestima, a valoración e o aprecio de si mesmo e da súa personalidade.
- Conseguir que o alumnado alcance o maior nivel de adaptación posible na súa aula.

6. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS.

- Favorecer a interacción e comunicación profesor-alumno-alumno.
- Facilitar a incorporación dos profesores de apoio á dinámica da aula.
- Partir dos intereses do alumno e da actividade lúdica.

- Traballo en rincóns, en cadea, talleres...
- Diseñar actividades que conxuguen agrupamentos flexibles potenciando ao máximo os grupos cooperativos.
- É axeitado a presentación do material a través de diferentes canles sensoriais, manipulación de obxectos cotiás, a observación..., proporcionando en todo momento estratexias que favorezan a autoaprendizaxe.
- Débense utilizar técnicas de aprendizaxe e modificación de conducta.
- Realizar actividades ben planificadas e secuenciadas en pequenos pasos seguindo a técnica de análise de tarefas. As instrucións para a realización e explicación das tarefas deben ser curtas, concretas e pronunciadas claramente..
- Reducir o nivel de abstracción das actividades.
- Seguimento dos protocolos da Xunta.

En xeral a metodoloxía que imos seguir na nosa intervención co alumnado con NEAE está conectada en todo momento cunha serie de principios xerais: partiremos do nivel de desenvolvemento do alumnado con NEAE, asegurando aprendizaxes construtivos e significativos; a metodoloxía estará baseada no papel como mediador entre o alumnado e os contidos educativos, partindo do nivel de desenvolvemento dos discentes, dos seus coñecementos previos, promovendo o principio de “aprender a aprender” e influíndo na “zona de desenvolvemento próximo” (VIGOSKY).

A atención á diversidade rexerese polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa (artigo 4 do **Decreto 229/2011**).

7. RECURSOS

Recursos materiais: materiais para a intervención da lectoescritura e o cálculo (pizarra, abecedarios manipulables, ábaco, bloques lóxicos, reloxo, moedas de euro, calendario, libros de texto, libros de lectura...), material manipulativo (insertables, puzzles, dominó, parchís, plastilina, cartolinas, tesoiras...), materiais para o xogo simbólico (alimentos, coches, ordenadores de xoguete, roupa, bonecos, diñeiro...) e material audiovisual (ordenadores, xogos interactivos...).

Recursos persoais (internos e externos): departamento de orientación, titores, mestras

de PT, mestra de AL, profesorado do centro e pais/nais ou titores legais. Respecto aos recursos persoais externos contamos co CEFORE e o EOE (Equipo de Orientación Específico), entre outros.

Recursos ambientais: contamos con todos aqueles espazos e recursos dos que dispón o centro segundo as actividades que se pretendan levar a cabo, ademais daqueles propios das aulas de apoio (aula de Pedagogía Terapéutica e aula de Audición e Linguaxe).

8. TEMPORALIZACION E HORARIO

Tal e como indica a **Orde do 27 de Decembro de 2002**, o apoio levarase a cabo na aula ordinaria. Poderanse facer apoios puntuais fóra da mesma (sempre que non se supere o 1/3 da xornada escolar). A temporalización é revisable ao finalizar o mesmo e susceptible de modificación.

O centro conta este curso académico **2020-2021** cunha mestra especialista de PT a tempo completo e unha mestra de AL con perfil PT a tempo completo.

Dun xeito clarificador amósanse a continuación os horarios de atención ao alumnado con NEAE:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:50-10:50 9:50 - 10:40	OUTRAS FUNCIÓNS	OUTRAS FUNCIÓNS	LD	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN
10:50 - 11:50 10:40 - 11:30	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN
RECREO (11:50- 12:20)					
12:20 - 13:20 11:30 - 12:20	APOIO 3ºA	DIRECCIÓN	APOIO 4º A	APOIO 2º A	APOIO 2º A
			RECREO (12:20- 12:50)		
13:20 - 14:20 12:50 - 13:40	APOIO 2º A	APOIO 3ºA	APOIO 5º A	APOIO 4º A	APOIO 3ºA
COMEDOR					
16:00 - 17:00 13:40 - 14:30	DIRECCIÓN	EQUIPO	APOIO 3º A	APOIO 5º A	APOIO 4º A

De 17:00 a 18:00	Atención a pais.				
De 17:00 a 1:00	Reunións Órganos de coordinación docente.				

Porén, é necesario aclarar que esta temporalización é aberta e flexible, e polo tanto,

poderanse introducir os cambios necesarios coa finalidade de atender ás características individuais e colectivas dos nenos e nenas matriculados no centro. De ahí, que dependendo das necesidades que se detecten ao longo do curso académico **2020-2021** no alumnado do CEIP de Arzúa se planifiquen unhas ou outras actividades coa súa correspondente planificación horaria.

9. AVALIACIÓN.

Tal e como indica a Orde do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria, e tendo en conta a Orde do 25 de Xullo de 2009, que regula a avaliación en Educación Infantil, a avaliación dos alumnos con NEAE realizarase en diferentes momentos:

Unha avaliación inicial para determinar os seus coñecementos previos e poder así axustar a acción educativa e orientar a actividade do alumnado.

Unha avaliación formativa que valore o progreso da aprendizaxe a partir da situación individual dos discentes, posibilitándonos a inclusión de reaxustes e melloras. Así, a avaliación formativa tratará de:

Analizar as causas das dificultades da aprendizaxe.

Situar ao alumnado na secuencia da aprendizaxe adecuada ao seu nivel.

Reorientar o proceso de ensino-aprendizaxe deseñado para superar as deficiencias detectadas.

Finalmente unha avaliación sumativa ou final cuxo obxectivo será o de constatar ata que punto se acadaron os obxectivos propostos e comprobar se se cubriron todas as nosas expectativas.

Polo tanto, estes tres momentos lévanse a cabo tanto no proceso de aprendizaxe do alumnado como no proceso de ensinanza do profesorado. Sen esquecermos de que ámbolos dous serán tamén analizados, é dicir, realizaranse investigacións sistemáticas acerca da calidade e dos métodos de avaliación levados a cabo no inicio do curso, no transcurso e ao finalizar o mesmo (metaavaliación).

Os instrumentos de recollida de datos e avaliación apoiaranse na observación continua e sistemática das actividades diarias, dedicación á tarefa, esforzo e desenvolvemento social e integración no grupo.

En Arzúa, a 25 de setembro de 2020.

A mestra de Pedagogía Terapéutica (P.T.)

Asdo: M^a Cruz Leiva Balboa

PROGRAMACIÓN AL/PT
CURSO 2020-2021

1. INTRODUCCIÓN

O presente documento fai realidade a definida atención á diversidade, concibida no art. 3 do **Decreto 229/2011**, do 7 de decembro, como o conxunto de medidas e accións con finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

En razón a nosa visión da atención á diversidade, este documento responde o requirimento de resultar funcional, flexible e práctico, adaptándose tanto ás características do alumnado que está escolarizado no centro como ó contexto no que este se sitúa. Ten por tanto como referencia principal ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) que, conforme o art. 71 da **Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de Educación, na nova redacción fixada pola **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, abrangue aquel alumnado que require dunha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, por incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Como mestra de apoio (Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica), para acadar un axeitado desempeño profesional debo realizar una serie de funcións, conforme a Orde do 24 de xullo de 1996 e o Decreto 374/1996 do 17 de outubro, que abranguen os distintos ámbitos de actuación que conforman unha acción educativa de calidade, sendo as seguintes:

- Alumnado.

- Realizar unha avaliación inicial para obter unha imaxe do alumnado e valorar as súas necesidades para así poder deseñar e planificar as actuacións educativas necesarias, preferiblemente na aula ordinaria.
- Deseñar e desenvolver as actividades que contribúan a acadar os obxectivos plantexados e procuren un axeitado desenvolvemento das competencias clave.
- Observar o seu progreso e realizar avaliacións sistemáticas en colaboración co tutor/a.

- Facer un seguimento do proceso educativo e das medidas de atención á diversidade adoptadas.
- Realizar apoios dentro da aula como profesorado de libre disposición horaria, dende un ámbito de colaboración co titor/a e dentro das medidas ordinarias que se poñan en servizo no centro de cara á atención á diversidade.

- Centro.

- Colaborar, asesorar e participar na elaboración de documentos conxuntos como o Proxecto Educativo ou a concreción curricular, sobre todo no referido ao alumnado NEA.
- Detectar necesidades de formación, intentando abordalas facendo propostas concretas.
- Formar parte do D.O. (Decreto 120/1998 do 23 de abril e Orde do 24 de xullo) e da CCP (Decreto 374/1996 do 17 de outubro), tendo en conta a atención á diversidade.
- Colaborar nas Avaliacións Psicopedagóxicas se fose preciso (Orde do 31 de outubro de 1996) e na elaboración de ACS (Orde do 6 de outubro de 1995).
- Asesorar e colaborar co resto do profesorado en canto a medidas de atención á diversidade, individualización do ensino, técnicas pedagóxicas concretas e uso de materiais e recursos específicos.

- Familias.

- Informar, implicar e coordinar ás familias nos procesos de ensino-aprendizaxe dos seus fillos, facéndooos conscientes do papel de protagonista activo que teñen que desempeñar en cada aprendizaxe que realizan os seus fillos.
- Asesorar e orientar en canto as axudas técnicas e materiais dispoñibles no centro.
- Posibilitar canles de comunicación con outros servizos ou institucións que poidan axudarlles cando se precisen actuacións máis avanzadas.

-Outros Organismos.

- Colaborar nas avaliacións dispostas polo EOE ou Inspección Educativa.
- Demandar a formación e información que nos poidan ofrecer os servizos externos.
- Coordinarse con especialistas e equipos do sector ou da zona.

A miña labor docente como mestra especialista en AL afín PT desenvólvese no CEIP de Arzúa, situado nun entorno rural, con núcleos de poboación dispersos, polo que fai necesarios os servizos de transporte e comedor para case a totalidade do alumnado.

2. OBXECTIVOS

Con respecto ao Centro:

- Detección temperá do alumnado con posibles dificultades e/ou retraso no aprendizaxe.
- Priorizar a intervención nos entornos menos restritivos posibles. Debemos atender de forma perso-nalizada e específica sempre favorecendo na medida do posible a integración nos grupos ordinarios.
- Elaborar de instrumentos para a avaliación e a intervención co alumnado de n.e.e., así como a realización e seguimento de plans de apoio individualizados para cada alumno e alumna.
- Asesorar a mestres e titores/as en canto a material, agrupamentos, actuacións preventivas co grupo - clase e atención a alumnos con n.e.a.e.
- Establecer, en colaboración co profesorado, a metodoloxía e a avaliación a seguir co alumnado, le-vando a cabo sesións de avaliación continua de forma conxunta.
- Responder ás necesidades do alumnado, realizando ACIs, programas de reforzo e ampliación da programación xeral de aula e elaborando e desenvolvendo os programas específicos que fosen ne-cesarios.
- Establecer unha boa coordinación co EOE, para cubrir as necesidades do centro.
- Garantir a máxima coordinación entre todos os profesionais que atenden aos alumnos/as con n.e.a.e.
- Dinamiza-la integración dos alumnos con n.e.e. no centro e nas diversas actividades que nel se pro-poñan.
- Acadar os obxectivos didácticos e competencias en cada curso e os dos programas específicos, pro-gramas de reforzo e os establecidos nas ACIS.

Con respecto ao alumnado:

- Organizar os tempos de atención aos alumnos/as en función das necesidades específicas de apoio educativo que presenten.
- Garantir a integración social e escolar.
- Favorecer o desenvolvemento socio-afectivo dos alumnos/as.

- Fomentar actitudes participativas.
- Fomentar o desenvolvemento das competencias previas e básicas para o aprendizaxe de todas as áreas.
- Acadar os obxectivos didácticos xerais propostos para cada alumno e alumna, desenvolvendo as adquisicións básicas sobre as que se asentan os aprendizaxes. Para elo, plantexámonos realizar actividades educativas que complementan, consolidan ou enriquecen a acción educativa ordinaria e principal.
- Desenvolver a adquisición de técnicas instrumentais básicas: linguaxe oral, lectura, escritura, cálculo e razoamento.
- Desenvolver aprendizaxes básicos funcionais que lles permitan vivir nunha situación o máis normalizada e autónoma posible.
- Incrementar progresivamente o nivel de autonomía dos alumnos/as.
- Traballar aqueles prerequisites básicos para o aprendizaxe (atención, memoria, percepción, razoamento lóxico-matemático...). Así como as súas habilidades sociais e hábitos de estudo e traballo.

Respecto ás familias:

- Asesorar a pais e nais de alumnos/as con n.e.a.e. proporcionando as orientacións precisas en colaboración cos titores/as.
- Fomentar actitudes participativas nas actividades propostas e deseñadas para os seus fillos/as.
- Proporcionar ás familias recursos e información para a consecución de axudas e asesoramento sobre como potenciar dende casa as habilidades que dende o centro pretendemos desenvolver nos seus fillos e fillas tales como chegar ao coñecemento de si mesmo, adquirir autonomía persoal, coñecer e participar no medio físico e social e desenvolver a comunicación e a linguaxe.
- Garantir un coñecemento real e positivo das posibilidades e limitacións dos seus fillos/as.
- Garantir a súa relación e contacto cos distintos membros da comunidade educativa.

3. PLANIFICACIÓN XERAL

A miña práctica educativa estará centrada na atención directa de cada alumno e alumna con NEAE, tendo en conta en todo momento as súas características e necesidades.

O meu horario estará deseñado pola xefa do Departamento de Orientación en función das necesidades presentes.

A miña labor docente estará centrada no deseño e desenvolvemento dos diferentes programas de intervención de cada un dos meus alumnos e alumnas, sempre dende a coordinación e supervisión da xefa do departamento así como a colaboración con cada un dos titores que imparten docencia ao meu alumnado.

Deste xeito, co alumnado que xa recibía apoio o curso anterior, seguirase traballando nas mesmas liñas, seguindo os programas xa existentes, sendo susceptíbeis de ser modificados no caso de ser necesario.

No caso das novas incorporacións, procederase a realizar unha avaliación inicial, para determinar de forma detallada as súas necesidades, e así darlles resposta a través do deseño e posta en práctica do correspondente programa de intervención.

Para as sesións de avaliación, ao finalizar o trimestre, realizarase un informe que será enviado á xefa do departamento así como ao titor, ao mesmo tempo terán lugar as altas e baixas, se é o caso, dos alumnos e alumnas no noso servizo.

Ao rematar curso realizarase unha memoria final por parte da mestra de AL afín PT, reflectindo en qué medida se levou a cabo este plan.

En canto á atención ás familias, destacar que este curso, por mor da situación actual provocada pola COVID-19, destacar que ditas citas serán en forma **non presencial**, de xeito que empregaremos medios telemáticos como por medio de chamada telefónica ou vídeo conferencia, os **luns** en horario de **17:00h a 18:00h** e con cita previa.

As reunións cos servizos externos serán sempre no horario de apoio do alumno ou alumna en cuestión.

4. METODOLOXÍA

A miña intervención como mestra de AL afín PT está fundamentada nos seguintes principios básicos:

- Inclusión, facendo importante e visible a todo o alumnado.
- Aprendizaxe activa, de maneira que o alumnado sexa partícipe e protagonista do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Aprendizaxe significativo; se parte do nivel de desenvolvemento do alumnado nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de ahí, outros aprendizaxes que favorezan e melloren dito nivel de desenvolvemento, propiciando oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de modo que o alumno poda comprobar a utilidade do aprendido;.

- Fomentar a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que aprendeu, que os alumnos sexan capaces de aprender de forma autónoma, fomentando a capacidade de aprender por si mesmos.
- Promover un aprendizaxe baseado no xogo que permita unha ensinanza e aprendizaxe de forma lúdica de forma que manteña motivado ó alumnado.

5. RECURSOS MATERIAIS, PERSONAIS E ORGANIZATIVOS

- Recursos materiais:

Contamos na aula e no centro de recursos que deben favorecer e facilitar ó aprendizaxe ó que se destinan e, no caso do noso ámbito, a comprensión e a comunicación. Por exemplo: obxectos reais, mapas, imaxes, carteis informativos. Mediante eles traballaremos vocabulario, comprensión da linguaxe escrita e oral, estruturación sintáctica, etc.

Dispoñemos de gran variedade de material elaborado para reforzar as áreas curriculares ou para complementar diferentes actividades e propostas ó longo do curso así como outro especificamente destinado a satisfacer necesidades do alumnado NEAE, pero do que tamén se pode beneficiar o resto do alumnado. Os mais significativos son: materiais manipulativos, imaxes e pictogramas, lotos fonéticos, materiais comerciais, cadernos de escritura pautada, diferentes recursos TIC, informáticos: PC, LIM, aplicacións dixitais...

- Recursos persoais:

Son os existentes tanto dentro como fóra do centro, e que mediante unha intervención cooperativa posibilitan a atención adecuada e individualizada a todo o alumnado en xeral, e en particular do que presenta NEAE.

Tendo este documento como responsable a mestra de Audición e Linguaxe, afín Pedagogía Terapéutica, nel participan o resto de compoñentes do Departamento de Orientación (Xefa do DO, especialista en AL e especialista en PT), os mestres titores e especialistas, as familias do alumnado e servizos externos.

- Recursos organizativos:

As sesións desenvolveranse principalmente na aula de apoio, atendendo as necesidades individuais de cada alumno, podendo intervir dentro da aula ordinaria nalgunha ocasión ou empregar outro espazo do centro.

Os horarios estarán establecidos respondendo ás características do alumnado e aos horarios do resto de grupos.

6. AVALIACIÓN

A avaliación é o conxunto de procedementos que nos proporciona información relevante para adoptar decisións respecto o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Avaliar implica emitir un xuízo de valor sobre a acción educativa e supón coñecer cales son os efectos de dita acción. A avaliación será **global** (tendo en conta os obxectivos propostos, o contexto e as características dos axentes implicados), **continua** (recollerá de forma ininterrompida información do proceso de E-A) e **integradora** de todas as áreas; segundo a *Orde do 9 de xuño de 2016*, a avaliación terá carácter formativo, regulador e orientador do proceso educativo, posto que nos proporcionará a información que permita mellorar tanto os procesos como os resultados da nosa intervención co alumnado.

Teremos en conta tres momentos de avaliación: o inicio de cada secuencia de novos aprendizaxe, unha **avaliación inicial** que permita determinar a situación de partida, as necesidades e as posibles conexións cos novos aprendizaxes que se queren potenciar. Durante o proceso, a **avaliación formativa**, que proporciona información sobre os avances, erros, dificultades, etc. e permítenos establecer a toma de decisións e mecanismos para mellorar de forma constante o proceso de ensino-aprendizaxe. Por último, a **avaliación sumativa** ó rematar a secuencia de aprendizaxe, para comprobar a eficacia do proceso, o grado de consecución dos obxectivos, outras consecucións non previstas, etc..

7. ALUMNADO QUE VAI SER ATENDIDO NA AULA DE AL E PT NO CURSO 2020-2021

- Alumnado de Audición e Linguaxe:

EDUCACIÓN INFANTIL

4 ANOS:

- Grupo de dislalias 1: consta de 7 alumnos e alumnas que amosan dificultades na articulación da linguaxe e se agrupan para traballar ditas alteracións.

5 ANOS:

- Alumna 1: Alumna que amosa alteracións na articulación da fala.
- Alumno 2: Alumno que presenta alteracións na articulación da fala.

EDUCACIÓN PRIMARIA

1º NIVEL

- Grupo dislalias 2: formado por 5 alumnos e alumnas que presentan diferentes alteracións articulatorias.
- Grupo dislalias 3: integrado por 3 alumnos que amosan diferentes dificultades articulatorias.
- **Alumnado de Pedagogía Terapéutica:**

EDUCACIÓN INFANTIL

5 ANOS:

- Alumno 3: Alumno que presenta necesidades asociadas a TEA.

EDUCACIÓN PRIMARIA

1º NIVEL:

- Alumna 4: Alumna con dificultades asociadas a TEA.
- Alumno 5: Dificultades de aprendizaxe.
- Alumno 6: Dificultades de aprendizaxe.

8. HORARIO AL+PT

	LUNS	MARTES		MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª SESIÓN	ALUMNO 3	ALUMNO 6	1ª SESIÓN	ALUMNO 3	ALUMNA 4	APOIO EN AULA 1º A
2ª SESIÓN	GRUPO DISLALIAS 2	GRUPO DE DISLALIAS 3	2ª SESIÓN	GRUPO DE DISLALIAS 1	ALUMNA 1 E ALUMNO 2	GRUPO DE DISLALIAS 3
			3ª SESIÓN	ALUMNO 5	ALUMNO 6	ALUMNO 5
3ª SESIÓN	ALUMNA 4	ALUMNA 1 E ALUMNO 2				
4ª SESIÓN	APOIO EN AULA 1ºA	ALUMNA 4	4ª SESIÓN	ALUMNA 4	ALUMNO 3	ALUMNA 4
			5ª SESIÓN	APOIO EN AULA 1º A	APOIO EN AULA 1º B	LD

5ª SESIÓN	APOIO EN AULA 1ºB	EQUIPO				
--------------	----------------------	--------	--	--	--	--

En Arzúa, a 25 de setembro de 2020.

Asdo: Laura Roel Felpeto

(Mestre especialista en Audición e Linguaxe afín Pedagogía Terapéutica)

11. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA.

Infórmase ao profesorado de todos os cursiños, PFPP, grupos de traballo, xornadas, encontros, etc. que van xurdindo, tendo todos os mestres/as a opción de poder realizalos. Así mesmo, ao igual que en anos anteriores, o Centro está aberto a todas aquelas convocatorias das distintas Consellerías, Entidades e Organismos públicos que contan con programas de formación.

Este curso solicítouse novamente a subvención concedida polo **FOGGA** para a distribución de froita e leite fresco en dous períodos do curso escolar, segundo a *RESOLUCIÓN do 18 de xuño de 2020, pola que se regula o procedemento de concesión das axudas para a subministración de froitas frescas, castañas e leite líquido de consumo ao alumnado de centros escolares e se convocan para o curso escolar 2020/21.*

Solicítouse a participación na convocatoria do Programa **ARCO**, segundo a *RESOLUCIÓN do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a posta en marcha de accións de Apoio, Reforzo de Competencias e Orientación (ARCO), dirixidas a centros públicos de EP dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en réxime de concorrencia competitiva, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, durante o curso 2020/21.*

A Liña correspondente ao noso centro é a **Liña 1**, dirixido a **alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.**

Solicitouse tamén a participación na convocatoria dos **CONTRATOS-PROGRAMA**, segundo a *RESOLUCIÓN do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan os contratos-programa e se establecen as bases para a convocatoria e selección de plans dirixidos á mellora do éxito escolar nos centros docentes públicos de educación infantil, primaria e secundaria dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o curso 2020/21.*

A **actuación** do plan é a de **IGUÁLA-T**, na que se desenvolverán accións que interveñan no fomento da coeducación, promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, prevención e tratamento da violencia de xénero, promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual, prevención e tratamento da LGBTIfobia e outras medidas semellantes.

Tamén se participa, por cuarto ano consecutivo no **PFPP**, este curso con *DÚAS liñas de traballo:*

- Robótica
- Introducción ao EVA E-DIXGAL

O centro forma parte tamén, como en anos anteriores, do **PLAMBE** (Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares) e dende hai dous cursos participa tamén no Voluntariado de Lectura. Dentro deste, seguimos suscritos ao Xornal “O Papagaio”, con 10 exemplares mensuais. O tema deste ano é *“Medioambiente e Saúde”*.

Concederon novamente un **Auxiliar de Conversa** (compartido co IES de Arzúa), por mor da sección bilingüe en plástica para o 6º nivel en inglés, que funcionan no centro dende hai dous cursos, este curso con 8 horas para cada un dos centros.

De maneira excepcional no curso 2020/2021, no caso de auxiliares que desenvolven a súa actividade en varios centros, esta será desenvolvida de acordo co seguinte calendario:

Do 01/10/2020 ao 31/00'1/2021: no centro base.

Do 01/02/2021 ao 31/05/2021: no centro compartido.

Solicítase tamén a participación nos programas do **Plan Proxecta** seguintes:

- Aliméntate ben.
- Sustentabilidade e Paisaxe.

11.1. PLAN PROXECTA

Plan Proxecta



A) ALIMÉNTATE BEN

Breve descripción do proxecto

1. INTRODUCCIÓN

Ao longo do curso 2020/21, no CEIP de Arzúa, queremos dar continuidade ao Plan Proxecta, solicitando novamente o programa de Aliméntate ben.

Levamos anos na modalidade de Froita na Escola e por terceiro ano consecutivo vimos de solicitar tamén Lácteos na escola. Polo tanto, de novo temos dúas das modalidades que ofrece este programa para traballar na mellora dos hábitos alimenticios do noso alumnado. Continuarase a traballar con Xermoliño, para lograr esta mellora.

Tendo en conta ademáis que somos un centro de interior, seguiremos poñendo as pilas para seguir coñecendo os produtos do mar.

A finalidade do programa é a de crear hábitos de alimentación saudables. As liñas estratéxicas que guiarán o noso programa fomentarán a educación en valores, a convivencia, a cooperación, a solidariedade, a responsabilidade, o respecto e o esforzo.

Todas as actividades que se realicen serán publicadas no blogue específico, creado o curso pasado, para poder compartilas co resto da comunidade educativa.

2. PROFESORADO PARTICIPANTE

- ✚ M^a Cruz Leiva Balboa (mestra de PT e coordinadora do programa)
- ✚ Alicia Casal Neira (titora de 4 anos A)

- ✚ Javier Prieto Barro (titor de 2º de Ed. Primaria)
- ✚ María Villar Bascoy (titora de 1º A de Ed. Primaria)
- ✚ Noelia Vázquez Rey (titora de 6º de Ed. Primaria)
- ✚ Mª Dolores López Casal (titora de 5 anos B)
- ✚ Miriam Blanco Rodríguez (xefa do DO)
- ✚ Verónica López Vázquez (mestra de AL)
- ✚ Laura Roel Felpeto (mestra de AL/PT)
- ✚ José Luis Bóveda Suárez (mestre de Inglés)
- ✚ Mª Jesús Vila Lama (mestra de 5 anos A)
- ✚ Mª Manuela Pérez Rodríguez (mestra de 1º B)

3. OBXECTIVOS

Partiremos daqueles obxectivos que non foi posible acadar o curso pasado debido á suspensión da actividade lectiva. Ao mesmo tempo, reforzaremos aqueles que se consideran importantes no día a día nas aprendizaxes e que tampouco se poideron profundizar por mor da pandemia:

- Fomentar no alumnado a aprendizaxe a través da curiosidade...Sabías que...
- Reflexionar sobre as mensaxes publicitarias que proceden do ámbito da alimentación.
- Interpretar a información da etiqueta nutricional.

Ao mesmo tempo reforzaranse os seguintes:

- Desenvolver nas nenas e nenos actitudes e hábitos referidos á alimentación e á hixiene.
- Sensibilizar ao alumnado sobre a importancia dunha alimentación equilibrada e a relación desta e o estado de saúde.
- Mellorar os hábitos alimenticios do noso alumnado, dentro e fóra do centro.

- Adquirir hábitos saudables investigando sobre o noso corpo: as partes, os sentidos, a hixiene e a alimentación.
- Valorar a importancia dunha alimentación sana e variada, así como una boa hixiene para a nosa saúde.
- Empregar a dimensión afectivo-social para traballar a alimentación a través de contos e obras de arte.
- Probar e coñecer novos alimentos e ampliar as experiencias sensoriais do noso alumnado.
- Introducir aspectos esenciais sobre a nutrición, a orixe dos alimentos, o seu destino e hábitos saudables.
- Coñecer o leite como un alimento básico e completo que intervén na nosa alimentación.
- Potenciar o consumo de leite como o máis completo e equilibrado dos alimentos.
- Coñecer o proceso do leite e os seus derivados.
- Coñecer como se fai o queixo, a pasteurización e o envasado do leite.
- Coñecer os beneficios do leite para os ósos, os dentes, os músculos...
- Identificar os diferentes tipos de leite (cru, en po, condensado e pasteurizado).
- Traballar a importancia de consumir froitas a diario para manter un bo estado de saúde.
- Coñecer as propiedades da froita e recoñecelas polas súas características: nome, cor, tamaño, forma, sabor, aroma...
- Recoñecer e identificar froitas propias de cada estación.
- Identificar as árbores froiteiras
- Favorecer o coñecemento do sector pesqueiro e marisqueiro, así como o da agricultura e gandaría.

- Coñecer as propiedades alimenticias do peixe fresco e en conserva e os seus beneficios.
- Promocionar o consumo de leite, froita e peixe na dieta escolar.
- Ser capaz de facer unha lista da compra a partires do menú do comedor escolar.
- Interpretar a pirámide alimenticia.
- Introducir ao alumnado na reciclaxe a partires dos envases dos lácteos e das conservas.
- Xestionar os residuos da COVID-19.
- Incidir nas merendas do colexio.
- Buscar e obter información a través dos libros e da internet.
- Implicar ás familias.

4. ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA

O programa "Aliméntate ben" terá unha duración dun curso académico e levarase a cabo coa participación da comunidade educativa do CEIP de Arzúa e organismos pertinentes.

Con este programa, o noso alumnado terá novamente a oportunidade de adquirir e afianzar hábitos saudables de alimentación a través do coñecemento e consumo de froita, leite e peixe. Dito coñecemento acadarase a través do desenvolvemento de actividades lúdicas, divertidas e motivadoras, investigando sobre o propio corpo (partes, sentidos, hixiene, alimentación), coñecendo os beneficios, propiedades, características, procedencia, valor nutricional...

As actividades terán como obxectivo fundamental traballar as distintas competencias e ser de utilidade para as mesmas, fomentando unha aprendizaxe significativa que permita xeralizarse á súa vida cotiá.

Será preciso incidir na importancia de coidar e respectar o medio natural, que nos proporciona estes alimentos, aspecto que se traballará en consonancia co programa de Sustentabilidade e Paisaxe.

A pretensión é crear un centro promotor de saúde, sendo primordial a implicación de toda a comunidade educativa.

Este traballo pódese levar a cabo a través de unidades didácticas e tomando como punto de partida o conto tradicional, anuncios publicitarios, fotografías...

Tendo en conta a situación actual e facendo referencia ao protocolo, en canto ás MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO, farase fincapé na *Educación en Saúde*, partindo das medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde implantadas no centro educativo, así como o emprego de infografías, carteis e sinalización que fomente o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene, deseñaranse e implementaranse actividades de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte á COVID-19, para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade educativa.

Estas actividades incluíranse de xeito transversal nos programas e actividades de educación e promoción da saúde que xa viñan desenvolvéndose no centro educativo, de maneira que se poida traballar a saúde de forma integral.

Polo que se desenvolven iniciativas innovadoras que dinamicen e promovan hábitos de vida activa e saudable no centro a través do programa “Aliméntate ben”, dun xeito interdisciplinar e baixo dúas liñas:

- a) Hábitos de alimentación saudable.
- b) Vida activa que inclúa a actividade física no día a día e ao longo da vida.

Empregarase a aula virtual do centro tamén como banco de recursos para este programa.

Aproveitarase a contorna para empregar todos aqueles recursos que poidan incidir nas aprendizaxes.

5. **AVALIACIÓN**

A avaliación realizarase en tres fases:

- Avaliación inicial: o profesorado participante neste programa realizará cuestionarios, conversas co alumnado, comentario de láminas...para coñecer o grao de coñecemento do que parte.
- Avaliación continua: farase ao longo do curso para saber se as actividades propostas se axeitan ao nivel educativo do alumnado e se os obxectivos propostos se están a cumprir.
- Avaliación final: ao remate do curso comprobarase se se acadaron os obxectivos propostos no programa.

Arzúa, 6 de outubro de 2020

A coordinadora

Asdo: M^a Cruz Leiva Balboa

B) SUSTENTABILIDADE E PAISAXE

INTRODUCCIÓN

O Plan Proxecta busca un avance nas dinámicas de mellora da calidade educativa a través de programas externos que leven á motivación e ao traballo activo e colaborativo do alumnado e do profesorado que participa neles.

Un dos principais obxectivos do Plan Proxecta é fixar uns criterios organizativos e metodolóxicos comúns que optimicen a eficacia innovadora dos programas educativos nos centros. Polo tanto podemos dicir que a paisaxe foi durante bastantes anos un gran olvidado na actividade escolar, o interese polo seu coñecemento foi desprazado por un acercamento sectorial á realidade espacial. Nas dúas últimas décadas recobrouse o interese científico polo estudio das paisaxes, na medida en que se considera que estes reúnen en sí mesmos unha boa parte das características, as interrelacións e a evolución histórica que antes se estudaban por separado.

O renovado interese pola paisaxe chegou de novo a escola e isto constitúe un motivo máis que suficiente para suscitar a realización de traballos e propostas didácticas que faciliten a súa integración na actividade académica escolar. De feito nos últimos anos, cada vez se poden atopar máis propostas didácticas que defenden a importancia de in-

corporar a paisaxe na escola, xa sexa dentro dunha determinada materia ou de maneira globalizada.

O noso centro solicita a participación no programa de Paisaxe e sustentabilidade para o curso 2020-2021. Trátase dun programa educativo dentro do Plan Proxecta dirixido ás distintas etapas da educación infantil e primaria co obxectivo de ensinar a interpretar e coñecer a paisaxe onde habita o alumnado, os seus elementos constitutivos, a diversidade, o valor cultural e simbólico e a importancia da súa preservación para acadar un territorio sustentable que preserve a diversidade e o valor natural das paisaxes. Este curso estamos especialmente interesados xa que a temática do centro, que parte da Biblioteca, será *“O medioambiente e a saúde”*.

Pretendemos poñer en marcha o invernadoiro do centro como práctica innovadora que nos permitirá investigar sobre a utilización deste recurso para o coñecemento dos distintos tipos de alimentos e o seu proceso de crecemento e futura formación do froito. Desde a perspectiva da innovación educativa e da educación ambiental, o invernadoiro como recurso educativo supón un instrumento de primeira orde, xa que permite poñer en práctica unha aprendizaxe activa e cooperativa baseada na resolución planificada de problemas, así como un eficaz desenvolvemento de actitudes e valores que conducen a uns comportamentos máis comprometidos coa conservación e mellora do entorno e coa utilizacións sostible dos recursos ambientais.

Preténdese que con este programa os alumnos tomen importancia da paisaxe como elemento fundamental da súa vida e siga na mesma liña de coidar o noso medio ambiente. Propoñemos actividades de observación, busca, relación e interpretación, empregando as TICS.

PROFESORADO PARTICIPANTE

- ✚ Verónica López Vázquez (mestra de PAL e coordinadora do progrma).
- ✚ M^a del Carmen Vázquez Rial (mestra titora de 3 anos A)
- ✚ Alicia Casal Neira (titora de 4 anos A)
- ✚ Iria Peteiro Rey (titora de 4 anos B)
- ✚ M^a Jesús Vila Lama (titora de 5 anos A)
- ✚ Josefa Sanmartín Souto (mestra de Apoio a Infantil)
- ✚ M^a Manuela Pérez Rodríguez (titora de 1^o B de Ed. Primaria)

- ✚ Javier Prieto Barro (titor de 2º de Ed. Primaria)
- ✚ Yolanda Vilar Chento (titora de 4º de Ed. Primaria)
- ✚ Mª del Mar López Cea (titora de 5º de Ed. Primaria)
- ✚ Miriam Blanco Rodríguez (xefa do DO)
- ✚ Mª Cruz Leiva Balboa (mestra de PT)
- ✚ Laura Roel Felpeto (mestra de AL/PT)

OBXECTIVOS

- ✚ Coñecer as distintas tipoloxías de paisaxes, especialmente aquela que se corresponde co entorno próximo do alumno.
- ✚ Identificar os elementos da paisaxe, coñecer algunhas das súas características e percibir os cambios máis notorios que se producen neles.
- ✚ Recoñecer a influencia de cada elemento e as súas interaccións elementais na transformación da paisaxe.
- ✚ Analizar algunhas manifestacións da acción humana na paisaxe e plantexar posibles actuacións ou condutas encamiñadas á conservación do patrimonio cultural e natural.
- ✚ Valorar criticamente a paisaxe, identificando e resolvendo diversos problemas relacionados con elementos propios do entorno próximo.
- ✚ Participar activamente na aula, valorando a aprendizaxe en grupo como unha forma máis de aprender.
- ✚ Coñecer e distinguir diferentes tipos de animais salvaxes da nosa contorna e a súa vida incidindo na necesidade dos mesmos.
- ✚ Favorecer o respecto e coidado do entorno de xeito colaborativo
- ✚ Actuar de xeito responsable e aportar solución para a mellora do noso entorno.
- ✚ Espertar a curiosidade do alumnado sobre o medio ambiente, incitando á investigación e ao intercambio de información.
- ✚ Potenciar a creatividade a través de recursos que nos aporte a propia contorna natural.
- ✚ Potenciar o emprego das TICS no traballo do día a día.
- ✚ Concienciación do feísmo e elementos destrutivos da paisaxe.
- ✚ Reforzar o traballo en grupo.
- ✚ Valorar a importancia do consumo de alimentos frescos e saudables.
- ✚ Contactar coa terra.
- ✚ Fomentar a participación de toda a comunidade educativa.
- ✚ Buscar información sobre os contidos do horto.

✚ Promover a sensibilización ecolóxica na escola.

✚ Valorar o traballo no campo.

ORGANIZACIÓN

Este curso continuaremos con este proxecto interrompido e levarase a cabo durante todo o curso, partindo xa dunha experiencia totalmente positiva e enriquecedora polas tarefas e a implicación de todo o colexio.

En canto á súa organización e desenvolvemento farase de maneira coordinada entre todo o profesorado participante do proxecto co fin de integralo nas diferentes materias e na propia vida dos alumnos e alumnas.

Tamén poñeremos en marcha o invernadoiro onde participarán todos os membros da comunidade escolar.

Desenvolverase aproveitando inqedanzas do alumnado para motivalo na proposta de pequenas accións que procuren a mellora da nosa contorna. Este reto propónse partindo da propia iniciativa do noso alumnado implicado no programa, facendo chegar as súas dúbidas, as nosas iniciativas a todos e a todas para así loitar polo noso medio ambiente dunha maneira conxunta. Partirase de actividades de sensibilización e ampliación de coñecementos sobre a paisaxe mediante a creación de murais, paneis...intentando motivar e espertar a curiosidade do noso alumnado e concienciando ó resto da comunidade.

Todas as actividades han de perseguir un impacto dentro e fóra do noso centro, polo que se trata dun reto moi ambicioso, implicar a todos os sectores do noso concello. Plantéxase tamén a mellora do xardín do colexio, para implicar os nenos na mellora e conservación do noso entorno.

A metodoloxía será cooperativa, activa, baseada na resolución de problemas. Intentarase construír aprendizaxes significativos polo que partiremos de coñecementos previos, partindo do entorno e da experiencia máis próxima.

Os mestres e mestras exercerán a función dun mero elemento dinamizador ou encauzador das ideas, descubrimentos e vías de avance do alumnado. Será preciso a estimulación na investigación con suxerencias concretas cando sexa necesario, dada a pouca idade dalgúns participantes.

Pretendemos con este programa formar dende curtas idades para seguir na súa formación en cursos vindeiros, o principal obxectivo será o de aprender a convivir armónicamente co medio e aprender a satisfacer as nosas necesidades sen comprometer as das futuras xeracións.

AVALIACIÓN

A avaliación deste programa será inicial para saber o punto de partida dos alumnos, mediante cuestionarios, conversas...

Unha avaliación continúa ao longo de todo o curso para saber se as actividades propostas se axustan ao nivel dos nenos e nenas e aos obxectivos propostos inicialmente.

Unha avaliación final na que se comprobarán os resultados acadados, se se cumpriron os obxectivos propostos, e se conseguir sobre todo o primordial deste programa.

En Arzúa 6 de outubro de 2019

A Coordinadora

Asdo: Verónica López Vázquez

11.2. PFPP

Neste curso 2020/21, dentro do Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) collemos dúas **liñas de traballo**, que son as seguintes:

- *Introdución ao E-dixgal.*
- *Robótica:* acolléndonos á convocatoria para participar no programa de Innovación educativa “*Introdución á robótica educativa en primaria*”, segundo a Resolución do 23 de setembro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a participación no programa de innovación educativa “*Introdución á robótica educativa en primaria*” para centros docentes públicos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade durante o curso 2020/21, o CEIP de Arzúa solicitou unha ampliación do proxecto de robótica durante o curso 2020/21. A continuación preséntase o proxecto de ampliación:

AMPLIACIÓN DO PROXECTO DE ROBÓTICA

AVANZANDO NA ROBÓTICA

ROBOARZÚA: REDE DE ROBÓTICA EDUCATIVA

UN ESPAZO PARA A APRENDIZAXE

CONSTRUTIVISTA E A INNOVACIÓN

1. NOME DO PROXECTO

Avanzando na robótica

2. COORDINADORA DO PROXECTO:

Verónica López Vázquez. Mestra de A.L

3. DIRECCIÓN:

Mª Cruz Leiva Balboa. Mestra de PT.

4. PROFESORADO PARTICIPANTE:

✚ Mª Dolores López Casal. Mestra de 6º de E. Infantil.

✚ Mª del Mar López Cea. Mestra de 5º de E. Primaria.

- ✚ Remedios Pedrosa Fernández. Mestra de Relixión.
- ✚ Noelia Vázquez Rey. Mestra de 6º de E. Primaria.
- ✚ María Villar Bascoy. Mestra de 1º de E. Primaria.
- ✚ María Manuela Pérez Rodríguez. Mestra de 1º de E. Primaria.
- ✚ Laura Roel Felpeto. Mestra de AL.
- ✚ Yolanda Vilar Chento. Mestra de 4º de E. Primaria.
- ✚ Mª Cruz Leiva Balboa. Mestra de PT.
- ✚ Verónica López Vázquez. Mestra de AL.

5. NIVEIS EDUCATIVOS NO QUE SE IMPLANTARÁ O PROXECTO:

4º, 5º e 6º de E. Primaria

6. INFORME EXPERIENCIA EDUCATIVA

Este curso solicitamos unha ampliación do proxecto iniciado fai tres cursos promovido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de fomento de actividades STEM: "Introdución á robótica educativa en Primaria" nos cursos 4º, 5º e 6º de Primaria.

Contamos cun gran historial na participación de diferentes programas de innovación dentro do Plan Proxecta, premiados varios anos consecutivos con primeiros e segundos postos así como o recoñecemento do primeiro premio PROXECTA 2016 na categoría A.

O curso pasado estivemos inmersos tamén nos Contratos Programa, concretamente no Programa Arco e en Iguálate.

Polo tanto este curso formaremos parte dun Plan de formación relacionado coas STE-AM que continuaremos este curso con profesorado de Primaria. Este curso a coordinación de dito proxecto será levada a cabo por Verónica López Vázquez.

Este curso estamos especialmente interesados neste proxecto, xa que o curso pasado debido á situación de estado de alarma, tivemos que interromper as actividades cos nosos alumnos. Por este motivo este curso solicitamos unha ampliación coa intención de poder levar a cabo todas as actividades que temos en mente e aquelas que non podemos facer o curso pasado. A proposta para este curso sería que cada neno tivera o robot para traballar de forma individual, xa que debido ao Protocolo COVID, sería imposible o traballo en grupo. Ó longo deste curso gustaríanos poñer en marcha distintas actividades enfocadas a **atención a diversidade** xa que consideramos que pode ter moitos beneficios neste alumnado xa que lles axudaría a:

- ✚ Mellorar a súa **atención** xa que lles permite relaxarse e focalizar a atención nunha cousa concreta e rechamante.
- ✚ Perfeccionar a **motricidade fina**, na que a actividade de robótica require a **coordinación óculo- manual** para desenvolver as construcións.
- ✚ Aprender a traballar en equipo **desenvolvendo habilidades** de colaboración e cooperación.
- ✚ Perfeccionar as súas **habilidades comunicativas**.
- ✚ Sentirse **integrados** xa que comparten momentos e experiencias con outros alumnos.

A robótica é un recurso didáctico e innovador que pode facilitar a aprendizaxe desde os primeiros cursos xa que capta o interese dos estudantes podendo conseguir que os alumnos con **NEE** aprendan de forma diferente.

Decidimos que non imos contar con formación xa que a maioría das persoas que participan levan tres anos formándose e consideran que contan coa formación axeitada para levar a cabo o proxecto este curso.

6. ÁREAS DISCIPLINARES DO PROXECTO:

Matemáticas, Ciencias Naturais, Tecnoloxía, Ciencias da Información e Comunicación, Educación Física e Plástica.

7. OBXECTIVOS XERAIS:

- ✚ Realizar proxectos nos que mediante o deseño, a construción e a programación de robots os estudantes poidan, por unha parte visualizar, explorar e comprobar conceptos de razoamento das áreas de coñecemento involucradas e, por outra, formular e experimentar alternativas para arranxar problemas ou facer tarefas.
- ✚ Estimular o desenvolvemento de habilidades para traballar de forma colaborativa cos compañeiros e para a toma de decisións como equipo, podendo escoitar, discutir e respectar ideas e opinión doutros.

8. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- ✓ Introducir de forma divertida e participante o mundo da robótica Lego.
- ✓ Achegar á ciencia e a tecnoloxía a través da robótica, unha área en pleno desenvolvemento na que conflúen outras áreas de coñecemento como matemáticas, enxeñería, electrónica, mecánica e informática, xunto con plástica.
- ✓ Comprender, utilizar e poñer en práctica conceptos de razoamento mecánico(física aplicada) tales como: forza, velocidade, aceleración, fricción(rozamento), centro de gravidade, engrenaxes, torque, relación, transmisión, vantaxes mecánica, traballo, potencia, etc.
- ✓ Utilizar a creatividade para deseñar, construír e programar robots.
- ✓ Participar activamente en proxectos realizados en equipo, colaborativamente.
- ✓ Solucionar problemas mediante acordos con compañeiros.
- ✓ Utilizar ferramentas TIC para programar os robots e presentar os resultados.
- ✓ Coñecer e dominar a xestión, manexo e uso didáctico do equipamento dos kits de robótica de primaria así como do equipamento complementario.
- ✓ Deseñar, desenvolver e avaliar acción formativas de aula no marco de materias de libre configuración de centro en 4º ou 6º de EP.
- ✓ Vincular a perspectiva STEM con outros proxectos de centro.
- ✓ A robótica e a programación como recurso na atención á diversidade e escola inclusiva.
- ✓ Desenvolver habilidades de vocabulario e comunicación para explicar como funciona o modelo.
- ✓ Utilizar diagramas 2D para construír un modelo 3D.

9. XUSTIFICACIÓN E FUNDAMENTACIÓN DA IMPORTANCIA E A UTILIDADE DO PROXECTO

O ingreso das TIC nas institucións educativas facilita as relacións cos novos saberes e dá resposta a certas demandas do mundo do traballo, acompañando a progresiva apropiación daquelas e o seu uso para mellorar as prácticas habituais na aula e explorar novas co obxecto de mellorar a calidade educativa e formar nenos e nenas das escolas de primaria para o mundo.

Partimos de que no mundo laboral e na Unión Europea, hai moita preocupación polas carreiras STEM / STEAM, é dicir, as relacionadas coa ciencia e a enxeñería. Aínda que as carreiras máis técnicas teñen máis traballo que a humanística e o interese pola ciencia e a tecnoloxía medrou desde 2010, por exemplo, segundo un informe, o número de alumnos matriculados en estudos de ciencia e enxeñaría, representaron só o 28% de todos os estudantes universitarios, mentres que os estudantes de ciencias humanas e sociais representaron máis do 57%.

Sendo consciente de que a ciencia e a tecnoloxía son un dos motores do desenvolvemento económico nun país e que no contexto no que vivimos cada vez máis necesitaremos máis persoas con educación superior en ciencia e tecnoloxía, para motivar, inspirar e xerar interese para estes tipos de titulacións, ás próximas xeracións para que sexan capaces de innovar, traballar en equipos e resolver calquera tipo de problema que lles plantexa, impulsando e garantindo un futuro mellor. Así como aumentar o número de rapazas nestas especialidades e fomentar a igualdade de xénero. Neste curso 2019-2020, esta escola en 4º, 5º e 6º nivel quere desenvolver dúas liñas de actuación para garantir o éxito de cada alumno e alumna. Por unha banda, aplicar a creatividade e a innovación na práctica profesional e, por outra, promover unha cultura de innovación educativa e implementar boas prácticas. As vantaxes da aprendizaxe baseada en proxectos son innumerables. A continuación destacamos algunhas:

1. Motiva aos alumn@s para aprender. O profesor/a esperta a curiosidade do alumno mediante elementos ligados á súa realidade que o estimulan a investigar e aprender.
2. Desenvolve a súa autonomía. Os alumnos son os protagonistas do proceso: planifican o proxecto, distribúen as tarefas, poñen as ideas en común, toman as súas propias decisións e elaboran o produto.
3. Fomenta o seu espírito autocrítico. Alenta aos alumnos para avaliar o seu propio traballo e a detectar fallos no proceso de traballo co obxectivo de que aprendan dos seus erros e melloren os resultados nun futuro.
4. Reforza as súas capacidades sociais mediante o intercambio de ideas e a colaboración. Os alumnos poñen en común as ideas, debaten e acordan decisións. Mediante a aprendizaxe colaborativa, apóianse os uns aos outros para aprender e conseguir un obxectivo común.
5. Facilita a súa alfabetización mediática e informacional. Durante a investigación desenvolven a súa capacidade para buscar, seleccionar, contrastar e analizar a información.

6. Promove a creatividade. Deben poñer en marcha todas as estratexias e ideas posibles para elaborar un produto que dea resposta á cuestión exposta. Así, poden realizar vídeos, campañas, maquetas, folletos ou calquera outro elemento que apoie a súa resposta. Canto máis orixinal sexa o produto, mellor.

7. Atende á diversidade. Estimula tanto aos estudantes con problemas de aprendizaxe como aos alumnos máis avanzados ou superdotados. Aos primeiros axúdalles a aprender mediante a interdependencia positiva cos seus compañeiros, mentres que aos segundos ábrelles todo un campo de posibilidades para desenvolver plenamente as súas capacidades. Dende o colexio, desenvolvemos unha comisión de "Tecno-Ciencias" que xestiona e canaliza as tarefas da escola con proxectos innovadores. Estas son algunhas das actividades que realizamos para traballar STEM a nivel gradual, empezando polo máis sinxelo e ir aumentando na complexidade.

- Activaremos talleres informáticos e utilizaremos os distintos kits de robots dos que dispoñemos no centro os cales iríamos construíndo:

Construír un robot implica coñecementos de moitas áreas como mecánica (estrutura do robot), electricidade (animación do robot), electrónica (comunicación entre robot e ordenador), informática (desenvolvemento dun programa para controlar o robot), competencia de comunicación oral e escrita ademais de desenvolver competencias para este novo milenio:

- Capacidade de prevención e resolución de problemas, toma de decisións:
 - Capacidade mental.
 - Pensamento reflexivo.
 - Sentido de anticipación.
 - Actitudes creativas.
- En relación coa formación científica e tecnolóxica:
 - Cultivo de actitudes científicas (sorpresa, curiosidade, análise, investigación).
 - Coñecemento da cultura tecnolóxica (informática, redes e vídeo).
 - Capacidade para buscar, obter e xestionar información.
- Inherente no desempeño social:
 - Confianza en si.
 - Liderado.
 - Autoestima.
 - Buscar desafíos.
 - Capacidade para traballar como equipo.
 - Capacidade para traballar de forma colaborativa.
 - Negociar.
 - Saber escoitar e comunicarse cos demais
 - Capacidade de traballar ao seu ritmo.

Polo tanto baseariámonos nunha aprendizaxe constructivista, xa que se lle poñen tarefas a resolver ao alumnado implicado, fomentando a cooperación entre mestres e alumnado e integrándoas nos procedementos técnicos e tecnolóxicos de carácter máis xeral e abstracto. Foméntase a creatividade dende o punto cero, onde dese-

ñan e constrúen as súas propias creacións, primeiro mentais e logo físicas. Créase un ambiente de aprendizaxe dinámico e multidisciplinario, integrado dentro do propio currículo, onde o alumnado emprega os seus coñecementos de matemáticas, ciencias naturais e experimentais, tecnoloxía, ciencias da información e da comunicación, dunha forma nova e divertida, promovendo a interiorización das aprendizaxes e introducindo novos conceptos que complementarán e facilitarán que o alumnado logre acadar os obxectivos e competencias plantexadas no currículo vixente.

10. O NOSO PROXECTO

ROBOARZÚA é un espazo de experimentación para desenvolver na escola, no que se aplican estratexias tanto de aprendizaxe activa como construtivista. Nel expóñense problemas e os estudantes xeran maneiras creativas e posibles para resolvelos.

Utilizaremos os seis kits de robótica que nos enviou a Consellería no curso 2017/2018 e máis outros cinco que adquirimos coa **dotación do curso anterior**, un total de 11 **mBot**, baseándonos na linguaxe de programación **Scrach** e **MBlock**, aplicacións que temos descargadas nos ordenadores Abalar.




Tamén dispoñemos de **10 Escornabots** e **2 Kits de Lego education WeDo 2.0**, xunto con dúas **táblets** nas que se inclúen distintas aplicacións (Makeblock, mBlock, Doodle 3 D Transform, WeDo 2.0 e Pipop Escornabot) e así poder traballar a través de bluetooth.

A aplicación Doodle 3D Trasform permitirá transformar debuxos 2D en deseños 3D, facendo que o deseño 3D sexa fácil e divertido. Contamos ademáis con diferentes **paneis** para poder levar a cabo distintas actividades.



Todo este material, adquirindo recentemente coa dotación económica nos ofrece a posibilidade de seguir avanzando neste mundo das STEAM, iniciado nun primeiro momento cos mBot e que agora nos permite ampliar a formación e ir adquirindo novos coñecementos cos novos materiais, a través do grupo de traballo.

Cos Escornabots tamén pretendemos acercar a robótica e a programación aos nenos e nenas. O Escornabot básico pode programarse cos botóns par executar secuencias de movemento.



A partir de aquí, a imaxinación é o único límite nas posibilidades, pois faino cada un e resulta se un proxecto de hardware aberto e software libre, de xeito que podes adaptar as súas características ás túas necesidades. Dispoñemos da aplicación **Pipop Escornabot** nas tablets.

Os sets de construción WeDo permitirán aos nenos e nenas construír e programar modelos robóticos sinxelos a través da aplicación WeDo 2.0, descargada nas nosas tablets. É un xeito divertido de programar. Trátase de montar robots de distintas maneiras, que se moven grazas a un sensor de movemento e tamén nós desde a tablet podemos facer que vaian en diferentes direccións, podemos gravar a nosa voz e facer que se movan.



Precisamos pilas, un motor, algunha roda e sobre todo moita paciencia e gañas de pasalo ben.

Os robots que se constrúen cos elementos destes Kits son resistentes e non demandan coñecementos de electrónica para funcionar. Búscase facilitar, mediante experimentación, a aprendizaxe de conceptos de razoamento mecánico (física aplicada) tales como: forza, velocidade, aceleración, fricción (rozamento) centro de

gravidade, engrenaxes, torque, relación, transmisión, vantaxe mecánica, traballo, potencia, etc. As actividades realízanse co apoio do profesorado, quen ao longo do proxecto formula aos estudantes preguntas retadoras e pertinentes que os orienten e permítanlles deducir os conceptos necesarios para cumprir cos requirimentos do proxecto que están a traballar. En canto a metodoloxía e a temporalización, este proxecto desenvolverase durante a totalidade do curso en horario curricular (un día á semana, dúas horas). As actividades levaranse a cabo, segundo sexan as necesidades, nunha aula con boa iluminación e dotada con espazo para que os alumnos, e os seus netbooks, desenvolvan as actividades normalmente, ou na propia aula reorganizada adecuadamente. A dinámica de traballo na aula de medios co programa de robótica educativa, require que o docente promova a disciplina e o traballo en equipo. Requírese dun traballo colaborativo en equipos con roles ben definidos.

Tamén contamos cun sensor para utilizar cos robots.



E xa por último contamos con 2 tablets para poder conectar o MBot por Bluetooth con ditas tablets.



O longo deste curso se se volvera a repetir a situación do curso pasado, os alumnos de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria levarían os portátiles Abalar e Edixgal para as seus fogares coa intención de que participen mediante a aplicación mBlock e poidan programar. Continuaríamos deste xeito co proxecto de robótica de forma telemática, guiando o alumnado, se fose necesario, mediante videoconferencias.

Arzúa, 25 de setembro de 2020

A Coordinadora

Asdo: Verónica López Vázquez

11.3. Seccións Bilingües

PROXECTO: SECCIÓN BILINGÜES ÁREA DE PLÁSTICA

1.- INTRODUCCIÓN

As linguas son instrumentos de comunicación e coñecemento, vehículos de valores e expresión cultural, e un factor determinante da identidade das persoas. A aprendizaxe dunha lingua estranxeira constitúe unha necesidade e é un camiño para ter acceso, por un lado, á información e ao coñecemento e, por outro, aos diferentes modos de vida e diversidade cultural. Isto facilita a mobilidade da xente, o entendemento e cooperación mutuos, e supera o prexucio e a discriminación. No século 21 a maioría das son multi-culturais e multilingüais e isto trouxo moitos cambios en relación ao ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras en Europa. Polo tanto os países europeos, seguindo as recomendacións do Consello de Europa establecidas no Common European Framework of Reference for Languages, deben promover a aprendizaxe doutras linguas e culturas. O currículo para educación obrigatoria español establece a necesidade de que @s estudantes rematen Educación Primaria coñecendo polo menos unha lingua estranxeira. Sendo os aspectos socioculturais parte do currículo para a Lingua Inglesa, tamén se está desenvolvendo nos nos@s estudantes a conciencia cultural, o que lles permitirá valorar, ao mesmo tempo, a propia lingua, cultura e identidade. Dentro deste marco, A Xunta de Galicia está a desenvolver o plan de Sección Bilingües e o seu modelo de aprendizaxe CLIL ou AICLE. Nesta liña, e despois da orde anterior do ano 2007, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publica a Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as Sección Bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario e coa que aposta por mellorar as competencias lingüísticas da poboación galega que, partindo dun contexto bilingüe (galego e castelán), dotaríase de competencias plurilingües e pluriculturais coa implantación de proxectos baseados na aprendizaxe e uso da lingua en contextos comunicativos. Este centro educativo xa participou os cursos anteriores, 2017-18, 2018-19, 2019-20 no programa de Seccións Bilingües, polo tanto, este ano será a continuación do traballo proposto os anos anteriores. Contamos, ademais, coa axuda dunha nova asistente de conversa de orixe filipino, 8 horas semanais, para levar a cabo o proxecto.

2.- PROFESORADO E ALUMNADO PARTICIPANTE

Alumnado: 19 alumnos/as de 6º A de Educación Primaria.

Profesorado:

- María Teresa Díaz Martínez (Mestra especialista de Lingua Inglesa e Coordinadora do Proxecto)
- Ivy Antonio, asistente de conversa, 8 horas semanais.

3.- NIVEIS E MATERIAS

Utilizaremos a lingua estranxeira na área de Plástica, xa que consideramos que esta crea un contexto lúdico e instrumental onde se pode usar a lingua estranxeira dun xeito eminentemente oral e comunicativo.

6ºA Primaria.

- 1 hora semanal de Plástica.

4.- OBXECTIVOS

É evidente que se terán en conta os obxectivos que aparecen no Currículo vixente de primaria para a área de Expresión Plástica e Dramática. Pero debemos ter en conta tamén que os obxectivos que se pretenden acadar con esta proposta xiran en torno a dous eixos: lingua e materia. Por iso debemos falar de obxectivos lingüísticos e non lingüísticos.

OBXECTIVOS LINGÜÍSTICOS:

1. Utilizar o inglés como vehículo de aprendizaxe e de coñecemento doutras áreas curriculares.
2. Mellorar a competencia lingüística na area de inglés, proporcionándolles vocabulario e fluidez e integrando ao alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
3. Expresar ideas, sentimentos, vivencias de forma persoal e autónoma en situacións de comunicación e xogo.
4. Expresarse e comunicarse producindo mensaxes que empreguen os códigos da linguaxe plástica e dramática.
5. Proporcionar ao alumnado, especialmente aqueles con necesidades educativas, as estratexias necesarias para enfrontarse a situación da vida ordinaria, a través dun maior dominio do inglés, lingua das novas tecnoloxías .
6. Reflexionar sobre o funcionamento lingüístico e comunicativo tanto da lingua materna como das linguas estranxeiras, o que facilitará a aprendizaxe das mesmas.
7. Acadar unha maior competencia lingüística para enfrontarse a tarefas comunicativas por media da práctica de diferentes actividades e estratexias: de expresión oral e escrita, de lectura e audiovisual e de interacción oral e escrita

OBXECTIVOS NON LINGÜÍSTICOS

1. Comprender as posibilidades da imaxe, o xesto e o movemento expresivo como elementos de representación.
2. Observar as características máis significativas das situación e obxectos da realidade e seleccionar aquelas que considere máis útiles para o desenvolvemento da actividade artística.
3. Coñecer os elementos plásticos e dramáticos básicos para a análise de producións artísticas e utilzalos na elaboración de producións propias.
4. Realizar producións plásticas de forma cooperativa..
5. Manipular e investigar sobre materiais e útiles diversos para coñecer as súas propiedades e posibilidades con fines expresivos e comunicativos.
6. Confiar nas elaboracións artísticas propias e desfrutar ca súa realización e aprender dos erros cometidos para mellorar.

5.- CONTIDOS

Traballaremos os contidos según o currículo para a Educación Primaria na nosa comunidade autónoma (decreto 130/2007):

1. Observación e discriminación de materiais, de cores, de formas, de volumes, de texturas, de contornos, de perspectiva, da bidimensionalidade e da tridimensionalidade, de luz, e de movemento nos obxectos, nas imaxes e nas obras artísticas.

2. Elaboración conxunta de protocolos, de forma oral e escrita, para a observación de aspectos, de calidades e de características notarias e sutís de elementos naturais e artificiais.
3. Indagación sobre as posibilidades plásticas e expresivas de elementos naturais.
4. Descubrimento e identificación de elementos artísticos, obras de arte ou certos aspectos relativos a elas (previamente traballadas na clase) na vida cotiá e nos medios de comunicación, reflexionando sobre o seu uso.
5. Exploración das características, elementos, técnicas e materiais que as obras artísticas ofrecen e suxiren para a súa recreación e creación de obras novas.
6. Documentación,, rexistro e valoración de formas artísticas e artesanais representativas da expresión cultural de Galicia e doutras colectividades.
7. Busca de información sobre producións artísticas, autoras e autores para a elaboración e recreación de traballos diversos (exposicións, cartafolios individuais ou da clase, colaboración en eventos culturais...).
8. Diálogo ante unha obra de arte expresando o que gusta e non gusta, como se sente cadaquén, o que pensan ou o que lles recorda, identificando o significado que poidan ter certos elementos da obra (a cor, a liña, a técnica empregada, os materiais, a luz, a perspectiva...) coas sensacións producidas..
9. Apreciación dos diferentes significados que pode ter unha obra de arte para cada persoa, para cada cultura e para cada época.
10. Valoración positiva da diversidade de opinións, de xuízos, de gustos e de argumentos relacionados coa expresión plástica.
11. Iniciación á análise das formas de representación de volumes no plano segundo o punto de vista ou a situación no espazo.
12. Análise e valoración da intención comunicativa das imaxes nos medios e tecnoloxías da información e da comunicación e xuízo crítico das imaxes que do home e da muller se ofrecen neles.
13. Comparación de mostras de diversos materiais e observación destes transformados en producións artísticas, reflexionando sobre o proceso de transformación e posibles resultados alternativos.
14. Coñecemento de identificadores artísticos de diferentes culturas e valoración destes como enriquecedores da nosa.
15. Valoración e apreciación da obra artística como instrumento de comunicación persoal e de transmisión de valores culturais.
16. Interés por coñecer producións artísticas do patrimonio cultural galego e por obter información sobre as persoas que as produciron.
17. Aplicación de cores . complementarias e/ou opostas e mais de tonalidades de forma intencionada, como media de expresión e de representación.
18. Experimentación de formas abertas e pechadas segundo a súa forma, dirección e situación espacial, e aplicación dos resultados á propia produción artística.
19. Exploración dos cambios que experimentan os volumes, as persoas e os espazos pola incidencia da luz (sombras chinesas, teatro negro...).

20. Exploración de materiais diversos coa finalidade de atopar o máis adecuado para unha produción artística cunha finalidade determinada (expresión de ideas, de accións, de situacións).

21. Elaboración de producións plásticas empregando técnicas mixtas, texturas diferentes, materiais variados, instrumentos diversos e en soportes diversificados.

22. Construción e caracterización de personaxes, recreación de espazos imaxinados, creación de estruturas, de maquetas, de decorados e de exposicións relacionados coa propia experiencia e no desenvolvemento de actividades do centro. Uso durante o proceso, entre outras, de nocións métricas e de perspectiva.

23. Realización de fotografías (enfoque e planos) para enriquecer un informe, para recoller unha saída de campo, para a realización dunha fotonovela, para ilustrar unha noticia ocorrida no centro.

24. Emprego de tecnoloxías da información e da comunicación para o tratamento de imaxes, deseño e animación, e para a difusión dos traballos elaborados .

25. Composición de pezas recreando as obras artísticas analizadas (ou aspectos delas), logo de busca de información sobre a obra, a época de elaboración, a autora ou o autor. 26. Preparación de documentos propios da comunicación artística como carteis, guías ou programas de man para difundir e informar sobre unha exposición, unha representación, un festival.

27. Constancia e esixencia progresiva no proceso de realización aplicando estratexias creativas na composición, asumindo responsabilidades no traballo cooperativo, establecendo momentos de revisión, respectando as achegas das outras persoas e resolvendo as discrepancias con argumentos.

28. Incorporación progresiva e utilización durante o proceso de produción dalgunha terminoloxía propia da linguaxe plástica.

29. Seguimento cada vez máis autónomo dun proceso para chegar á materialización plástica dunha idea.

30. Organización progresiva do proceso de elaboración concretando o tema xurdido desde a percepción sensorial, a imaxinación, a fantasía ou a realidade, prevendo os recursos necesarios para a realización, explorando as posibilidades de materiais e de instrumentos e mostrando confianza nas posibilidades de creación.

31. Apreciación da orixinalidade como fundamento da conducta creativa e respecto á obras de arte doutras persoas

6.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

O noso currículo oficial baséase principalmente en dúas tendencias educativas: o aprendizaxe centrado no alumno/a e o enfoque comunicativo. Os/as estudantes deben ser progresivamente responsables da súa propia aprendizaxe, autónomos/as, reflexionando tanto sobre si mesmos/as como sobre o seu proceso de aprendizaxe. Esta conciencia da súa aprendizaxe conseguirase a través da aprendizaxe por descubrimento mentras interactúan en diversas situacións comunicativas. Utilizarase unha metodoloxía CLIL baseada nos seguintes puntos:

Dende o punto de vista lingüístico:

1. A lingua apréndese de forma máis eficaz en situacións reais onde se crean contextos comunicativos. É unha lingua contextualizada xa que se constrúe coñecemento e desenvólvese a comprensión a partir de tarefas próximas á realidade,
2. A lingua utilízase cun propósito, a realización dunha tarefa onde se vivencian unha gran variedade de situacións comunicativas, polo tanto, a aprendizaxe céntrase en contidos significativos. Iso supón unha maior motivación cara a lingua adicional.

Dende o punto de vista dos contidos:

1. Esta metodoloxía baséase no desenvolvemento das competencias básicas a través da realización de tarefas e produción de materiais propios.

Dende o punto de vista cognitivo:

1. Aprendizaxe significativa partindo dos coñecementos previos do alumnado e construíndo novo coñecemento a partir de situacións reais.
2. Reflexión do alumnado sobre o funcionamento lingüístico e comunicativo das linguas .

Dende o punto de vista cultural:

1. Fomenta a interculturalidade xa que supón un contacto con outras realidades culturais e comparación coa propia lingua e cultura.
2. Fomenta a tolerancia, solidariedade e respecto pola pluralidade e a diversidade, ao mesmo tempo que fomenta o amor e respecto pola súa propia identidade.

Utilizarase unha gran variedade de recursos metodolóxicos e didácticos : material específico (libros, vídeos), recursos técnicos (ordenadores, material audiovisual, Internet) e material funxible entre outros. Internet é unha ferramenta para búsqueda de información e de comunicación (o alumnado pode comunicarse con compañeiros/as, buscar información, contemplar obras de arte, publicar os seus propios traballos, etc) A Aula Virtual do colexio dispón de enlaces para o traballo desta materia. Dado que a nosa metodoloxía será centrada na/o alumna/o, as/os mestras/es teremos diferentes roles: asesoras/es, organizadoras/es, participantes, así como fonte de recursos. Favorecerase a atención individualizada ao alumnado respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe e proporcionándolles actividades de reforzo ou de ampliación en caso necesario. Os tipos de agrupamento serán diversos, e adecuaranse ao tipo de actividades que se van desenrolar (grupo clase, traballo individual, pequenos grupos ou parellas).

7.- APORTACIÓN DAS SECCIÓNS BILINGÜES PARA ACADAR AS CCBB

As competencias básicas responden á necesidade de fomentar unha aprendizaxe integradora e globalizada. O ensino CLIL potencia o desenvolvemento das competencias básicas do alumnado xa que parte dun carácter globalizado ao integrar linguas e contidos. Traballaremos os diferentes elementos de cada unha das competencias básicas:

Competencia cultural e artística:

- Coñecer as manifestacións artísticas de diferentes épocas e procedencias. Especialmente as de orixe galega e saxona.
- Servirse da creatividade ofrecida polos grandes pintores para estimular a propia imaxinación e capacidade expresiva. - - .
- Utilizar a creatividade propia para desenvolver composicións novas.
- Utilizar as tramas, as manchas e os elementos gráficos para xerar creacións persoais.
- Observar o medio animal e vexetal e plasmalo nas propias producións.

- Promover a iniciativa ao ter que implicarse nas tarefas, a imaxinación e a creatividade.

Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico:

- Fomentar a adquisición da habilidade para desenvolverse de maneira autónoma, de xeito que o alumnado saiba analizar, interpretar e obter conclusións.
- Apreciar o medio a través da percepción de formas, texturas, condicións luminosas e movemento presentes no medio natural e nas obras de arte.
- Analizar e reproducir o medio en función de tramas, manchas, elementos gráficos e figuras xeométricas.
- Observar a flora e a fauna do contorno inmediato e pictórico. Analizar as diferenzas das froitas e expresalas nas creacións plásticas persoais.
- Sistematizar a observación e a representación da expresión humana.
- Afondar na actuación da luz sobre as formas e cores do medio.
- Diferenciar a estrutura de distintas tramas.
- Asimilar os conceptos relativos ao círculo cromático.
- Conocer e manexar a perspectiva focal.

Competencia en comunicación lingüística:

- Comunicarse cos/cas membros do seu grupo para resolver problemas, chegar a conclusións, etc, tanto na lingua propia como na lingua transmisora de contidos.
- Desenvolver a comprensión lectora de imaxes.
- Valorar como elementos narrativos as calidades físicas que achegan carácter visual a unha obra plástica.
- Incorporar ao vocabulario propio termos da linguaxe plástica para utilizalos adecuadamente.
- Utilizar a linguaxe para constatar as distintas formas e texturas que diferencian os exemplares do mundo vexetal e animal.
- Describir oralmente as variacións percibidas no medio físico e no representado debido aos cambios de posición do foco de luz.
- escoitar e valorar as análises perceptivas producidas polos compañeiros e compañeiras.
- Realizar unha atenta lectura e escoita das instrucións de realización de cada actividade.
- Ler e asimilar as diferenzas existentes entre os tipos de papeis de posible reciclado plástico.

Tratamento da información e competencia dixital:

- Considerar a información recibida como o elemento de partida da expresión artística.
- Analizar a información ofrecida palas cores e polos matices dos elementos representados.
- Realizar buscas de imaxes en Internet.
- Aproveitar as fotografías de revistas e catálogos para observar e manexar a iluminación das imaxes.
- Percibir a presenza da perspectiva en distintas fotografías e distintos elementos do medio.

- Utilizar fotografías de orixes diversas (cromos, revistas, Internet...) para afondar nos tipos de estruturas, texturas e iluminación.
- Percibir a información visual e plástica, e expresar o que se sente ante ela en inglés.
- Espertar a curiosidade ante novos coñecementos e favorecer o uso da Internet como fonte inagotable de información.
- Contribuír á incorporación de habilidades para un desenvolvemento axeitado do alumnado en distintos ámbitos da vida.
- Dispoñer aos alumnos e alumnas de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar e xestionar adecuadamente información, resolver problemas reais, e tomar decisións, traballar colaborativamente e así poder serrar producións responsables e creativas.
- Comunicar a información e os coñecementos adquiridos empregando recursos expresivos que incorporen as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e comunicación.
- Avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovación tecnolóxicas a medida que van aparecendo.
- Ter unha actitude crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas.

Competencia para aprender a aprender:

- Atender ao erro como parte do proceso de aprendizaxe, fomentando a aceptación do mesmo e a intención por superalo, sendo a lingua só o vehículo de comunicación para a realización dunha tarefa.
- Promover a autonomía e a autoaprendizaxe ao observar e aprender das producións dos seus iguais.
- Potenciar unha metodoloxía interactiva na que o alumnado poida aprender a buscar e obter información.
- Fomentar a observación, a comparación e a valoración para favorecer a sistematización da aprendizaxe.
- Utilizar a análise dos recursos gráficos para mellorar a calidade das expresións plásticas.
- Explorar texturas, formas e espazos para adquirir un repertorio dispoñible en situacións diferentes.
- Elaborar estratexias para mellorar os resultados plásticos.
- Localizar información en diferentes orixes informativas.

Competencia social e cidadã:

- Promover o consenso das tarefas e a busca de solucións ante un conflito.
- Achegar aos nenos e nenas outra lingua diferente da propia e promover o respecto cara á realidade plurilingüe.
- Crear un espazo contextualizado para o emprego real da lingua estranxera á hora de intercambiar material ou pedir ideas.
- Respetar as normas e instrucións ao realizar as actividades de reprodución plástica.
- Valorar as diferentes versións da expresión corporal da figura humana.
- Mostrar respecto polas representacións artísticas de diferentes estilos e tendencias estéticas.

- Valorar os acabados correctos, sexan obras propias ou alleas
- Rec:ofñecer as diferenzas de formas e texturas como definidoras da individualidade de calquera ser vivo.
- Considerar a existencia de múltiples puntos de vista ao observar a realidade.

Competencia matemática:

- Desenvolver a comprensión e produción de plans e instrucións, así como a capacidade para o organización da información, emprender procesos ou comprender localizacións.
- Utilizar elementos matemáticos tales como formas, tempo, medida.. .nas súas formas de expresión..
- Expresarse plásticamente mediante a combinación de formas xeométricas e orgánicas.
- Valorar a liña e o contido comprendido nela como elementos básicos de escritura plástica, así como o grosor daquela e da superficie comprendida dentro.
- Buscar a equivalencia das formas ao recortar con coidado as zonas de cor que cubrirán determinados espazos.
- Visualizar separadamente as formas xeométricas que compoñen os edificios que se deben debuxar ou colorear.
- Imitar formas orgánicas e diferenciar os significados correspondentes dentro do mundo natural.
- Favorecer a non discriminación sexual nas análises de obras de arte e nas expresións plásticas persoais.
- Relacionar comprensivamente o uso da regra co marco do papel ao representar rúas, edificios ou solos en perspectiva.

Autonomía e iniciativa persoal:

- Comprender a realidade social do mundo no que vivimos, máis ampla que o pequeno círculo no que se desenvolve a vida cotiá.
- Promover o traballo colaborativo e fomentar a planificación, consenso_, toma de decisións tanto individual como colectivamente e a revisión de tarefas, así como a responsabilidade pala participación e polo traballo.
- Usar a creatividade, xa que esta esixe actuar con autonomía, poñer en marcha iniciativas e batallar distintas posibilidades e solucións diversas, favorecendo así a capacidade de superación e a autoestima.
- Promover a responsabilidade, perseverancia, creatividade e autocrítica ou control persoal, que permiten ao alumnado ter unha visión estratéxica dos retos e oportunidades aos que se ten que enfrontar.
- Desenvolver un talante flexible ante as diferentes respostas dadas a un mesmo/a.

Respectar as expresións e opinións dos demais.

8.- ATENCIÓN A DIVERSIDADE

A área de Plástica permite a fácil adecuación das tarefas ás diferenzas individuais dos/as alumnos/as con NEE, facilitando en todo momento a integración dos/as mesmos/as e a interacción cos/as compañeiros/as de aula.

Unha medida aplicable pode ser a diferenciación de niveis nos contidos e nas actividades que presenten algunha dificultade. Esta diferenciación de niveis responderá tanto

ás distintas capacidades e estilos de aprendizaxe coma aos diverxentes intereses e motivacións do alumnado.

Dentro do conxunto de contidos estableceremos unha diferenciación entre información básica e información complementaria. A partir de aí, consideraremos outra serie de contidos que poderán ser traballados ou non en función das peculiaridades e das necesidades de cada alumno/a, e as tarefas propostas estarán en consonancia tipo de alumnado. As adaptacións na metodoloxía didáctica basearanse na forma de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades como consecuencia das circunstancias persoais e utilizarase a lingua materna sempre que a comunicación profesor/a-alumno/a se vexa dificultada. A organización de grupos de traballo flexibles no seo do grupo básico permite que os alumnos/as con NEE poidan situarse en distintas tarefas e adaptar o ritmo de creación artística ás súas capacidades. No caso de alumnos/as con NEE que necesiten adaptacións curriculares significativas e que necesiten estar acompañados en todo momento por un coidador ou profesor/a de apoio, procurárase proporcionar a cada alumno/a a resposta que necesita en función das súas necesidades e tamén dos seus límites, tratando que esa resposta se aparte o menos posible das que son comúns para todo o alumnado. Nestes casos, a coordinación entre o coidador/a ou profesor/a de apoio e a profesora que imparte a área de plástica en Inglés farase na lingua materna de ditos alumnos/as para facilitar en todo momento o desenvolvemento das actividades programadas.

9.-AVALIACIÓN

Cando falamos de avaliación temos que ter en conta tres aspectos distintos : o proxecto en si, a práctica docente e o noso alumnado.

En canto á avaliación do proxecto analizaremos se conseguimos ou non os obxectivos propostos no claustro de profesores e nas reunións de ciclo, para poder corrixir ou reaxustar os aspectos que se crean convenientes para a súa mellora.

Ademais, ao final do curso presentaremos unha memoria sobre a sección bilingüe que se incluírá na memoria final de curso.

No tocante á práctica docente, revisaremos os métodos empregados en cada sesión e unidade didáctica para axústalos ás necesidades temporais ou permanentes do alumnado, gustos, preferencias e estilos de aprendizaxe. Reflexionaremos a miúdo sobre o acontecido na aula, ademais de ter un espírito crítico facendo que os erros se vaian corrixindo.

Tamén avaliaremos os resultados obtidos e o nivel de implicación conseguido por parte do alumnado. Un alto nivel de atención e implicación conleva reforzar as técnicas e materiais usados e ampliar os contidos; polo contrario, se o grado de atención e implicación é baixo, teremos que revisar as actuacións levadas a cabo. A hora de avaliar ao noso alumnado, temos que dicir que será unha avaliación globalizada e continua. Observaremos continuamente o traballo diario na aula e o grado de implicación e esforzo do alumnado. Creemos que será moi importante comprobar se se produciu no alumnado un aumento na súa capacidade de expresión e comunicación, a través da observación directa dentro da aula, se houbo un uso diario do vocabulario específico en lingua inglesa e se ese vocabulario se foi incrementando ao longo de todo o curso. Como instrumentos de avaliación, sería conveniente observar os produtos do traballo diario, as

condutas dentro da aula, levando un rexistro nunha ficha de observación individual de cada un dos alumnos e alumnas.

Os criterios de avaliación serán:

1. Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadoras e creadores e outras persoas relacionadas coas artes plásticas e a música.
2. Formular opinións acerca das manifestacións artísticas ás cales se accede, amosando o coñecemento que se ten delas e a inclinación persoal para gozar e encher o tempo de lecer.
3. Producir obras plásticas de forma cooperativa que impliquen organización espacial, uso de materiais diversos e aplicación de diferentes técnicas e instrumentos.
4. Comprobar as posibilidades de aplicación de materiais, de texturas, de formas e de cores sobre diferentes soportes.
5. Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos recursos que a linguaxe plástica e visual proporciona.
6. Empregar axeitadamente termos e vocabulario específico, propios da tarefa que estamos a realizar.
7. Expresarse correctamente en inglés, dentro do seu nivel e empregando a linguaxe propia da aula e das actividades que estamos a realizar.
8. Usar adecuadamente as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de producións plásticas.
9. Identificar manifestacións plásticas propias de Galicia.
10. Dramatizar situacións sinxelas representado a diversos personaxes, e empregando os recursos expresivos do corpo, dos obxectos.
11. Empregar algúns recursos dramáticos expresivos, tales coma títeres, marionetas, na realización de representacións colectivas.

Arzúa, 25 de setembro de 2019

A Coordinadora

Asdo: Teresa Díaz Martínez

11.4. Contratos-programa

➤ ARCO

A Lei Orgánica 8/2013, do 9 de Decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas encamiñadas cara a un sistema educativo de calidade que garanta a equidade, a igualdade de oportunidades, a atención á diversidade e que posibilite que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

Dita iniciativa enmárcase dentro dos contratos-programa, situándoa como un instrumento de apoio aos centros.

Dende o CEIP de Arzúa solicitamos dita iniciativa unha vez máis, tendo en conta esta como algo enriquecedor en primeiro lugar para o noso alumnado e en

segundo para o centro, pois posibilita contar cun docente máis nos cursos mais altos da primaria, a fin de contribuir na súa preparación para o cambio de etapa, contribuíndo de xeito positivo a acadar os principios educativos como son: ofrecer unha educación de calidade e inclusión.

A liña solicitada para o noso centro é a liña 1, dirixida ao alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria.

1. OBXECTIVOS COMÚNS

- ✓ Apoiar ao alumnado para a mellora do rendemento académico.
- ✓ Mellorar o éxito escolar e previr o abandono educativo temperá do alumnado que cursa as ensinanzas obrigatorias.
- ✓ Xerar un clima de aprendizaxe que favoreza o traballo en equipo, cooperativo e/ou por proxectos.
- ✓ Diminuír as barreiras de aprendizaxe que dificultan superar e acadar os obxectivos do seu nivel educativo.
- ✓ Xerar contornas de aprendizaxe que favorezan a interacción, o traballo colaborativo e a aplicación de metodoloxías participativas que melloren o desenvolvemento das competencias clave do alumnado.

2. DESTINATARIOS DA LIÑA SOLICITADA

A proposta está destinada ao alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria, desenvolvéndose esta durante o horario lectivo dentro ou fóra da aula ordinaria. Para isto contéplase enviar un mestre/a da especialidade de Pedagogía Terapéutica a media xornada, que entraría a formar parte do claustro de mestres/as.

Os obxectivos propostos son:

- Preparar o alumnado matriculado en 4º, 5º e 6º de educación primaria para a súa promoción á ESO mediante o desenvolvemento das competencias clave e mellora dos resultados académicos.
- Reforzar mediante apoios o uso de metodoloxías activas e participativas, así como a aplicación de medidas organizativas ao alumnado que presente especial dificultade nas competencias en comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencia aprender a aprender e competencias sociais e cívicas, ou presente áreas non superadas de cursos anteriores, prioritariamente as de: Lingua Galega e Literatura e Matemáticas ou que precise medidas de inclusión e axustes educativos dentro da aula ordinaria.

3. ORGANIZACIÓN

Dita iniciativa estará coordinada fundamentalmente polas persoas titoras (que se coordinarán á súa vez co resto do equipo docente que imparta docencia directa con 4º, 5º e 6º de Educación Primaria), persoa que imparta o programa, equipo directivo e persoa orientadora no centro.

Deste xeito, no CEIP de Arzúa quedaría organizado do seguinte xeito:

-----	Mestre/a especialista en PT, encargado/a do programa ARCO
-------	---

Yolanda Vilar Chento	Titora de 4º de Ed. Primaria
Mª del Mar López Cea	Titora de 5º de Ed. Primaria
Noelia Vázquez Rey	Titora de 6º de Ed. Primaria
Mª Cruz Leiva Balboa	Directora
Miriam Blanco Rodríguez	Orientadora e Xefa de estudos

Na actualidade, no CEIP de Arzúa contamos cunha aula de 4º de EP, unha aula de 5º de EP e unha aula de 6º de EP. Á hora de organizar o horario, farase do xeito o máis equitativo posible, priorizando (sempre que fose posible) o apoio nas materias instrumentais: as linguas (galega e castelá) e as matemáticas.

A distribución horaria farase en función da dedicación horaria do profesional que, dado o caso, poideran adxudicar.

A coordinación coas mestras titoras será fundamental xunto con coñecer as características do alumnado obxecto do programa, clave para rendibilizar ao máximo o programa.

4. AVALIACIÓN

A avaliación permitiranos coñecer o grao de cumprimento así como as dificultades atopadas á hora de levar a cabo o programa, coa finalidade en todo momento de realizar propostas de mellora para vindeiras ocasións.

Para iso será preciso valorar os recursos, obxectivos, medidas e plan empregados, axentes implicados, etc.

Levaremos a cabo unha avaliación continua de xeito que nos permita ir adaptando o programa á nosa realidade do centro e ás características do alumnado.

Finalmente unha avaliación final, ao remate de curso que nos permita coñecer o grao de consecución do programa (para o que teremos en conta a avaliación dos resultados obtidos polo alumnado obxecto do plan), así como as propostas de mellora para o próximo curso.

➤ IGUÁLA-T

a) Razóns que xustifican a necesidade desta actuación.

O profesorado, como formadores dos membros da futura sociedade, debemos ter en conta que o principio básico para desenvolver unha convivencia de calidade e a igualdade entre o alumnado, sendo esta unha demanda social á que a escola debe dar resposta.

A educación debe promover o desenvolvemento integral das persoas, polo que a escola debe traballar para superar as limitacións impostas polo xénero.

Familia e escola proporcionan modelos de conduta, sendo os primeiros espazos de socialización desde os que se compensan desaxustes como os que proveñen dos prexuízos sexistas.

Desde a escola desenvolveranse unha reflexión e crítica sobre os aspectos que xeran discriminación entre as persoas polo feito de ter distinto sexo, aproveitando as diferenzas para enriquecer e completar o desenvolvemento do alumnado.

Por todo isto, a inclusión da coeducación no sistema educativo, en xeral, e no currículo da educación infantil e primaria, en particular, apóiase, ademais de en argumentos legais, en razóns de tipo social.

b) Obxectivos que se perseguen nesta actuación.

1. Promover o recoñecemento efectivo da igualdade entre persoas, desenvolvendo valores persoais e sociais que promovan esta igualdade, así como unha boa formación académica que permita gozar dunha verdadeira igualdade de oportunidades na vida profesional.
2. Potenciar a colaboración familia-escola na educación para a igualdade de nenos e nenas e fomentar actividades formativas específicas sobre obxectivos coeducativos, establecendo vías de colaboración con persoas e institucións que promovan a igualdade de oportunidades.
3. Educar en igualdade, alonxándonos de estereotipos, prexuizos e discriminación por razón de sexo ou outras.
4. Fomentar o uso de materiais didácticos que non presenten linguaxe, contido e/ou imaxes sexistas propoñendo alternativas cando se detecten elementos deste tipo.
5. Integrar o principio de igualdade de oportunidades na práctica docente.

c) Medidas concretas que se van desenvolver.

1. Actividades enmarcadas dentro do 20 de novembro: "Día da Infancia".
2. Actividades enmarcadas dentro do 25 de novembro: "Día Internacional contra a Vilencia de Xénero".
3. Actividades enmarcadas dentro do 30 de xaneiro: "Día Escolar da non Violencia e da Paz".
4. Actividades enmarcadas dentro do 8 de marzo: "Día da Muller Traballadora".
5. Actividades enmarcadas dentro do 2 de maio: "Día Internacional contra o Acoso Escolar".

d) Horario no que se desenvolverá a actuación.

Este proxecto desenvolverase ao longo de todo o curso dun xeito transversal, a través das distintas áreas do currículo e con distintos tipos de actividades:

-Actividades a través das titorías.

-Actividades propostas con motivo dunha conmemoración, tanto do calendario escolar como outras conmemoracións a nivel de centro.

-Saídas culturais ou actividades complementarias relacionadas coa temática

12. LIBROS DE TEXTO E OUTROS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO.

En relación aos libros de texto e material curricular, segundo a Orde do 12 de maio de 2020, pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso

2020/21, os beneficiarios deberán incorporar en bo estado os libros de texto recibidos do fondo solidario, ao rematar o presente curso escolar.



1º EDUCACIÓN PRIMARIA

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2020/2021				
Código do centro:15000612		Denominación do centro: CEIP de Arzúa		
Enderezo: Rúa Baltasar Pardal s/n Coruña		Concello: Arzúa		Provincia: A
Correo electrónico: ceip.arzua@edu.xunta.es		Teléfono: 981500291		
Curso e Etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
1º	Globalizado	Cinco en raia. Unidades didácticas integradas. Autores: VVAA. Editorial Santillana, 2018	978-84-9185-094-6	Galego
1º	Relixión	Relixión 1º. Serie "Aprender é crecer". Autores: Valero Crespo, M e outros. Editorial Anaya, 2014.	978-84-678-8651-1	Galego
1º	Inglés	Amazing Rooftops 1 Class Book , Autores:VVAA, Editorial Oxford, 2019	978-0194167154	Inglés
		Amazing Rooftops 1 Activity Book , Autores: VVAA , Editorial Oxford, 2019	978-0194167147	Inglés



2º EDUCACIÓN PRIMARIA

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2020/2021				
Código do centro:15000612		Denominación do centro: CEIP de Arzúa		
Enderezo: Rúa Baltasar Pardal s/n Coruña		Concello: Arzúa		Provincia: A
Correo electrónico: ceip.arzua@edu.xunta.es		Teléfono: 981500291		
Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
2º	Globalizado	Cinco en raia. Unidades didácticas integradas. Autores: VVAA. Editorial Santillana, 2019	978-84-9185-099-1	Galego Castelán
2º	Relixión	Relixión 1º. Serie "Aprender é crecer". Autores: Valero Crespo, M e outros.	978-84-678-7709-0	Galego

		Editorial Anaya, 2014.		
2º	Inglés	Amazing Rooftops 2 Class Book , Autores: VVAA , Editorial Oxford, 2019	978-0194167413	Inglés
		Amazing Rooftops 2 Activity Book , Autores: VVAA, Editorial Oxford, 2019	978-0194167406	Inglés



3º EDUCACIÓN PRIMARIA

Código do centro:15000612		Denominación do centro: CEIP de Arzúa		
Enderezo: Rúa Baltasar Pardal s/n Coruña		Concello: Arzúa		Provincia: A
Correo electrónico: ceip.arzua@edu.xunta.es		Teléfono: 981500291		
Curso e Etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
3º	Lengua Castellana 3	Lengua Castellana 3, Autores: VVAA. Editorial Anaya 2019	978-84-698-4164-8	Castelán
3º	Lingua Galega 3	Lingua Galega 3, Autores: VVAA. Editorial Anaya, 2020	978-84-698-6693-1	Galego
3º	Matemáticas 3	Matemáticas 3. Autores: VVAA. Editorial Santillana 2020	978-84-141-1186-4	Castelán
3º	Ciencias da Natureza 3	Ciencias da Natureza 3, Autores: VV.AA. Editorial Santillana, 2020	978-84-9185-232-2	Galego
3º	Ciencias Sociais 3	Ciencias Sociais 3 Autores: VVAA. Editorial Santillana, 2020	978-84-9185-229-2	Galego
3º	Inglés	Amazing Rooftops 3 Class Book, Autores: Cheryl Palin e Sarah Phillips, Editorial Oxford, 2019	978-0194167666	Inglés
		Amazing Rooftops 3 Activity Book, Autores: Cheryl Palin e Sarah Phillips, Editorial Oxford, 2019	978-0194167635	Inglés




4º EDUCACIÓN PRIMARIA

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2020/2021				
Código do centro:15000612		Denominación do centro: CEIP de Arzúa		
Enderezo: Rúa Baltasar Pardal s/n Coruña		Concello: Arzúa		Provincia: A
Correo electrónico: ceip.arzua@edu.xunta.es		Teléfono: 981500291		

Curso e Etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
4º	Lengua Castellana 4	Lengua Castellana 4, Autores: Varios, Editorial Anaya, 2015	978-8467878899	Castelán
4º	Lingua Galega 4	Lingua Galega 4, Autores: Varios, Editorial Anaya, 2015	978-8467880137	Galego
4º	Matemáticas 4	Matemáticas 4: Proyecto Saber Hacer, Autores Varios, Editorial Santillana 2015	978-8483056097	Castelán
4º	Ciencias da Natureza 4	Ciencias da Natureza 4, Autores: Varios, Editorial Anaya, 2015	978-8467880175	Galego
4º	Ciencias Sociais 4	Ciencias Sociais 4, Editorial Anaya, Autores Varios, Editorial Anaya 2015	978-8467880212	Galego
4º	Relixión	Relixión Católica 4: Proxecto Tobih, Autores: Equipo Rodeira, Editorial Rodeira, 2012	978-8483493342	Galego
4º	Inglés	Amazing Rooftops 4 Class Book, Autores: Cheryl Palin e Sarah Phillips, Editorial Oxford, 2019	978-0194167949	Inglés
		Amazing Rooftops 4 Activity Book, Autores: Cheryl Palin e Sarah Phillips, Editorial Oxford, 2019	978-0194167918	Inglés

5º EDUCACIÓN PRIMARIA



6º EDUCACIÓN PRIMARIA

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2020/2021

Código do centro: 15000612	Denominación do centro: CEIP de Arzúa	
Enderezo: Rúa Baltasar Pardal s/n Coruña	Concello: Arzúa	Provincia: A
Correo electrónico: ceip.arzua@edu.xunta.es 981508228	Teléfono: 981500291	Fax:

Curso e Etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
6º	Lengua Castellana 6	Lengua Castellana 6, Editorial Anaya, 2015	978-8469806524	Castelán
6º	Lingua Galega 6	Lingua Galega 6, Editorial Anaya, 2015	978-8467835113	Galego
6º	Matemáticas 6	Matemáticas 6: Editorial Santillana, 2015	978-8468015187	Castelán
6º	Ciencias Naturais 6	Ciencias Naturais 6, Editorial Santillana 2015	978-8499727325	Galego
6º	Ciencias Sociais 6	Ciencias Sociais, Editorial Santillana, 2015	978-8499726113	Galego

13. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN/MODIFICACIÓNS.

O Plan de Autoprotección foi elaborado novamente o curso pasado (o que había era do ano 2008), a través dunha empresa privada e posteriormente foi rexistrado na plataforma REGAPE. Unha vez elaborado, fíxose o correspondente simulacro de evacuación, recibindo previamente a formación pertinente. Entregáronnos os planos de evacuación que foron colocados polas distintas plantas e dependencias do centro. No presente curso, a formación e o simulacro de evacuación faríase sempre e cando a situación do Covid-19 o permitise.

Este Plan está pendurado na páxina web do colexio.

RELACIÓN NOMINAL DO PERSOAL DO CENTRO

1. ALAMANCOS COUSO, JOSÉ LUIS
2. BLANCO RODRÍGUEZ, MIRIAM
3. BÓVEDA SUÁREZ, JOSÉ LUIS
4. CAJADE RODRÍGUEZ, ROSA Mª
5. CASAL NEIRA, ALICIA
6. CASAL TATO, Mª DEL CARMEN
7. DÍAZ MARTÍNEZ MARÍA TERESA
8. LEIVA BALBOA MARÍA CRUZ
9. LÓPEZ CASAL Mª DOLORES
10. LÓPEZ CEA Mª DEL MAR
11. LÓPEZ VÁZQUEZ VERÓNICA
12. PEDROSA FERNÁNDEZ, REMEDIOS
13. PÉREZ RODRÍGUEZ, MARÍA MANUELA
14. PETEIRO REY, IRIA
15. PRIETO BARRO, JAVIER
16. ROEL FELPETO, LAURA
17. SANMARTÍN SOUTO, JOSEFA

18. VÁZQUEZ REY, NOELIA
19. VÁZQUEZ RIAL, M ^a DEL CARMEN
20. VILA LAMA, M ^a JESÚS
21. VILAR CHENTO, YOLANDA
22. VILLAR BASCOY, MARIA
23. CAO GIGIRÍN, ALBERTO
24. MEJUTO PIMENTEL, TERESA
25. CORRAL VÁZQUEZ, CRISTINA
26. FANDIÑO LÓPEZ, M ^a ROSARIO
27. PANDURO MOSQUERA, CÉSAR

PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN PARA O PERSOAL DO CENTRO

EQUIPOS DA EMERXENCIA

CENTRO DE CONTROL E COMUNICACIÓNS
SECRETARÍA

PUNTO DE ENCONTRO



XEFE/A DE EMERXENCIA

XEFE/A DA EMERXENCIA	
TITULAR	DIRECTOR/A DO CENTRO
SUPLENTE 1	CONSERXE

EQUIPO DE EVACUACIÓN

EDIFICIO PRINCIPAL.-PLANTA BAIXA	
COMPOÑENTE 1	PROFESOR/A DE APOIO DE INFANTIL
EDIFICIO PRINCIPAL.- PLANTA PRIMEIRA	
COMPOÑENTE 1	PROFESOR/A EDUCACIÓN FÍSICA
EDIFICIO PRINCIPAL.- PLANTA SEGUNDA	
COMPOÑENTE 1	PROFESOR/A AL
SUPLENTE DA PLANTA PRIMEIRA E SEGUNDA	
COMPOÑENTE 1	CONSERXE

14. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE.

Persoal subalterno

O conserxe do Centro é persoal laboral contratado polo Concello de Arzúa. As súas tarefas veñen estipuladas por lei e realizaranse en coordinación coa Dirección do Centro.

Persoal de cociña

O persoal de cociña está constituído por unha oficial segunda de cociña e dous axudantes de cociña. Realizarán as tarefas marcadas segundo a lexislación vixente en coordinación co encargado de comedor.

Persoal laboral do transporte escolar

O número de acompañantes do servizo do transporte escolar que lle corresponde ao Centro é de sete.

As súas tarefas veñen dadas por lei e realizaranas en coordinación coa Dirección do Centro.

As acompañantes deben acompañar aos nenos e nenas ata a entrada do recinto e recollelos no mesmo lugar á saída.

Servizo de limpeza

A limpeza do Colexio levaa a cabo unha empresa contratada polo Concello de Arzúa.

15. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA.

As relacións coas familias deberán basearse na comunicación e na coordinación pais-mestres para acadar un bo clima no proceso ensino-aprendizaxe.

Este clima desenvolverase nas reunións de titoría, onde os pais/nais/titores legais deben ser informados de todos aqueles aspectos que poidan incidir no ensino que reciben os seus fillos/as.

O horario de atención a pais/nais/titores/as legais é todos os luns de 17 a 18 horas.

Tendo en conta o protocolo, nas reunións de titoría e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada. Porén cando a xuízo do titor/a ou da dirección do centro sexa preciso a titoría presencial realizarase esta coas debidas medidas de protección.

Segundo consta no Plan de Adaptación á situación COVID 19 do CEIP de Arzúa, no punto 14, establécense as titorías coas familias:

As titorías levaranse a cabo baixo dúas modalidades e sempre con cita previa:

- Telemática (opción preferente) a través de ferramentas propias da Consellería de Educación ou por teléfono.
- Presencial: sempre que a anterior non sexa posible. Nesta modalidade, a reunión levarase a cabo garantindo as medidas de hixiene e desinfección e as distancias de seguridade. O emprego de máscara será obrigatorio en todo momento.

De querer consultar probas escritas ou calquera outro documento, deberá ser solicitado con anterioridade para poder facer copias dos mesmos e evitar a manipulación conxunta.

No punto 15 do Plan de Adaptación, referente ás canles de información coas familias e persoas alleas ao centro, na medida do posible, restrinxiranse as visitas presenciais ao centro e empregaranse previsiblemente medios telemáticos. Reforzaranse as vías de comunicación dixitais.

A páxina web do centro será o principal soporte no que se pendure a información de relevancia dirixida a toda a comunidade educativa ou aos diferentes sectores da mesma.

Como sistema de mensaxería empregarase Abalarmóbil.

Outras vías alternativas serán o correo electrónico e o teléfono.

Será necesario pedir citas con antelación para que o titor/a poida ter recollida a información individual que crea precisa.

Manter unha boa relación co Concello é bo para o colexio. De feito é bo unha axeitada colaboración por ambas partes, o colexio organiza actividades culturais, deportivas... e o Concello mediante axudas económicas, materiais, reparacións...

O equipo directivo estará sempre disposto a reunirse cos representantes municipais e coas ANPAs para expoñer os problemas e as necesidades do centro.

Tamén estamos abertos ao intercambio e á colaboración doutras entidades e asociacións que aporten actividades que supoñan unha mellora no proceso educativo aumentando a súa calidade e da cultura do noso entorno.

16. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR

Funciona regularmente, sen dobraxes nin servizo de mediodía. Existen sete rutas, con sete autobuses pertencentes a dúas empresas.

Existe a figura do acompañante en todas as liñas, estas deixan ao alumnado no centro escolar cunha marxe de dez minutos antes da entrada nas aulas, tempo no que o profesorado realiza garda e custodia para o tempo de espera e saíndo directamente para os autobuses ao finalizar.

O protocolo establece unhas medidas xerais en relación co alumnado transportado.

Nas entradas e saídas dos autobuses solicítase a colaboración diaria do servizo da Policía Local do Concello para evitar accidentes a causa do tráfico abundante nesas horas.

O seu funcionamento obedece á planificación para o curso 2020/2021 dos servizos educativos complementarios e á Instrución 1/2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional do 8 de xuño, xobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso 2020/2021.

17. COMEDOR ESCOLAR

O protocolo establece unhas medidas xerais en relación co uso do servizo de comedor, concretadas no Plan de Adaptación do centro. Foi publicado tamén (versión 16/09/2020) o Protocolo de Prevención da transmisión da COVID-19 nos comedores dos centros educativos non universitarios.

Funciona con normalidade e coas adaptacións que se levaron a cabo por mor da COVID-19. O alumnado come nunha única quenda, atendidos no servizo por mestres/as e pais/nais colaboradores.

Os contribuíntes, segundo as instrucións da Secretaría Xeral, aboarán a cantidade estipulada para primaria.

O seu funcionamento obedece ao disposto no PE de centro e á instrución 2/2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, do 16 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2020-2021.

18. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

O edificio escolar principal, inaugurado no curso 1992/93, está formado por tres plantas, onde se distribúen os diferentes niveis en 19 aulas. Conta así mesmo, con Biblioteca, unha aula para a especialidade de Relixión e dúas para Inglés, unha aula informatizada e Audiovisuais, tres salas para titorías, que funcionan como aula de P.T, Audición e Linguaxe e Departamento de Orientación respectivamente, aula de convivencia (anterior gabinete médico e na actualidade aula de illamento), sala de mestres, secretaría-arquivo, dirección, dispoñendo de ascensor e supresión total de barreiras arquitectónicas.

Outro edificio alberga o comedor escolar, cociña e almacéns para alimentos. Unha parte do comedor non utilizada como tal, habilitouse como aula de psicomotricidade.

Hai un edificio anexo onde se atopa un salón de actos, unha aula de usos múltiples, así como dúas aulas, e na planta baixa está o ximnasio.

A Biblioteca funcionará como aula de animación á lectura, aportando libros tamén á biblioteca de aula e conta cun sistema de préstamo a cargo da responsable da Biblioteca Escolar. Forma parte do Plan de Mellora de Bibliotecas escolares polo que está dotada conforme aos seus obxectivos, requirimentos e presupostos. O uso da biblioteca está supeditado ao especificado no protocolo e contemplado no Plan Anual de Lectura do centro.

A aula informatizada e audiovisuais ao igual que a Biblioteca contará cun horario e funcionamento específico, se ben cando a aula ordinaria dispoña de equipos informáticos e/ou pizarra dixital evitarase o uso da aula común. No caso da súa utilización hai que aterse ao establecido no Plan de adaptación.

O centro conta tamén cunha aula de música para Educación Primaria e dúas específicas para o alumnado de Inglés, para as cales se contemplan tamén medidas específicas no Plan de Adaptación.

O estado das instalacións do noso centro acada os mínimos requeridos para o desenvolvemento das diferentes actuacións educativas, presentando as deficiencias que se mencionan:

- × Edificio anexo pendente de máis obras para a súa total restauración.
- × As instalacións do centro empregaranse ao longo do curso nas distintas actividades que se teñen programadas, en horario escolar, no recreo do comedor e nas actividades extraescolares da xornada mixta, polo alumnado do Centro. O uso das instalacións do colexio por persoas alleas concederáse seguindo as normas que marca a lei e adaptadas segundo o protocolo.

19. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

Están constituídas neste Centro dúas Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as:

- ➔ ANPA “O Formento”.
- ➔ ANPA “Xermolos”.

Segundo a lexislación vixente, tendo en conta o criterio para determinar cal é a asociación de nais e pais máis representativa do centro, o secretario/a de cada asociación acreditará mediante certificación o número de asociados que ten.

Na data de avaliación desta Programación Xeral Anual non consta ningún plan de actividades propostas.

20. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

A PXA ten carácter aberto a calquera modificación dos aspectos que se recollen na mesma ou á inclusión doutros novos. Haberá actividades que se irán incorporando ao longo do curso a medida que os Equipos de Ciclo, Nivel ou outros sectores as organicen ou xurdan polo seu interese para o Centro.

Serán tamén os Equipos de Ciclo ou Nivel os encargados de analizar os axustes da Programación. Asemade, o resto de sectores da Comunidade Educativa poderán trasladar os resultados do estudo e seguimento do Plan ao Consello Escolar e ás distintas Comisións. Teranse en conta:

-O claustro de mestres procesará a información recibida valorando as distintas propostas de reaxuste do plan.

-O Consello Escolar estudará as propostas recibidas do Claustro e dos restantes sectores aprobando, se procede, as medidas correctoras complementarias.

Os aspectos que neste Plan se detallan serán recollidos na Memoria Final de Curso.

21. PLAN ANUAL DE LECTURA

PLAN ANUAL DE LECTURA DO CENTRO CURSO 2020-2021

OBXECTIVOS

O CEIP de Arzúa elaborou, como desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro, un Plan Anual de Lectura no que se reflicten todas as actuacións que os distintos niveis educativos pretenden realizar coordinadamente ao longo do curso, para conseguiren os obxectivos propostos en dito proxecto que son os seguintes:

- Apoiar o desenvolvemento dos obxectivos do Proxecto Educativo de Centro e do Proxecto Lector.
- Estimular e incrementar os hábitos de lectura de toda a comunidade educativa.
- Favorecer a comprensión lectora e a lectura fluída e expresiva en todas as áreas do currículo.
- Contribuír a mellorar a competencia na expresión oral e escrita.
- Desenvolver as habilidades no proceso de busca de exemplares e de información tanto nos soportes tradicionais como nas novas tecnoloxías a través da formación de usuarios e da educación documental.
- Posibilitar o traballo por proxectos: ampliar os fondos documentais, promover as subscricións a publicacións, crear hábitos de consulta e manexo da información.

ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

A biblioteca contará coa figura da mestra responsable da biblioteca que ten unha labor non só técnica senón tamén pedagóxica, ofrecendo ao alumnado todas as oportunidades para o uso axeitado das fontes de información e o acceso á lectura como forma de lecer e medio de enriquecemento persoal.

Tamén existirá un equipo de apoio á Biblioteca formado por profesorado de diferentes niveis que traballará en coordinación coa responsable da biblioteca para conseguir os obxectivos fixados e garantir o seu carácter interdisciplinar. Tanto a responsable como o equipo deberían ter unha dedicación horaria suficiente para desempeñar a súa labor e permitir que a biblioteca estea aberta o máximo de períodos lectivos posible. No presente curso debido á situación de crise sanitaria na que nos atopamos e á necesidade, a causa da mesma, de tódolos recursos humanos posibles para facer fronte á actividade ordinaria do centro, a dispoñibilidade de persoal para a biblioteca verase mermada neste senso e por conseguinte o horario de atención aos usuarios -as tamén se verá afectado.

De tódolos xeitos, os membros deste equipo terán unha hora de reunión mensual para coordinar os traballos e a organización da biblioteca escolar.

Continuarase co rexistro dos fondos en soporte informático empregando o Programa Meiga. Este curso preténdese rematar coa catalogación de todos os exemplares de narrativa

existentes de 5º e 6º de E. Primaria, que se viu interrompida no curso pasado por mor do confinamento sufrido pola COVID 19.

O método de clasificación de libros seguirá sendo:

- Sección de Infantil: teselas azuis e unha pegatina azul.
- 1º e 2º nivel de Educación Primaria: teselas vermellas e unha pegatina vermella.
- 3º e 4º nivel de Educación Primaria: teselas verdes e pegatinas verdes.
- 5º e 6º nivel de Educación Primaria: teselas amarelas e pegatinas amarelas.
- Os libros de 3º a 6º estarán ordenados alfabeticamente.
- En todos os niveis os libros en galego terán a bandeira de Galicia e os libros en inglés levarán a bandeira británica.

A biblioteca debe seguir ampliando e actualizando os seus materiais, para iso continuará co expurgo dos fondos documentais que leven tempo sen empregarse, incorporándoos ao arquivo histórico anexo, habilitado para tal fin; así como coa catalogación e o rexistro das novas adquisicións.

As coleccións serán recollidas en caixas transparentes indicando por fóra o título, o autor e o número de exemplares. Segundo a cor (azul, vermello, verde ou amarelo) saberemos para que cursos están recomendadas. É un recurso moi utilizado polas titorías para a sesión "Hora de ler".

Os préstamos e devolucións de fondos serán xestionados manualmente debido a que moitos libros non están rexistrados correctamente e estase levando a cabo a súa actualización e outros non foron aínda rexistrados no citado programa, postergando polo tanto , para vindeiros cursos, o sistema de préstamo e devolución mediante o Meiga.

Na páxina web do centro hai unha sección dedicada á Biblioteca que se irá actualizando coas distintas actividades e conmemoracións que se realicen. Este curso dada a situación de excepcionalidade que estamos a vivir e seguindo as instrucións de 1 de setembro de 2020 da Dirección Xeral de Recursos Humanos en relación coa organización e o funcionamento das Bibliotecas escolares durante o curso 2020/2021, nos centros docentes de niveis non universitarios, de titularidade da Consellería de Educación, Universidade e Formación profesional, poñerase especial atención en superar a fase de celebración dos días marcados no calendario civil, facendo unha selección non ritualista dos días que se conmemoren desde a biblioteca, quedando a relación das conmemoracións para este curso do seguinte xeito:

- Día das Bibliotecas (24 de outubro)
- Magosto (outubro, a decidir polo centro)
- Día Internacional contra a violencia de xénero (25 de novembro)
- Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (10 de decembro)
- Día Internacional da Educación (24 de xaneiro)

- Día de Rosalía (24 de febreiro)
- Día Internacional da muller (8 de marzo)
- Día Mundial da Saúde (7 de abril)
- Día do Libro (23 de abril)
- Día das Letras Galegas (17 de maio)
- Día Mundial do Medio ambiente (5 de xuño)

En relación ao programa de Bibliotecas Escolares Solidarias no que vimos participando durante dous cursos escolares, estamos pendentes da publicación da convocatoria co-respondente e das instrucións pertinentes para valorar posteriormente a viabilidade de levar a cabo estas actividades coas garantías de hixiene e seguridade necesarias no escenario de crise sanitaria actual.

Nun escenario de actividade académica non presencial, a biblioteca escolar debe seguir sendo, na medida do posible, o espazo de referencia para a lectura, a información e as aprendizaxes, beneficiando así a toda a comunidade educativa, pero o seu funcionamento supeditarase ás pautas ditadas pola Consellería de Educación para o conxunto do centro educativo. Ante esta posibilidade entre as medidas que tomará a biblioteca están:

- Establecer un horario de atención para o profesorado e o alumnado co fin de apoiar e orientar actividades de procura de información e de selección de recursos documentais para o tratamento dos contidos curriculares. O medio máis axeitado para estes apoios sería un correo electrónico que se habilitaría para este fin.
- Actualizar o espazo web da biblioteca, integrado na páxina web do centro, como un instrumento esencial para a comunicación co alumnado e as familias, a difusión de recursos seleccionados, a comunicación de propostas e retos, a publicación de producións elaboradas polos alumnos e outros.
- O equipo de biblioteca deberá reforzar a función desta no referente á selección de recursos relacionados coas distintas áreas de aprendizaxe, ofrecendo unha mínima colección dixital de recursos electrónicos accesibles no seu espazo web, e convenientemente clasificados.
- Promoveranse situación pedagóxicas que favorezan unha metodoloxía de aprendizaxe activa a través de retos ou proxectos para a elaboración dos traballos de investigación (busca de información e elaboración de produtos escritos/orais ou en soporte electrónico).

En relación coas medidas de uso da bibliotecas establecidas no protocolo de adaptación á situación COVID quedan do seguinte xeito:

- Con carácter xeral, límitase o aforo da biblioteca ao 50%, quedando este reducido a 14 usuarios/as.

- Na porta da biblioteca colocárase información visual relativa ao seu aforo e ás medidas de seguridade e hixiene.
- Serán de uso obrigatorio as máscaras.
- O alumnado debe hixienizar as mans antes e despois da estancia na sala.
- Durante o seu uso garantirase a súa ventilación.
- As ventás, portas, persianas, interruptores, etc serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.
- Durante o horario lectivo, o acceso a mesma será baixo petición previa, sendo a mestra responsable do grupo a encargada de garantir as medidas de hixiene e desinfección. Durante os recreos está permanecerá pechada.
- O equipo de biblioteca sinalizará nas mesas e outros postos de traballo aqueles que poden ser empregados de xeito que se manteñan as distancias de seguridade. Ao inicio e ao rematar, hixienizaranse os postos que foron ocupados.
- O préstamo de libros ou outro material realizarase de xeito habitual, aínda que os libros e material devolto permanecerán illados un mínimo de 4 horas antes de volver aos andeis.
- Evitarase o uso de xogos de mesa e materiais semellantes cando implique un uso compartido mentres dure a situación excepcional.
- En canto aos equipos informáticos dispoñibles na biblioteca escolar para o alumnado, será necesario que os/as usuarios/as realicen unha limpeza de mans antes e despois do seu uso. Será necesario, por parte dos usuarios/as ou dun adulto/a, a desinfección dos elementos de uso: teclado, rato e pantalla.
- Serán retirados carteis e outros obxectos vinculados a actividades e proxectos finalizados para facilitar a limpeza e desinfección deste espazo.
- O equipo de traballo da mesa de xestión (ordenador, pantalla, teclado, superficie da mesa...) será usado preferentemente polos integrantes do equipo de biblioteca e desinfectarase despois do seu uso.
- O carro de catalogación será empregado unicamente polo persoal encargado da catalogación. Neste carro estarán separados os libros que están a catalogar cada unha delas. Estes lotes non poderán ser teselados polo resto dos compoñentes de biblioteca ate o día seguinte, gardando así unha corentena de 24 horas.

DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA

A biblioteca escolar pretende ser a principal fonte de recursos do centro e polo tanto é imprescindible a actualización e provisión do material necesario para poñer en marcha o Proxecto Lector e para dotar aos distintos departamentos dos fondos documentais que lles faciliten a súa labor docente.

É un compromiso da nosa biblioteca escolar dispoñer dun mínimo de exemplares das lecturas que aparecen nas programacións didácticas do profesorado ata onde nos sexa posible.

Atendendo aos obxectivos do Proxecto Lector, estes deben servir para:

- Desenvolver a competencia lingüística.
- Incrementar o gusto pola literatura (competencia cultural e artística).
- Dotar de recursos para acceder á información (tratamento da información e competencia dixital).
- Facilitar a autoaprendizaxe (competencia para aprender a aprender).

Estos recursos difundiranse a través de actividades específicas como centros de interese, guías de lectura, boletíns informativos coas lecturas recomendadas, exposicións, e outras actividades que con motivo das distintas conmemoracións se programen na biblioteca.

Ademais, pedirase aos distintos departamentos a colaboración para que a adquisición destes fondos sexa axeitada para a súa práctica docente.

En relación á biblioteca escolar como un espazo máis de inclusión dentro do noso centro, temos que seguir avanzando neste senso. Por iso, en colaboración co Departamento de Orientación e as titorías, o Equipo de Biblioteca continuará a potenciar este espazo como un lugar máis de inclusión tanto a nivel de mobiliario adecuado, como de textos adaptados, xogos e materiais manipulativos; e sempre desde unha actitude normalizadora, visibilizadora e respectuosa.

Coa finalidade de contribuir á mellora das capacidades lectoras do alumnado e avanzar na incorporación da lectura dixital tratarase de incorporar no presente curso aos recursos da nosa biblioteca : audiolibros, ebooks, ou tablets, ampliando deste xeito as linguaxes presentes na biblioteca (oral, escrita, audiovisual...) e promovendo así a alfabetización múltiple, unha competencia esencial para a vida e que é a porta cara ao resto das aprendizaxes. Para iso o equipo de biblioteca estudará a oferta das plataformas dixitais dispoñibles e seleccionará aquelas lecturas que sexan de interese para incorporar os nosos fondos e que resulten motivadoras para o noso alumnado.

FORMACIÓN DE USUARIOS

Dentro das actividades que recolle o Proxecto Lector do Centro está a formación de usuarios da biblioteca. Neste senso programaranse actividades para coñecer o espazo físico da biblioteca e a clasificación dos fondos da mesma pero dada a situación de crise sanitaria na que nos atopamos, terán que ser levadas a cabo de xeito virtual e presentadas a nivel de titorías co fin de manter os grupos de convivencia estables tal e como se recolle no Protocolo de adaptación ao contexto COVID 19 para o curso 2020/21.

Outras accións a desenvolver serán:

- Traballos de investigación: dotación e información sobre material e técnicas para a realización de traballos de investigación acerca dos distintos contidos das materias ou áreas do currículo.
- Fomentarase o uso da biblioteca como aula de traballo e como centro de recursos tanto para o profesorado como para o alumnado pero respectando o Protocolo de

adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para este curso.

- Tamén se programarán actividades con motivo das distintas conmemoracións e celebracións dentro do calendario escolar adaptándoas ao citado Protocolo de adaptación para a COVID 19.
- Trataranse de organizar encontros virtuais con escritores, contacontos...
- Continuarase a colaborar xunto co Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares e de Dinamización Lingüística na presentación e difusión das diferentes actividades organizadas desde a biblioteca a través da páxina web do centro.

LECTURAS ANUAIS DO CENTRO

Por unha parte, este curso académico 2020/21 os nenos e nenas de E. Infantil e Primaria escollerán libremente as súas lecturas, ben para realizar durante a “Hora de Ler” na aula, ou ben para levaren á casa voluntariamente. Neste punto debemos aclarar que o préstamo de libros, de xeito excepcional e mentres dure a pandemia, xestionarase a través das titorías. Trátase de facer unha especie de biblioteca itinerante que facilitaría un número importante de exemplares ás aulas para que os nenos e nenas fagan nelas a selección das súas lecturas, o titor ou titora rexistraría o préstamo e a devolución, e os libros gardarían aquí as corentenas antes de regresar á biblioteca.

Por outra parte, seguirase a promover a lectura dun libro ou conto a determinar por cada nivel e ofrecerase a posibilidade dun encontro virtual co autor ou autora, dentro das medidas de protección pola crise da COVID 19, para enriquecer a nosa lectura, intercambiar impresións, aclararnos dúbidas...

Durante o período lectivo os alumnos e alumnas contan tamén coa “Hora de ler”. Trátase de vinte minutos adicados especialmente á lectura (en silencio ou en voz alta, individual ou en gran grupo). É unha actividade diaria que normalmente se realiza na sesión posterior o recreo.

Tamén se intentará enriquecer os fondos bibliográficos con títulos relacionados co tema proposto para este curso, “Medioambiente e saúde”, coa finalidade de que servan de apoio para abordar esta temática.

As especialidades contarán tamén con recursos aportados pola biblioteca en diferentes formatos.

ACTIVIDADES PROGRAMADAS PARA O CURSO 2020-2021

- Día das Bibliotecas (24 de outubro)
- Magosto (outubro, a decidir polo centro)
- Día Internacional contra a violencia de xénero (25 de novembro)

- Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (10 de decembro)
- Día Internacional da Educación (24 de xaneiro)
- Día de Rosalía (24 de febreiro)
- Día Internacional da muller (8 de marzo)
- Día Mundial da Saúde (7 de abril)
- Día do Libro (23 de abril)
- Día das Letras Galegas (17 de maio)
- Día Mundial do Medio ambiente (5 de xuño)

En relación á organización e as actividades a realizar con motivo destas conmemoracións quedan pendentes de acordar nas reunións semanais das coordinadoras de Biblioteca, Dinamización Lingüística e Actividades Extraescolares.

O resto das celebracións que figuran no calendario escolar celebraranse a nivel de aula e a biblioteca pon a disposición das titorías todos os recursos que precisen de lecturas e información para levalas a cabo.

CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

En canto aos criterios, terase en conta a dispoñibilidade do profesorado para a biblioteca, as modificacións e melloras do espazo físico e do catálogo, o funcionamento e utilidade do programa MEIGA para a catalogación, a organización e dispoñibilidade dos documentos tanto para o alumnado como para o profesorado, o nivel de formación dos usuarios, o grao de uso da biblioteca como centro de recursos do centro, o desenvolvemento do programa das actividades de animación á lectura e o nivel global de funcionamento do proxecto de Biblioteca.

Para a avaliación os instrumentos serán: as aportacións ao caderno de suxestións, a observación e rexistro dos procesos e dos resultados obtidos. A finais de curso o Equipo da Biblioteca elaborará unha memoria na que se recollerán as conclusións.

A avaliación do seguimento co fin de realizar os axustes que fosen necesarios, desenvolverase a través das reunións periódicas que levarán a cabo o Equipo de Biblioteca cos Equipos de Dinamización Lingüística, Actividades Extraescolares, mestres de nivel e Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Para a avaliación do Proxecto Lector realizaranse diferentes enquisas tanto aos departamentos como ao profesorado e ao alumnado, para establecer o grao de consecución dos obxectivos e o grao de satisfacción de todos os sectores da comunidade educativa.

EQUIPO DE APOIO DA BIBLIOTECA

A persoa dinamizadora da biblioteca escolar durante o curso 2020/21 é Remedios Pedrosa Fernández, mestra de Relixión, que dispón no seu horario de 5 períodos lectivos para desempeñar as súas funcións.

O equipo de dinamización da biblioteca está formado por:

- Iria Peteiro Rey (titora de 5ºB de EI)
- María Jesús Vila Lama (titora de 6ºA de EI)
- María del Carmen Vázquez Rial (titora de 4ºA de EI)
- María Villar Bascoy (titora de 1ºA EP)
- Rosa Mª Cajade Rodríguez (titora de 3º de EP)
- Yolanda Vilar Chento (titora de 4º de EP)
- Noelia Vázquez Rey (titora de 6ºA de EP e Coordinadora de Actividades Extraescolares)
- Manuela Pérez Rodríguez (titora de 1ºB de EP)
- María del Mar López Cea (titora de 5ºA de EP e Coordinadora do Equipo de Dinamización Lingüística)
- Remedios Pedrosa Fernández (mestra de Relixión e Coordinadora de Biblioteca).

No referente ao horario da biblioteca, esta permanecerá aberta os máximos períodos lectivos posibles, pero atendendo ás instrucións para a situación da COVID 19 no que ao espazo da biblioteca se refire, o acceso á mesma será baixo petición previa e respectando o protocolo de adaptación á covid 19 en canto ao número de usuarios na mesma franxa horaria se refire (50 % do aforo). Tamén estará a disposición do alumnado de 15:30 horas a 16:30 horas os mércores, xoves e venres no horario de xornada mixta.

Durante este curso, de xeito excepcional debido á crise sanitaria na que nos atopamos, non haberá servizo de biblioteca nos recreos.

O Equipo da Biblioteca terá unha reunión mensual xunto co Equipo de Dinamización Lingüística e actividades extraescolares para a coordinación dun mellor funcionamento e xestión da Biblioteca.

Ademais as tres persoas responsables do Equipo de Dinamización Lingüística, Actividades Complementarias e Extraescolares e Biblioteca reuniranse semanalmente.

Arzúa, a 25 de setembro do 2020
Coordinadora do Equipo de Biblioteca

Asdo: Remedios Pedrosa Fernández

1. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC



Curso 2020/2021

1. INTRODUCCIÓN

Somos plenamente conscientes da nova realidade tecnolóxica do momento. As novas irrumpiron con gran forza na nosa sociedade, introducíndose en todos os ámbitos de traballo. Evidentemente a educación non se queda a marxe, e faise necesario o desenrolo de proxectos que impulsen estas metodoloxías de traballo.

Debido á importancia social e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos nenos e nenas as novas tecnoloxías da información e comunicación, fai que deban estar presentes nos centros educativos, o cal, tal e como establece a **LOMCE** (Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa) no seu **PREÁMBULO XI**, permitirá personalizar a educación e adaptala ás necesidades e ao ritmo de cada alumno/a, de modo que adquiran os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización na vida cotiá do alumnado, nos diferentes contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer. Polo tanto, co Plan das Tecnoloxías da Información e Comunicación pretendemos que o alumnado do CEIP de Arzúa, ao rematar a Educación Primaria, e que lles permitirá estar preparados desde unha idade temperá para o seu futuro académico e profesional.

Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo intelectual implica utilizalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento.

Para que isto se poida poñer en práctica con garantía de éxito, resulta necesaria a creación dun plan de traballo nas tecnoloxías da información e da comunicación axeitado ás características do noso centro e do noso alumnado, para levar a cabo no presente curso académico 2020-2021

2. PROPÓSITOS.

O Plan TIC pretende garantir certo grado de desenvolvemento do alumnado nas competencias dixitais básicas que se pretendan de acordo co seu nivel educativo, de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios. Con esta finalidade, empregaranse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado.

O profesorado de todas e de cada unha das áreas e materias de todos os niveis educativos, incluírá nas súas programacións as actividades previstas para o presente curso académico. Deste xeito, incluírase unha das competencias clave do currículo: “a competencia dixital” establecida no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Asemade, este Decreto, no seu artigo 3 establece os obxectivos da educación primaria,

concretamente no apartado i) *Iniciarse na utilización para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.*

Polo tanto todos e cada un dos membros da comunidade educativa acadaremos unha serie de compromisos para a integración das TIC:

- Realizar inversións para acercar as Novas Tecnoloxías a todas as aulas.
- Dotar dos medios e recursos materiais necesarios para a aplicación do Plan en todos os niveis.
- Facilitar a formación do profesorado tanto no centro como fóra del
- Promover a divulgación dos materiais e proxectos realizados polo profesorado.
- Facilitar a alfabetización dixital das familias.
- Utilizar a Aula Virtual de forma sistemática para publicar contidos, propoñer actividades, notificar eventos,...
- Utilizar os recursos informáticos cos que están dotadas as aulas.
- Formarse na utilización de programas e recursos relacionados coas TIC.
- Dinamizar a páxina web do centro facilitando contidos.

3. CARACTERÍSTICAS XERAIS

O estudo inicial, tendo en conta as características de toda a comunidade, as iniciativas xa realizadas neste campo así como as expectativas e os intereses de cara ao futuro, sinala que o C.E.I.P. de Arzúa parte cunha boa disposición para o pleno desenrolo das TIC, tanto polas súas experiencias de participación en diferentes modalidades de formación por parte do profesorado do centro, como polos seus traballos didácticos colaborativos aportados á comunidade educativa en cursos anteriores.

Concretamente neste curso 2020- 2021 estamos dinamizando o emprego das novas tecnoloxías desde distintos ámbitos: estamos impulsando o uso da Aula Virtual para publicar diferentes recursos e contidos que poden ser de utilidade para o alumnado. Mediante a mesma o profesorado formarase en distintos cursos que nos permitirá perfeccionarnos na materia. Este curso contamos cunha aula EDIXGAL, mediante a cal o noso alumnado traballa integramente con ordenadores, abandonando o uso do libro de texto físico. Polo tanto o noso PFPP vai ser dirixido cara unha liña TIC na que nos introduciremos no mundo de EDIXGAL creando un grupo de traballo no cal crearemos recursos. Neste PFPP tamén traballaremos a Robótica que nos permitirá ensinarlles os nosos alumnos as distintas funcións dos robots e como poder programalos para facer distintas actividades, xa que contamos cunha dotación importante de robots.

Tamén aportar que contamos con unha dotación importante de ordenadores ABALAR que este curso van ser utilizados por alumnos de 3º e 4º de Primaria. Este recurso permitiranos iniciar o noso alumnado no mundo das novas tecnoloxías e as múltiples funcións que poden ter.

4. OBXECTIVOS XERAIS

Expoñeranse neste apartado as metas principais que se pretenden levar a cabo na realización e desenvolvemento do Plan TIC do noso centro. Plantexámonos un posibles obxectivos, intentando buscar un correcto equilibrio entre a ambición e a realidade. Podemos sinalar os seguintes obxectivos:

1. Tratamento da diversidade, a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, así como as medidas para promover a utilización das TIC en igualdade de condicións rexeitando toda actuación discriminatoria.
2. Desenvolver a competencia dixital no noso alumnado, promovendo a utilización axeitada das TIC e o desenvolvemento dun pensamento crítico e reflexivo.
3. Fomentar o uso dos medios informáticos, facilitando o acceso a esta ferramenta por parte dos alumnos como medio de apoio e reforzo das súas aprendizaxes.
4. Impulsar un uso seguro e responsable, advertindo dos riscos e perigos que poidan derivarse dun uso inadecuado dos medios informáticos.
5. Favorecer a utilización dos medios informáticos por parte do profesorado nas tarefas habituais do centro: programacións, memorias, plans, circulares, comunicacións...
6. Motivar e promocionar as vantaxes da formación do profesorado en TIC, ofrecendo axuda, cursos, tutoriais, charlas e seminarios.
7. Promover a utilización de ferramentas de software libre.
8. Facilitar, a través das TIC, a comunicación de todos os membros da comunidade educativa.
9. Analizar as necesidades, tanto de recursos como de formación.
10. Utilizar as TIC como un medio de intercambio de experiencias e aproveitar os recursos de comunicación: Aula Virtual, correo, foros...

5. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

5.1. INTEGRACIÓN CURRICULAR

- Promocionar o emprego das TIC en gran parte das intervencións educativas, intentando que estas sexan utilizadas de forma activa por parte do alumnado.
- Desenvolver no alumnado capacidades de pensamento crítico e reflexivo, onde xeneren ideas propias e autónomas.
- Capacitar os alumnos para a axeitada utilización de software, programas e entornos dixitais que favorezan a adquisición de novos coñecementos, destrezas, habilidades e capacidades.
- Promover a utilización formal e responsable de diferentes dispositivos multipantalla.
- Fomentar actitudes de respecto entre o alumnado en calquer entorno virtual.
- Capacitar ó alumnado para a análise da información que reciben ante os medios de comunicación.
- Otenciar o uso de recursos compartidos entre a comunidade educativa.
- Promover a utilización de aulas virtuais como ferramenta de apoio e reforzo entre profesores e alumnos.

5.2. INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO

- Dotar á totalidade das nosas aulas educativas con equipos informáticos e de proxección.
- Promover a mellora da conectividade do centro.
- Manter actualizado o inventario de material TIC do centro.
- Optimizar as canles de información de calquer incidencia relacionada cos recursos TIC co fin de resolvelas o máis axiña posible.

5.3. FORMACIÓN DO PROFESORADO

- Promover a utilización das TIC por parte do profesorado, motivándoos na súa formación e ampliación de coñecementos.
- Ofertar periodicamente, como centro, cursos relacionados coas TIC para a mellora da formación docente.
- Fomentar entre os membros do equipo docente e do equipo directivo a utilización daquelas ferramentas dixitais que faciliten o traballo cotidiano e diario do profesorado.
- Promover a aprendizaxe de novos programas e software relacionado co ámbito educativo que poden resultar de interese docente.
- Ofrecer información periódica sobre cursos, charlas, formación que poidera ser de interese para o equipo docente.

5.4. ENTORNO FAMILIAR E INSTITUCIONAL

- Impulsar as comunicacións nos diferentes entornos dixitais entre o noso centro e as familias, facilitando o seguimento do alumnado.
- Renovar a páxina web do centro, otorgándolle un carácter institucional e de Centro Educativo.
- Organizar o banco de material audiovisual das actividades realizadas polos alumnos.

5.5. XESTIÓN E ORGANIZACIÓN

- Utilizar as TIC e as redes sociais para a proxección exterior do noso centro.
- Poñer a disposición da comunidade educativa os documentos de centro, utilizando a páxina web.

6. ESTRATEXIAS

6.1. EQUIPO TIC

Coa finalidade de que o plan TIC do CEIP de Arzúa se desenvolva dun modo efectivo no noso centro existe un equipo TIC encargado de velar polo axeitado cumprimento e implementación de dito plan.

O equipo TIC do noso centro está conformado por un total de 15 membros que abarcan a totalidade de etapas educativas que o noso colexio ofrece. Deste modo este equipo pretende dar resposta a calquer aspecto relacionado coas TIC, polo que é convinte establecer as funcións que este equipo ten a responsabilidade:

- Levar a cabo a elaboración dun plan que contemple todos aqueles aspectos relacionados coas TIC na vida diaria do centro.
- Supervisar a axeitada implementación e desenvolvemento de dito plan no noso centro.
- Xestionar o mantemento dos recursos TIC do centro.

TEMPORALIZACIÓN	
ELABORACIÓN DO PLAN	<ul style="list-style-type: none">• O equipo TIC comeza o seu traballo no mes de setembro.• Establécense as funcións e responsabilidades que se van levar a cabo.

	<ul style="list-style-type: none"> • Iniciar o traballo na Aula Virtual. • Facer o Proxecto de Ampliación de Robótica. • Establecer as liñas de traballo do PFP.
SEGUIMIENTO	<ul style="list-style-type: none"> • Realizaranse reunións mensuais para valorar se o desenvolvemento e implementación do plan se está levando a cabo correctamente. • Abórdanse as posibles incidencias que poidan haber e as solucións que esta comisión poida adoptar. • Valoraranse as necesidades formativas derivadas do diagnóstico e análise das necesidades do profesorado e resto de membros da comunidade educativa. • Análise do uso de recurso TIC.
AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Realizarase unha valoración final ó final de cada curso do proxecto levado a cabo por este plan TIC. • Estableceranse propostas de mellora para o seguinte curso. • Prepararanse novas accións que tomar para o próximo curso que tamén se incorporarán a este plan.

- Establecer canles de comunicación entre o equipo TIC e o equipo directivo coa finalidade de tomar sempre as decisións en materia TIC que máis beneficien ó centro.
- Difundir entre os membros da comunidade educativa todas aquelas noticias, cursos de formación, concurso, proxectos, relacionados coas TIC en materia educativa que poidan resultar de interese.
- Xestionar os momentos de uso e aproveitamento dos diferentes recursos cos que conta o centro en materia TIC coa finalidade de optimizar a súa utilización.
- Controlar e tramitar as posibles incidencias derivadas da utilización dos recursos TIC por parte de calquera membro da comunidade educativa.
- Promover a integración das TIC en todos aqueles aspectos da vida do centro nos que sexa posible, facilitando ós membros da comunidade educativa a axuda para que esta tarefa poida levarse a cabo
- Manter en funcionamento e constante actualización a páxina web do centro así como a aula virtual.
- Establecer as relacións oportunas cos servizos técnicos oportunos ante calquera incidencia relacionada coas TIC do centro.

Ademáis dos responsables e funcións detalladas anteriormente, o resto dos membros TIC velarán pola supervisión e axuda a todos os membros da comunidade educativa para calquera aspecto relacionado coa integración das TIC na vida diaria do centro, promovendo así o axeitado desenvolvemento deste plan.

7. PROGRAMACIÓN XERAL DAS TIC

OBXECTIVOS

1.Potenciar e colaborar na xeneralización do aproveitamento dos recursos informáticos tanto por parte do profesorado como polo noso alumnado e as súas familias, familiarizándoos con estes e desenvolvendo hábitos, destrezas e habilidades que lle axuden a interactuar coas novas tecnoloxías da información e da comunicación.

2.Espertar o interese polo uso de internet e ofrecer pautas para acceder á información precisa e ampliar coñecementos.

3.Potenciar o emprego dos encerrados dixitais interactivos do centro.

4.Potenciar o uso do material tecnolóxico das aulas abalar en todas e cada unha das áreas.

5.Posibilitar a toda a Comunidade Educativa o acceso e a incorporación ás Tecnoloxías, facilitando o uso e manexo das ferramentas máis comúns:

-Difusión do uso dos ordenadores e programas básicos.

-Disposición dun horario de uso da aula de informática por niveis.

-Realización de actividades conxuntas dos distintos sectores usando as TIC.

6.Potenciar os procesos de formación continua do profesorado na utilización das TIC. Para isto se procurará monitorizar in situ os problemas que xurdan ou con formación específica (de ser preciso) para fomentar a autonomía do profesorado perante problemas cotiás .

7.Promover a calidade dos procesos coas novas tecnoloxías a través dunha intranet cun repositorio de contidos e servizos en rede para o profesorado e o alumnado, tanto de xeito individual como colectivo, centrado maioritariamente nas aulas abalar.

8. Dotar definitivamente a todas as titorías de EDI ou canón.

CONTIDOS

Daremos prioridade a aqueles que promovan aprendizaxes polivalentes, xeneralizables, funcionais e relevantes para o futuro e desenvolvan destrezas básicas como:

- Dominio das catro destrezas lingüísticas en castelán, galego e inglés.
- Habilidades para buscar e seleccionar información.
- Capacidade de análise e razoamento crítico.
- Capacidade de aplicar coñecementos para resolver problemas.
- Capacidade para argumentar opinión.
- Capacidade de autoaprendizaxe.
- Solventar inxerencias e satisfacer a necesidade de formación permanente.
- O traballo en equipo.
- A comunicación e convivencia con outros.
- A conciencia de comunidade e participación, actitudes de respecto e tolerancia.
- Iniciativa.
- Motivación e perseveranza no traballo.

METODOLOXÍA

Pretendemos que os alumnos se familiaricen co uso das novas tecnoloxías da información e comunicación mediante unha metodoloxía activa e participativa, na que eles se sintan protagonistas do seu proceso de ensino – aprendizaxe en todo momento. Ao mesmo tempo a práctica docente debe encamiñar este proceso de ensino- aprendizaxe a satisfacer as necesidades da vida cotiá do alumnado.

Respectaranse os contidos de cada materia, sendo o uso das novas tecnoloxías unha ferramenta máis de consecución dos obxectivos.

TRATAMENTO DA DIVERSIDADE, ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS.

· Ordenadores na Aula de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. O alumnado contará con ordenadores multimedia para poder usar os programas infomáticos interactivos máis axeitados para eles.

· Acceso aos EDI da aula de informática e audiovisuais en coordinación cos demais usuarios do centro.

- Acceso aos EDI das aulas que quedaron libres este curso (unha).
- Adquisición de Tablets para estes alumnos/as en canto sexa posíbel..
- Acceso ao software, programas e recursos específicos para as necesidades educativas do alumnado

AVALIACIÓN

Farase unha avaliación inicial para ter en conta os coñecementos previos do alumnado.

Realizaremos unha avaliación continua e formativa do proceso de ensino – aprendizaxe, valorando tanto o progreso do alumnado na consecución dos obxectivos relacionados coas novas tecnoloxías da información e comunicación como a súa actitude cara as mesmas, ademais do esforzo e traballo realizados.

A avaliación final será unha análise de todas as avaliacións levadas a cabo durante o curso académico.

PROPOSTAS DE TRABALLO E CONTIDOS NOS DIFERENTES CICLOS e NIVEIS DE EDUCACIÓN INFANTIL E EDUCACIÓN PRIMARIA

2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

OBXECTIVOS DO EQUIPO DE CICLO.

-Participar en grupos de formación.

-Utilizar a aula de informática e as EDI para reforzar contidos a través de xogos e programas educativos da etapa.

CONTIDOS QUE SE TRABALLARÁN CO ALUMNADO

-Uso do rato: Forma correcta e cómoda de usalo. Movemento. Pulsar o botón esquerdo para efectuar seleccións e executar acción. Pulsar e arrastrar para mover elementos. Dobre clic para executar accesos directos do escritorio.

-Uso do teclado: Uso de cursores para moverse pola pantalla. Uso de teclas concretas marcadas con “gomets”.

-Uso de programas informáticos sinxelos.

-O alumnado debe aprender a acender e apagar o ordenador, acceder á páxina web do centro e acceder á aula virtual.

-Realización de actividades lúdicas nas EDI.

1º e 2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

OBXECTIVOS DO EQUIPO DE NIVEL

- Participar en cursos para o profesorado.
- Adicar unha sesión de reunión de nivel ao trimestre para intercambiar experiencias e información sobre as TIC.
- Organizar grupos de traballo conxunto para mellorar a competencia dixital tanto do profesorado como do alumnado.

HABILIDADES BÁSICAS A TRABALLAR CO ALUMNADO

- Acender e apagar o ordenador.
- Uso correcto do rato: Movemento. Pulsar o botón esquerdo para seleccionar ou executar unha acción. Pulsar e arrastrar para mover elementos.
- Uso do teclado: Uso dos cursores para moverse pola pantalla. Iniciación do uso de teclado en actividades lúdicas.
- Selección de iconas do escritorio para executar programas.
- Executar programas usando un CR-ROM.
- Iniciación no uso de Internet para a procura de información sinxela.
- Uso de Internet para aproveitar páxinas dirixidas a nenos e nenas de carácter lúdico educativo ou outras actividades relacionadas cos contidos que están a traballar nas diferentes áreas.
- Difusión na web do Centro de producións do alumnado.
- Realización de distintas actividades, propostas polo profesorado, nas EDI.
- Acceder ao blogue de aula (no caso de habelo) e a aula virtual.

3º e 4º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

OBXECTIVOS DO EQUIPO DE NIVEL

- Participar en cursos para o profesorado.
- Dedicar unha sesión de reunión de nivel ao trimestre para intercambiar experiencias e información sobre as TIC.
- Organizar grupos de traballo conxunto para mellorar a competencia dixital tanto do profesorado como do alumnado.

ACTIVIDADES A REALIZAR CO ALUMNADO

- Actividades elaboradas/procuradas polo profesorado en diferentes aplicacións, para reforzo e ampliación dos contidos traballados nas distintas áreas do currículo de nivel.
- Actividades que implican o uso das catro destrezas lingüísticas en cada unha das áreas de lingua (galego – castelán –inglés).
- Uso de todos os recursos que os netbooks e outros dispositivos dixitais nos ofrecen para desenvolver a competencia dixital do alumnado.
- Procura de información básica en internet e selección da mesma para elaborar material para expoñer na aula en formato dixital, para adquirir a autonomía do alumnado nestas habilidades.
- Participación en diferentes convocatorias de innovación e novas metodoloxías TICs como Robótica, construcións micro bit, conceptos básicos de programación así como diferentes tipos de linguaxe computacional como Scratch ou Python, realidade aumentada, actividades sen conexión (unplugged) ou codificación sen tecnoloxía dixital.

- Uso de ordenadores Abalar e a introducción do LINUX. A titora de 3º plantexa outras metodoloxías TIC (Snappet, Tablets, móbiles).
- Estes ordenadores Abalar, no caso dun confinamento, tendo en conta as enquisas de conectividade e medios informáticos do alumnado, enviadas ás familias, poderán levarse para a casa, previa sinatura dun acordo de cesión, no cal as familias se comprometan a devolver o portátil nas mesmas condicións que se lles entregou.
- Uso de software de tipo lúdico que permita, por unha banda, enriquecer o vocabulario dos alumnos e alumnas, e por outra banda fomentar as catro destrezas básicas: comprensión e expresión oral e escrita.
- Realización de actividades no procesador de textos.
- Realización de distintas actividades propostas polo profesorado de acordo cos contidos traballados coa finalidade de mellorar o desenvolvemento competencial.
- Utilizar o ordenador e a lousa dixital como reprodutor de contidos multimedia: presentación de unidades didácticas, vídeos, cd`s, dvd...
- Usar os recursos dixitais para realizar exercicios de discriminación auditiva.
- Utilización de programas de debuxo como Tuxpaint, para desenvolver a capacidade de composición de formas, cores..
- Utilización da aula virtual do centro.
- Utilización da páxina web como medio de información e visualización do traballo feito na aula.
- Elaboración de vídeos/películas de animación, para a presentación de traballos en diferentes formatos: youtube, kizoa, movie maker, código QR.
- Experimentación de diferentes plataformas de ferramentas dixitais como Genially para crear recursos motivadores así como outras para actividades plásticas como poxilart.
- Emprego de plataformas para videoconferencias e mensaxería com skype, Cisco Webex, Abalar móbil, fomentando normas de seguridade no uso da internet.

5º e 6º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Tendo en conta que o centro está a levar a cabo o PROXECTO ABALAR en 6º e co PROXECTO EDIXGAL EN 5º, contamos cunha aula en 5º e outra en 6º, o que favorece en gran medida o uso das tecnoloxías da comunicación e da información en todas e cada unhas das áreas, ao dispoñer cada alumno dun netbook e cada aula dunha pizarra dixital, teñen a súa disposición continuamente material dixital.

OBXECTIVOS DO EQUIPO DE NIVEL

- Participar en cursos para o profesorado.
- Dedicar unha sesión de reunión de ciclo ao trimestre para intercambiar experiencias e información sobre as TIC.
- Organizar grupos de traballo conxunto para mellorar a competencia dixital tanto do profesorado como do alumnado.

ACTIVIDADES A REALIZAR NAS DISTINTAS ÁREAS

ÁREA DE LINGUA

- Realización de ditados con corrección ortográfica (procesador de textos).
- Utilización de Internet para realizar diferentes procuras segundo as unidades didácticas que se están a traballar na aula e actividades interactivas na aula virtual (lecturas, vídeos e actividades variadas).

- Lectura de prensa dixital.
- Realización de actividades elaboradas/procuradas polo profesorado de acordo cos temas que se están a traballar na aula.
- Presentación, por parte do alumnado, de contidos recopilados e elaborados por eles en formato dixital.
- Utilización do ordenador e da lousa dixital como reprodutor de contidos multimedia: presentacións, vídeos, documentais, cine,...

ÁREA DE MATEMÁTICAS

- Buscar en Internet páxinas educativas que traten as unidades didácticas que se teñan programadas e seleccionar a información que sexa máis conveniente, útil e interesante.
- Usar a Aula Virtual como fonte de recursos.
- Fomento do ordenador como ferramenta para a realización de cálculo mental.
- Utilización de programas de debuxo para os contidos de xeometría.
- Utilización de programas de debuxo para a representación gráfica das operacións básicas (multiplicación, división...)
- Utilización dos recursos do ordenador para a realización de diferentes actividades matemáticas.
- Resolución de actividades preparadas previamente polo profesorado.
- Utilización do ordenador e da lousa dixital como reprodutor de contidos multimedia: presentacións, vídeos, documentais, cine,...

ÁREAS DE SOCIAIS E NATURAIS

- Uso responsable do ordenador e de Internet.
- Procura de selección de información sobre os diferentes temas.
- Estudios específicos sobre temas concretos (visita a páxinas web sobre o tema a elixir, selección e comparación da información, procura de datos, imaxes e comparación con outras páxinas visitadas).
- Actitude responsable do profesorado, alumnado e familias para o uso do ordenador.
- Concienciación do alumnado sobre a información que podemos atopar en Internet das diferentes culturas, razas e crenzas, para o fomento dunha cultura da paz, a tolerancia e a responsabilidade.
- Realización de actividades elaboradas de antemán polo profesorado con variedade de programas educativos.
- Presentación, por parte do alumnado, de contidos recopilados e elaborados por eles en formato dixital.
- Utilización do ordenador e da lousa dixital como reprodutor de contidos multimedia: presentacións, vídeos, documentais, cine,...

ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

- Uso do software de tipo lúdico que permita, por unha banda, enriquecer o vocabulario do alumnado e, por outra, fomentar as catro destrezas básicas: comprensión e expresión oral e escrita.
- Uso dos recursos orais e escritos, recollidos na aula virtual, para a práctica e enriquecemento de coñecementos de lingua inglesa.
- Realización de actividades no procesador de textos para a práctica e afianzamento do vocabulario e estruturas gramaticais, así como para mellora da ortografía.

-Procura en Internet de información relacionada coas costumes, modos de vida e tradicións dos países de fala inglesa e uso da aula virtual para a realización de actividades de comprensión, expresión e e coñecemento da cultura dos países de lingua inglesa.

-Buscar e seleccionar en Internet textos sinxelos para fomentar a comprensión lectora.

-Realización de actividades elaboradas polo profesorado.

EDUCACIÓN PLÁSTICA E ARTÍSTICA

-Potenciar o uso de diferentes programas de debuxo.

-Fomentar a creación libre de actividades plásticas e artísticas, vídeos, filmes,...

RELIXIÓN

-Procura en Internet por parte do alumnado de información sobre contidos que se están a traballar (seleccionando, comparando e procurando datos e imaxes).

-Realización de actividades interactivas obtidas de blogues e páxinas web, relacionadas cos temas que se están a traballar.

-Presentación, por parte do alumnado, de contidos recopilados e elaborados por eles en formato dixital.

-Utilización do ordenador e da lousa dixital como reprodutor de contidos multimedia: presentacións, vídeos, documentais, cine,...

EDUCACIÓN FÍSICA

-Procura en Internet por parte do alumnado de información sobre contidos que se están a traballar (seleccionando, comparando e procurando datos e imaxes).

-Realización de actividades interactivas obtidas de blogues e páxinas web, relacionadas cos temas que se están a traballar.

-Presentación, por parte do alumnado, de contidos recopilados e elaborados por eles en formato dixital.

-Utilización do ordenador e da lousa dixital como reprodutor de contidos multimedia: presentacións, vídeos, documentais, cine,...

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O plan de avaliación terá carácter anual e pretenderá detectar que obxectivos foron acadados ou incumpridos. Do resultado da avaliación deste seguimento, procuraranse as estratexias que deberán adoptarse para alcanzar os non conseguidos.

A avaliación será continua e con carácter formativo mediante a observación directa.

A través das diferentes reunións dos equipos docentes recolleranse as pertinentes suxestións e observacións que vaian xurdindo.

Os posibles problemas detectados a diario, deberán ser comunicados á coordinadora TIC

Arzúa, a 27 de setembro de 2019

A coordinadora TIC

Asdo: Verónica López Vázquez

ANEXO: CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O Plan Xeral de Atención á Diversidade, tal e como recolle o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación “*é o documento en que se articula a atención á diversidade a que se refire o artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Neste plan concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado*”.

Deste xeito o Plan Xeral de Atención á Diversidade vai dirixido fundamentalmente ao alumnado que presenta **Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE)** definidas estas como:

“...aquele que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar:

- a) Necesidades Educativas Especiais: discapacidade ou trastornos graves de conducta*
- b) Dificultades específicas de aprendizaxe.*
- c) Trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH)*
- d) Altas capacidades intelectuais*
- e) Incorporación tardía ao sistema educativo*
- f) Condicións persoais ou de historia escolar*

Para que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa.”

En consecuencia, considerando a normativa citada e as características e recursos deste centro, elabórase este Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD), co norte permanente de que a diversidade é un valor, ademais dunha realidade, e a súa atención educativa, un dereito.

1. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

A identificación e valoración das necesidades do noso alumnado é fundamental para poder deseñar as medidas de atención a diversidade máis axeitadas para dar resposta.

O Decreto 229/2011, citado anteriormente define atención á diversidade como:

“O conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.”

A detección e valoración das necesidades realízase fundamentalmente mediante as seguintes actuacións:

- Observación directa.
- Detección de sinais de alerta.
- Resultados das avaliacións iniciais.
- Informes previos.
- Sesións de avaliación trimestrais.
- Avaliación final.
- Avaliación psicopedagóxica individual.

A avaliación inicial é un instrumento básico para a detección e identificación das necesidades académicas do noso alumnado. Esta contribúe ao coñecemento do alumnado por parte do profesorado, permitindo tomar decisións para a adaptación das programación de aula e a aplicación doutras medidas de atención á diversidade.

Deste xeito, isto consiste en reunir toda a información do desenvolvemento académico do alumnado e a avaliación dos coñecementos previos nas diferentes áreas curriculares permitíndonos:

- Coñecer ao alumnado de cada grupo e o seu nivel de competencia curricular.
- Coñecer as características do grupo-aula.
- Coñecer e tomar decisións respecto do alumnado que manifeste dificultade de aprendizaxe e precise de medidas de atención á diversidade.

A avaliación inicial, levada a cabo polos/as titores/as e os especialistas ao inicio do curso escolar, será o punto de partida para deseñar as medidas de atención á diversidade mais axeitada e que mellor resposta dean a cada caso en concreto.

Cada curso escolar incorporase ao centro novo alumnado que presenta Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), unha detección temperá destas, fan mais efectiva a resposta educativa que se proporcione, contribuíndo a aumentar as posibilidades de éxito deste alumnado.

Durante o curso manteranse reunións co profesorado titor/a para intercambiar información sobre o alumnado con NEAE escolarizado no seu grupo clase, así como outro alumnado no que poidan detectarse novas necesidades.

O presente curso académico prestarase especial atención a identificación daquel alumnado que presente necesidades ocasionadas pola pandemia da COVID-19.

2. OBXECTIVOS

- a) Adecuar o desenvolvemento da acción educativa á diversidade do alumnado.
- b) Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa adecuada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.
- c) Favorecer o desenvolvemento integral en coñecementos, destrezas e valores do alumnado, colaborando e apoiando ao centro e ás familias no ámbito psicopedagóxico e social nas etapas de Educación Infantil e Primaria para a formación de alumnos competentes.
- d) Personalizar os procesos de ensino-aprendizaxe para adaptarse aos requirimentos e características de cada alumno/a.
- e) Organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa adecuada a todo o alumnado, especialmente aos que presentan necesidades específicas de apoio educativo.
- f) Establecer criterios pedagóxicos que orienten a adopción de decisións respecto do alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo.
- g) Prever unha planificación que permita introducir cambios ante novas necesidades que poidan xurdir ao longo do curso.
- h) Desenvolver procesos de atención á diversidade que axuden ao alumnado a conseguir, como mínimo, os obxectivos propostos para o final de cada etapa, ofrecendo actividades e estratexias que favorezan a súa aprendizaxe e evolución.
- i) Colaborar coas titorías na mellora da calidade educativa e na avaliación e ensino do alumnado en xeral.
- j) Dar resposta ás necesidades do conxunto do alumnado do centro.

- k) Diseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá de necesidades.
- l) Adquirir, por parte de todos, unha actitude de respecto pola diversidade de opinións, motivacións, intereses...
- m) Garantir a actuación coordinada do profesorado de apoio, titores, profesorado especialista e persoal coidador para a correcta aplicación das medidas de atención á diversidade.
- n) Promover a implicación das familias no proceso educativo dos seus fillos/as.
- o) Potenciar no alumnado a adquisición de hábitos de estudo e esforzo como base para o seu progreso intelectual e persoal.
- p) Optimizar o uso dos recursos do centro na procura da mellora da eficiencia e calidade dos procesos educativos.
- q) Fomentar a participación de todo o equipo docente na elaboración e aplicación do Plan de Atención á Diversidade.
- r) Servir de guía para identificar aqueles aspectos da atención á diversidade que precisen mellores cara o curso seguinte.

3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade oscilan nun continuo que abarca desde a prevención ata a intervención directa. Isto implica que as medidas de atención a diversidade non están ligadas de xeito permanente a un/unha alumno/a, senón que pode precisar ao longo da súa escolarización distintos tipos de medidas.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro recolle no seu artigo 7 a definición de medidas de atención á diversidade:

“Enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado”.

As medidas de atención a diversidade clasifícanse en ordinarias e extraordinarias.

a) Medidas Ordinarias:

As medidas de atención á diversidade de carácter ordinario defínense no artigo 8 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro como:

“Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas”.

Entre outras, considéranse ordinarias as seguintes:

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos...) e da organización e xestión da aulas ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas ao entorno e ao alumnado.
- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titorías entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promoven a inclusión.
- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- f) Desdobramentos de grupos.
- g) Reforzo educativo e apoio ao profesorado con dispoñibilidade horaria.
- h) Programas de enriquecemento curricular.
- i) Plan específico de reforzo ou recuperación e apoio para repetidores.
- j) Programa de habilidades sociais.

b) Medidas extraordinarias

As medidas de atención á diversidade de carácter extraordinario defínense no artigo 9 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro como:

“Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado co necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na moda-

lidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.”

Son medidas extraordinarias de atención á diversidade:

- a) Adaptacións curriculares.
- b) Agrupamentos flexibles.
- c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.
- d) Flexibilización da duración do período de escolarización.
- e) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- f) Grupos de adquisición das linguas.
- g) Grupos de adaptación da competencia curricular.

4. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

Proporcionar unha resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe do alumnado é o criterio fundamental que adoptamos a fin de facilitar o logro dos obxectivos establecidos para cada etapa.

O Departamento de Orientación é o encargado de determinar a prioridade das demandas en función das características e particularidade de cada caso, determinando así a medida máis axeitada.

É importante sinalar que o apoios por parte das mestras especialistas en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe son unha medida extraordinaria, polo que deben esgotarse previamente medidas máis normalizadoras.

Os apoios dirixiranse fundamentalmente a adquisición das aprendizaxes instrumentais das linguas e matemáticas. Estes impartiranse preferentemente durante as áreas das linguas, matemáticas ou as ciencias sociais e naturais.

Os apoios fóra da aula nunca excederán no tempo a terceira parte da xornada lectiva.

O alumnado a atender e o tempo de atención a este, sempre que non se poidan satisfacer todas as necesidades, rexeranse polos seguintes principios:

- 1) Alumnado con Necesidades Educativas Especiais derivadas de discapacidade (visual, auditiva, intelectual, motora ou TEA) ou trastornos graves de conducta.
- 2) Alumnado obxecto dunha Adaptación Curricular.
- 3) Alumnado con NEAE e informe psicopedagóxico que precise atención educativa.
- 4) Continuará o alumnado que xa recibiron esta atención cursos anteriores, sempre que non se detecten casos de maior necesidade.
- 5) Priorizarase a intervención nos cursos máis baixos, comezando sempre por 1º de Educación Primaria e continuando en orde ascendente.
- 6) Na etapa de Educación Infantil só recibirán atención por parte da mestra especialista en Pedagogía Terapéutica o alumnado con NEE.
- 7) No caso do profesorado especialista de Audición e Linguaxe primarase a intervención nos primeiros cursos de Educación Primaria. Na etapa de Educación Infantil serán atendidos sempre e cando exista dispoñibilidade horaria por parte desta especialista, comezando a intervención no 6º curso de Educación Infantil.

A organización dos apoios deberá ser aberta , flexible e suxeita a modificación ao longo do curso.

5. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

Acadar o éxito no proceso de atención a diversidade implica a coordinación e cooperación de todos e todas os membros do equipo docente, esgotando en primeiro lugar as posibilidades dun determinado nivel, antes de pasar ao seguinte. Do mesmo xeito esgotaranse sempre en primeiro lugar as medidas de atención á diversidade de carácter ordinario antes de pasar ás de carácter extraordinario.

Para iso empregaranse as seguintes medidas:

1. PROFESORADO TITOR/A

O profesorado titor/a é unha figura de referencia para a totalidade de todo o alumnado do seu grupo-clase. Este/a actuará ademais como coordinador do profesorado que traballa con ese grupo e será o vínculo máis estable coas familias.

Serán polo tanto funcións do titor/a:

- Participar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e nas actividades de orientación baixo a coordinación do Xefe/a de Estudos e a colaboración do Departamento de Orientación.
- Realizar a avaliación inicial ao comezo de curso, co fin de establecer o nivel de competencia curricular do alumno/a en colaboración co resto do profesorado implicado no grupo.
- Colaborar co Departamento de Orientación na avaliación psicopedagóxica.
- Atender ás necesidades do alumnado do seu grupo-clase.
- Facilitar a integración do alumnado no grupo.
- Fomentar a participación de todo o seu alumnado nas actividades de centro.
- Coordinar o proceso de avaliación do seu alumnado.
- Informar ás familias e ao resto do profesorado do alumnado con NEAE sobre todo aquilo que lles concirna en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.

2. COORDINACIÓN DO EQUIPO DOCENTE

O equipo docente que imparta docencia nun grupo manterán intercambios de información co profesorado titor/a e coa colaboración do Departamento de Orientación (de ser necesaria) para:

- Establecer criterios comúns de actuación.
- Analizar as necesidades educativas do grupo e cada alumno/a en particular.
- Facer un posta en común das informacións que cada un/unha poida ter do grupo-clase.
- Facer unha posta en común dos resultados da avaliación inicial.
- Introducir acordos e prioridades nas distintas programacións.

3. XUNTAS DE AVALIACIÓN

Permitirán facer unha posta en común, coordinada polo respectivo titor/a, do Equipo Docente para analizar o proceso de ensino-aprendizaxe e, a partir dos datos recollidos:

- Tomar decisións conxuntas.
- Realizar o seguimento do proceso de todo o grupo e de cada alumno/a,
- Estimar o grao de competencia do alumnado.

- Valorar o progreso de cada alumno/a e establecer as medidas a adoptar e/ou a eficacia das xa adoptadas.
- Avaliar a adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás necesidades do alumnado.
- Detectar posibles novas necesidades no grupo-clase.

4. ACCIÓN TITORIAL:

Poñer en práctica as actuacións (alumnado, profesorado e familias) que recolle o Plan de Acción Titorial coa colaboración do Departamento de Orientación e coa coordinación da Xefatura de Estudos como medida que axuda á personalización e individualización do proceso de ensino-aprendizaxe en cada alumno/a.

5. PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E AUDICIÓN E LINGUAXE:

O profesorado de apoio (PT, AL...) manterá reunións de coordinación co orientador/a do centro para planificar e facer seguimento de todos os apoios específicos.

É importante que tamén manteña contactos sistemáticos cos respectivos titores/as para o seguimento da evolución do alumnado no que interveñen. A súa intervención coas familias será indirecta, xa que case sempre se canalizarán a través do titor/a correspondente.

6. ORIENTADOR/A:

É responsable da avaliación psicopedagóxica e da toma de decisións que se leven a cabo. Unha vez se poña en marcha a medida de atención á diversidade decidida, que preferiblemente debe ser consensuada co Equipo Docente, o seu papel será, especialmente, o de coordinar todo o proceso e a todos e todas os implicados.

De maneira máis específica sinalamos:

- Servir de apoio tanto ao Equipo Directivo como ao Claustro, alumnado e familias.
- Coordinar a atención ao alumnado con NEAE xunto co xefe/a de estudos e o profesorado de apoio.
- Coordinar a planificación e desenvolvemento das actividades de orientación a través do Plan de Acción Titorial e do Plan de Orientación.
- Colaborar na prevención e detección de problemas de aprendizaxe.
- Participar na planificación e desenvolvemento das medidas específicas co alumnado que o precise.
- Colaborar cos titores/as na toma de decisións de promoción final de curso.

- Coordinar a avaliación psicopedagóxica do alumnado que o precise, realizando os informes pertinentes.
- Solicitar a intervención do Equipo de Orientación Específico cando sexa preciso.

6. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.

Para establecer as coordinacións precisas levaranse a cabo as distintas reunións para potenciar a participación e colaboración de todos os axentes implicados/as:

- a) Reunións de ciclo en Educación Infantil.
- b) Reunións de nivel en Educación Primaria.
- c) Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- d) Reunións do Departamento de Orientación.
- e) Reunións da orientadora co profesorado de apoio.
- f) Reunións da orientadora co profesorado titor/a.
- g) Reunións do Claustro de profesorado.
- h) Reunións do Consello Escolar.

Ademais garántese a coordinación entre etapas a través de reunións co Departamento de Orientación do IES de Arzúa, centro ao que estamos adscrito e ao que acudirá o noso alumnado ao rematar a etapa de Educación Primaria.

7. LIÑAS DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS, TITORES/AS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

Facilitaremos a coordinación e o intercambio de información coas familias a través de:

- Reunións de titoría grupais coas familias.
- Atención ás familias en horario de 17:00 a 18:00 horas.
- Circulares informativas de centro e/ou titoría.
- Notificación a través de Abalar Móbil.

O centro potenciará tamén a necesaria colaboración con servizos externos como: EOE, Inspección educativa, Servizos Sanitarios, Servizos Sociais, etc.

8. PROTOCOLOS PARA SOLICITAR E/OU AUTORIZAR MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

Para determinar a necesidade de solicitar unha medida extraordinaria de atención á diversidade (recollidas no punto 3) seguirase o proceso que se recolle a continuación:

a) Detección das necesidades educativas do/a alumno/a por parte do/a titor/a e/ou familia.

FAMILIA: No caso de que a detección sexa por parte desta, poñeranse en contacto co profesorado titor/a do/a alumno/a a través dunha titoría.

b) O/A titor/a cubrirá o cuestionario de demanda de intervención do Departamento de Orientación.

c) O/A titor/a informará á familia da necesidade da avaliación psicopedagóxica do/a seu/súa fillo/a.

Previamente a calquera actuación a familia firmará a súa conformidade ou desconformidade coa solicitude de avaliación así como estar informados da mesma.

d) Realización da avaliación psicopedagóxica e correspondente informe por parte da xefatura do departamento de orientación.

e) O profesorado e a familia do alumnado serán informados dos resultados da mesma, así como das medidas propostas.

No caso das familias do alumno/a en cuestión, tal e como recolle o *artigo 35 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia* teñen dereito a unha copia do mesmo.

Para recibir unha copia do informe deberán facer unha solicitude por escrito así como asinar un documento de recibín no momento de recollida do mesmo.

f) O informe psicopedagóxico forma parte do expediente do/a alumno/a en cuestión, permanecendo no arquivo custodia do departamento de orientación.

É importante sinalar que en ocasións, o proceso de avaliación psicopedagóxica realízase de xeito coordinado cos profesionais sanitarios. É moi frecuente que os resultados da avaliación psicope-

dagóxica detecten indicios dun posible trastorno ou dificultade que debe ser abordado desde a área sanitaria.

As demandas ao Departamento de Orientación realízanse unha vez esgotadas as medidas levadas a cabo polo titor/a.

9. PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade debe axustarse á realidade cambiante do centro.

Deste xeito o Plan de Atención á Diversidade estará suxeito a un proceso continuo de seguimento e avaliación de tal forma que, anualmente, se establezan as modificacións e áreas de mellora pertinentes para axustar a resposta educativa ás necesidades do propio centro e do alumnado que nel se atopan escolarizado.